



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 20 de outubro de 2023 (1561/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte de outubro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego (R.A. 19/10/2023), por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(850).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 13 de outubro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(851).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS ASOCIADOS AO ASESORAMENTO E ADAPTACIÓN AO MARCO NORMATIVA EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS. EXPTE. 10161/113.**

Visto o informe xurídico de data 06/10/2023 e o informe de fiscalización do 16/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/09/2023, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

1.- En data 26/07/2023 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación dos Servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/07/2023, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/07/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 03/08/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 09/08/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria xustificativa do contrato de data 20/09/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 21/09/2023, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 21/09/2023.

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.**- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos



## Concello de Vigo

previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 19, 20 e 28 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023. A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 26/07/2023 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

## ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación dos Servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos.

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/07/2023, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/07/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 03/08/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 09/08/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria xustificativa do contrato de data 20/09/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 21/09/2023, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 21/09/2023.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **30.000,00 €**, que inclúe un IVE de **5.206,61 €**, dende o 15 de decembro de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2024	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270603	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **3(852).- ACORDO DE COLABORACIÓN CO SERGAS: ADSCRICIÓN DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS – CEDRO COMO DISPOSITIVO DOCENTE ASOCIADO NO PROCEDIMENTO DE ACREDITACIÓN DA UNIDADE DOCENTE MULTIPROFESIONAL DE SAÚDE MENTAL. EXPTE. 2967/315.**

Dáse conta do informe-proposta de data 17/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de CEDRO, o xefe de Área de Benestar Social e polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social e conformado pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### I. INFORME

I.1. Con data 14.09.2023, o responsable de Área de saúde mental de Vigo achega solicitude de colaboración da Unidade Asistencial de Drogodependencias – CEDRO para a súa adscripción como dispositivo docente asociado no procedemento en curso de acreditación da Unidade Docente Multiprofesional de Saúde Mental.

I.2. A documentación necesaria para o expediente de acreditación de dispositivos docentes consiste nun formulario xeral de acreditación acompañado de:

- 1.- Informe da Comunidade Autónoma.
- 2.- Informe da Entidade Titular da Unidade Docente acreditada.
- 3.- Acta da Comisión de Docencia da Unidade Docente acreditada.
- 4.- Informe favorable da Entidade Titular do dispositivo. Se o dispositivo pertence a un centro sanitario acreditado para a formación sanitaria especializada, informe favorable da Comisión de Docencia do mesmo
- 5.- Se a titularidade do Dispositivo Docente é distinta da Unidade Docente acreditada:

- Acordo/concerto docente subscrito polas Entidades Titulares da Unidade Docente Acreditada e do Dispositivo.
- Se o dispositivo que se quere asociar está situado nunha CA distinta á da Unidade Docente Acreditada, requírese informe favorable do organismo competente en materia de formación sanitaria especializada da Comunidade Autónoma á que pertence o Dispositivo.

6.- Formulario específico de Dispositivo Docente.

7.- Guía ou itinerario formativo da especialidade na que se incorpore a programación (obxectivos docentes, ano de formación e duración) da instancia formativa no dispositivo que pretende acreditarse.

8.- Táboa resume que se incluírá nas especialidades que forman parte das Unidades Docentes Multiprofesionais. Tamén se incluírá cando o dispositivo se incorpore a unha Unidade Docente que se transformou en multiprofesional.

I.3. Neste procedemento, corresponde ó Concello de Vigo, como titular da Unidade Asistencial de Drogodependencias, chegar a documentación referida nos puntos 4, 5 e 6 do parágrafo anterior.

I.4. Tendo en conta que o Art. 125 da L.8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia establece que o Sistema Público de Saúde de Galicia estará en disposición de ser aproveitado para a docencia de pregrado e de posgraduado, conforme ó previsto na L.14/1986, do 25 de abril, xeneral de sanidade e na normativa reguladora das profesións sanitarias e que se establecerán a este efecto os convenios de co-

laboración que correspondan e de acordo tamén co establecido no Art. 104 da L.14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, no Art. 34.b) da L.16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde e no Art. 12.c) da L.44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, considérase conveniente que por parte do Concello de Vigo se solicite a incorporación de CEDRO ó procedemento de acreditación de “Unidade Docente Multiprofesional (UDM) de Saúde Mental”, en calidade de dispositivo docente asociado.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

**PRIMEIRO:** Solicitar, como Administración titular da Unidade Asistencial de Drogodependencias (n.º rexistro: C-36-000142) do centro CEDRO, a súa incorporación ó procedemento de acreditación de “Unidade Docente Multiprofesional (UDM) de Saúde Mental”, en calidade de dispositivo docente asociado, para a colaboración e participación no sistema de formación sanitaria especializada para as especialidades de psiquiatría, psicoloxía clínica e enfermaría en Saúde Mental.

**SEGUNDO:** Subscribir o acordo de colaboración que figura como Anexo a este Acordo co Servizo Galego de Saúde (SERGAS), como entidade titular da Unidade Docente á que se adscribe a Unidade Asistencial de Drogodependencias - CEDRO, no que se especifican os obxectivos docentes, a duración das estanzas formativas, a capacidade docente do dispositivo e os recursos docentes que se achegan.

**TERCEIRO:** Cumplimentar o correspondente formulario específico de acreditación doutros dispositivos da UDM de Saúde Mental.

**CUARTO:** Da incorporación a este proceso de acreditación e da subscripción do mencionado acordo de colaboración entre as partes non se derivará para o Concello de Vigo relación contractual ningunha ou obriga doutra natureza cara ás persoas beneficiarias da actividade docente, nin gasto financeiro asociado de ningún tipo, limitándose o consentimento municipal de xeito exclusivo á colaboración necesaria por parte da Unidade Asistencial de Drogodependencias - CEDRO para a impartición de formación regulada ós/ás residentes das especialidades mencionadas no punto primeiro e adscritos á UDM de Saúde Mental.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(853).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE XESTIÓN INTEGRAL E MANTEMENTO DE SISTEMAS DE REGULACIÓN E CONTROL DO TRÁFICO NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 133991/210.**

Visto o informe de fiscalización do 29/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 25/08/2023, asinado pola xefa de Área de contratación e Novos Proxectos e



## Concello de Vigo

conformado polo concelleiro da Área de Goberno (Resolución 10/08/2023) e pola letrada-xefa de Asesoramento, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizos de xestión integral e mantemento de sistemas de regulación e control do tráfico no Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto de servizos de xestión integral e mantemento de sistemas de regulación e control do tráfico no Concello de Vigo (PPT)
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia
- Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, polo que se establece o procedemento e o formato da información que deben facilitar as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e da execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, sobre a análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Lei 7/2021 de 21 de maio, do Cambio Climático e Transición Enerxética (LCCTE)
- Real Decreto 1052/2022 de 27 de decembro,

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 26 de marzo de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación de servizos de xestión integral e mantemento de sistemas de regulación e control do tráfico no Concello de Vigo.

**Segundo.-** O 4 de xuño de 2019 a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. e ETRA INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO, S.A. o procedemento aberto para a contratación de servizos de xestión integral e mantemento de sistemas de regulación e control do tráfico no Concello de Vigo (105.916-210) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 35.659.552,38 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.188.847,93 euros.
- b) Propón como porcentaxe única de redución do prezo de mantemento de túneles existentes actualmente na cidade o de 14,2 %.
- c) Propón como porcentaxe única de redución dos prezos unitarios sinalados no Anexo 3.A do PPT para remodelacións e novas instalacións do 10,8 %.
- d) Propón como cantidade máxima anual (non acumulable) non subvencionada destinada a investir en proxectos subvencionados por entidades nacionais ou europeas nas cales o adxudicatario estea disposto a participar como Partner 100.000,00 euros (IVE incluído).
- e) Propón destinar 5 vehículos eléctricos ao servizo.
- f) Propón a cantidade anual de 240 unidades de subministro e reposición de ópticas de semáforos tipo LED debido ao fin da súa vida útil.”

O prazo do contrato previsto é de cento dous meses, comenzando a súa execución o día 1 de xullo de 2019.

**Terceiro.-** En data 25 de agosto de 2023 o xefe da área de Seguridade, o xefe da área de Inversións e o enxeñeiro técnico municipais solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor das seguintes circunstancias:

- A aprobación da Lei 7/2021 de 21 de maio, do Cambio Climático e Transición Enerxética (LCCTE), e do seu regulamento de desenvolvemento e o seu regulamento de desenvolvemento, o Real Decreto 1052/2022 de 27 de decembro, que obrigan a instauración de zonas de baixas emisións (ZBE en adiante) no término municipal de Vigo antes do ano 2023. En cumprimento desta normativa están desenvolvéndose as actuacións necesarias para a implantación de catro ZBE ( expedientes 130764-210 e 1383-441).
- A concesión da subvención de 4.055.281,05 €, outorgada por Resolución de data 17 de xullo de 2023 do Secretario de Estado do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao Concello de Vigo no marco da Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto (expediente 1383-441), para o financiamento do Programa municipal para a implantación de zonas de baixas emisións, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.





## Concello de Vigo

**Cuarto.-** Con data 25 de agosto de 2023 a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 23 de xuño de 2023.

**Quinto.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en data 25 de agosto de 2023.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

#### Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por

imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

No caso que nos ocupa, o prego non prevé a modificación do contrato, polo que teremos que analizar se a modificación pretendida ten encaixe nos supostos de modificacións non previstas contemplados no artigo 205 da LCSP.

As modificacións propostas teñen dous obxectivos:

- Incluír no contrato as prestacións necesarias para a implantación de zonas de baixas emisións no término municipal de Vigo (apartado 1).
- Cumprir coas obrigas impostas polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e a normativa interna de transposición (Real Decreto-Lei 36/2020, Orde HFP/1030/2021 e Orde HFP/1031/2021) ( apartados 2, 3 e 4).

As modificacións son as seguintes:

**1.- Incluír no contrato as prestacións necesarias para a implantación e control de zonas de baixas emisións no termo municipal de Vigo, relacionadas na seguinte táboa:**

	PRECIO UNITARIO	UD.	IMPORTE
<b>CAPÍTULO 1. EQUIPAMIENTO CENTRAL Y SOFTWARE</b>			
SERVIDOR DE VIDEO CENTRAL DE 128TB	98.353,50 €	3,00	295.060,50 €
ADAPTACIÓN MISTRAL: INTEGRACIÓN EN MISTRAL DE VERTICAL DE ZBE Y PROVISIÓN DE WEB SERVICES PARA VISUALIZACIÓN EN WEB Y APP MUNICIPAL O PLATAFORMA SMART	237.836,01 €	1,00	237.836,01 €
Lincencia Módulo ZBE MISTRAL	114.565,58 €		
Integración de verticales: 47 Terminales de control	72.956,52 €		



## Concello de Vigo

	PRECIO UNITARIO	UD.	IMPORTE
31 puntos de entrada 34 puntos de salida 9 accesos parking 4 estaciones medición calidad aire 5 PMVs urbanos			
Integración con servicios web municipales	<b>14.696,50 €</b>		
Integración con APP municipal o plataforma Smart	<b>11.138,40 €</b>		
Servicios de puesta en marcha	<b>13.839,70 €</b>		
Integración con APP Vigo Driving	<b>10.664,78 €</b>		
INTEGRACION CON EL GIP PARA ENVÍO DE MENSAJES COMBINADOS AUTOMÁTICOS A PANELES	<b>30.940,00 €</b>	<b>1,00</b>	<b>30.940,00 €</b>
GATEWAY SOFTWARE PARA INTEGRACIÓN CON SISTEMA DE SANCIONES MUNICIPAL.	<b>26.180,00 €</b>	<b>1,00</b>	<b>26.180,00 €</b>
ESTACIÓN DE TRABALLO	<b>3.388,48 €</b>	<b>1,00</b>	<b>3.388,48 €</b>
MONITOR PARA ESTACIÓN DE TRABALLO	<b>452,60 €</b>	<b>1,00</b>	<b>452,60 €</b>
SFP FIBRA ÓPTICA 1GB	<b>968,14 €</b>	<b>10,00</b>	<b>9.681,40 €</b>
MANO DE OBRA DE INSTALACIÓN, PUESTA EN MARCHA Y FORMACIÓN	<b>5.347,22 €</b>	<b>1,00</b>	<b>5.347,22 €</b>
Suministro e instalación de videowall 1x4 cubos. Totalmente instalado y funcionando.	<b>52.287,58 €</b>	<b>1,00</b>	<b>52.287,58 €</b>
<b>TOTAL EQUIPAMIENTO CENTRAL Y SOFTWARE</b>			<b>661.173,79 €</b>
<b>CAPÍTULO 2. EQUIPAMIENTO ZBE</b>			
Ud. Suministro y Montaje nuevo Terminal de Control de accesos e información al ciudadano zona cero emisiones totalmente instalado. Centro: 15 uds. Bouzas: 12 uds. Calvario: 14 uds. Plaza Portugal: 6 uds.	<b>19.759,47 €</b>	<b>47</b>	<b>928.695,09 €</b>
Ud. Suministro y montaje punto de control zona básica tipo ENTRADA 1 o 2 carriles compuesto por dispositivos de lectura de matrículas de alta resolución 5MP sensor CMOS dotada de cámara de entorno IP PoE, cámara lectura de matrícula IP PoE, OCR e iluminador integrado, módulo de autodiagnóstico. Se incluye el suministro y montaje de los elementos necesarios para su correcta instalación tales como báculos, pórticos y/o banderolas, totalmente instalado y funcionando Centro: 11 uds. Bouzas: 8 uds. Calvario: 8 uds. Plaza Portugal: 4 uds.	<b>13.929,41 €</b>	<b>31</b>	<b>431.811,71 €</b>

	<b>PRECIO UNITARIO</b>	<b>UD.</b>	<b>IMPORTE</b>
Ud. Suministro y montaje punto de control zona básica tipo SALIDA 1 o 2 carriles compuesto por dispositivos de lectura de matrículas de alta resolución 5MP sensor CMOS dotada de cámara de entorno IP PoE, cámara lectura de matrícula IP PoE, OCR e iluminador integrado, módulo de autodiagnóstico. Se incluye el suministro y montaje de los elementos necesarios para su correcta instalación tales como báculos, pórticos y/o banderolas, totalmente instalado y funcionando. Centro: 14 uds. Bouzas: 6 uds. Calvario: 9 uds. Plaza Portugal: 5 uds.	<b>13.929,41 €</b>	<b>34</b>	<b>473.599,94 €</b>
Ud. Suministro y montaje punto de control de acceso zona básica tipo PARKING compuesto por un dispositivo de lectura de matrículas de alta resolución 5MP sensor CMOS dotada de cámara de entorno IP PoE, cámara lectura de matrícula IP PoE, OCR e iluminador integrado, módulo de autodiagnóstico. Se incluye el suministro y montaje de los elementos necesarios para su correcta instalación tales como báculos, pórticos y/o banderolas, totalmente instalado y funcionando. Centro: 7 uds. Bouzas: 0 uds. Calvario: 2 uds.	<b>8.254,14 €</b>	<b>9</b>	<b>74.287,26 €</b>
Ud. Suministro y montaje estación calidad del aire y parámetros meteorológicos dotada de sensores de CO, NO, NO2, O3, PM1,0, PM2,5, PM10, temperatura, humedad, presión atmosférica, punto de rocío y sistema de monitoreo del ruido ambiental (1 por zona)	<b>14.018,20 €</b>	<b>4</b>	<b>56.072,80 €</b>
Ud. Suministro y montaje Switch industrial gestionable equipado con 8 puertos 10/100/1000 RJ-45 POE y rango de temperatura extendido -40°C-75°C.	<b>1.011,80 €</b>	<b>47</b>	<b>47.554,60 €</b>
Software de gestión de la ZBE zona cero emisiones ciudad de Vigo y desarrollo de políticas de movilidad. Totalmente instalado, configurado y puesto en servicio, incluidas cuantas homologaciones sean necesarias para cumplir con la legislación vigente con PP de licencia por punto de acceso.	<b>535.738,00 €</b>	<b>1</b>	<b>535.738,00 €</b>
PA para señalización horizontal y vertical zona cero emisiones ZBE (35 puntos de control)	<b>34.878,90 €</b>	<b>1</b>	<b>34.878,90 €</b>
PMV URBANO 1 GRÁFICO 48X176, IP, PROTOCOLO DGT incluyendo soporte monoposte Centro: 3 uds. Bouzas: 1 uds. Calvario: 1 uds.	<b>26.854,90 €</b>	<b>5</b>	<b>134.274,50 €</b>
SWITCH CAPA 3 48 PORTOS 10/100/1000, 4 SFP 10 GB (1 por zona + 1 en sala)	<b>8.032,50 €</b>	<b>5</b>	<b>40.162,50 €</b>
M.I. CABLE RV-K 0,6/1KV, de 2 x 6.	<b>1,93 €</b>	<b>7.790</b>	<b>15.034,70 €</b>
M.I. CABLE H07V-K 750V 1x16 TOMATERRA AMARILLO-VERDE.	<b>2,49 €</b>	<b>3.613</b>	<b>8.996,37 €</b>



## Concello de Vigo

	PRECIO UNITARIO	UD.	IMPORTE
PICA TOMA TERRA	14,72 €	47	691,84 €
ML CABLE 12 F.O. MONOMODO	2,52 €	10.322	26.011,44 €
MI CABLE UTP CAT 6 EXTERIORES OU INTERIORES CONECTORIZADO	2,62 €	12.560	32.907,20 €
COORDINACIÓN, MANO DE OBRA Y MEDIOS AUXILIARES PARA INSTALACIÓN, PUESTA EN MARCHA Y FORMACIÓN	345.810,43 €	1	345.810,43 €
COORDINADOR TÉCNICO (ingeniero Telecomunicaciones TIEMPO COMPLETO UN AÑO)	61.051,36 €		
Encargado	55.550,35 €		
Equipo 3 técnicos trabajos de instalaciones a pie de calle 1 año completo	106.694,98 €		
Equipo 3 técnicos trabajos de instalaciones a pie de calle (refuerzo para finalizar dentro del 2023)	37.343,24 €		
Vehículos (3 por un año) con PP combustible	11.424,00 €		
Medios elevación alquiler	4.284,00 €		
Horas Puesta en marcha por técnicos especialistas del fabricante y formación	36.389,75 €		
Participación de técnicos de prevención, calidad y administración (1 año)	33.072,74 €		
<b>TOTAL CAPÍTULO 2. EQUIPAMIENTO ZBE</b>			<b>3.186.527,28 €</b>
<b>CAPÍTULO 3. CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN AL USUARIO</b>			
PA. Campañas de comunicación al ciudadano y servicios de evaluación y resultado de las medidas adoptadas.	47.058,82 €	1	47.058,82 €
<b>CAPÍTULO 3. CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN AL USUARIO</b>			<b>47.058,82 €</b>
<b>CAPÍTULO 4. PANELES CONTAJE BICICLETAS</b>			
Ud. Suministro y montaje panel información contaje de bicicletas y vehículos VMP compuesto por tótem de información doble cara, intemperie, pantalla led vertical 65", 2.500 cd/m2, PC gestión de contenido y dispositivo de conteo de bicicletas modelo LSR-2001-BY-2 del fabricante o equivalente. Totalmente instalado y funcionando. (1 por zona)	38.921,33 €	3	116.763,99 €
<b>CAPÍTULO 4. PANELES CONTAJE BICICLETAS</b>			<b>116.763,99 €</b>
<b>CAPÍTULO 5 OBRA CIVIL</b>			
M.I. de canalización en acera de 40x70 cms., formada por 1 tubo de PVC de 110 mm. de dm. con dado de hormigón HM-20 de 30 cms. Incluso excavación colocación alambre guía, compactación, transporte, de escombros a vertedero, con base de hormigón de 10 cm. de espesor.	121,46 €	380	46.154,80 €
M.I. de canalización en acera de 40x70 cms., formada por 2 tubos de PVC de 110 mm. de dm. con dado de hormigón HM-20 de 30 cms. Incluso excavación colocación alambre guía, compactación, transporte,	124,19 €	2.300	285.637,00 €

	PRECIO UNITARIO	UD.	IMPORTE
de escombros a vertedero, con base de hormigón de 10 cm. de espesor.			
M.I. canalización en calzada de 50X110 cms., formada por 3 tubos de PVC de 110 mm. de dm. Incluso relleno de hormigón HM-20 hasta la superficie, colocación alambre guía, transporte de escombros a vertedero y reposición aglomerado.	249,84 €	190	47.469,60 €
Base de regulador de 30x70x25 aproximadamente y según plantilla, construida en hormigón HM-20. Incluso colocación de dos codos de 90 y 100 mm. de dm. excavación y transporte de escombros a vertedero.	299,07 €	60	17.944,20 €
Base de columna semafórica de 100x100x1200, construida en hormigón HM-20. Incluso colocación de un codo de 90 y 100 mm. de dm. colocación de pernos según plantilla, excavación y transporte de escombros a vertedero y reposición de baldosa, si la hay.	648,26 €	75	48.619,50 €
Base de panel informativo de 90x90x120mm, construida en hormigón HM-20. Incluso colocación de un codo de 110 mm. de dm., colocación de pernos según plantilla, excavación y transporte de escombros a vertedero y reposición de baldosa, si la hay.	622,56 €	6	3.735,36 €
Arqueta de registro de 60 x 60 x 120 cm. construida en hormigón HM-20.	284,31 €	75	21.323,25 €
Cerco y tapa de 60x60 cm. de fundición DÚCTIL con inscripción Señales de Tráfico. Con inscripción "señales de tráfico" y escudo de Vigo. 12,5 tn.	164,02 €	75	12.301,50 €
Arqueta de registro de 40 x 40 x 80 cm. construida en hormigón HM-20.	170,60 €	47	8.018,20 €
Cerco y tapa de 40x40 cm. de fundición DÚCTIL con inscripción Señales de Tráfico. Con inscripción "señales de tráfico" y escudo de Vigo. 12,5tn.	66,82 €	47	3.140,54 €
<b>CAPÍTULO 5 OBRA CIVIL</b>			<b>494.343,95 €</b>
	SUMA		4.505.867,83 €
	21% IVA		946.232,24 €
	TOTAL		5.452.100,07 €

**2.- Incluir no apartado 16.B da FEC como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas o financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, de acordo coa normativa de aplicación, as seguintes:**

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.
- Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021,



## Concello de Vigo

polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.

- Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais. Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da “Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (2021/C 58/01) e da “Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente”, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.
- Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.
- Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.
- Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.
- Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**3.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:**

- Establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.
- Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

**4.- Modificar o apartado 3.J das FEC facendo constar que este contrato será cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU, figurando no devandito Plan na Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas” na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.**

Establece o citado artigo 205, que as as modificacións non previstas no PCAP só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Segundo o apartado 2 do mesmo artigo, os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes:

- a) Cando deviñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os dous requisitos contemplados na LCSP.
- b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que





## Concello de Vigo

tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
  2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
  3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.
- c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Á vista do previsto no artigo 205 da LCSP, a modificación obxecto deste informe ten encaixe no apartado 2.b “Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato”. Tanto a aprobación da Lei 7/2021 de 21 de maio, do Cambio Climático e Transición Enerxética (LCCTE), e do seu regulamento de desenvolvemento, o Real Decreto 1052/2022 de 27 de decembro, que obrigan a instauración de zonas de baixas emisións, como a concesión da subvención de 4.055.281,05 €, outorgada por Resolución de data 17 de xullo de 2023 do Secretario de Estado do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao Concello de Vigo para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, son circunstancias imprevisibles para unha Administración dilixente. Con relación ao requisito de que a modificación non altere a natureza global do contrato, o citado informe técnico manifesta que:

*“A alteración da natureza global do contrato ten lugar cando se cambian de modo substancial as prestacións que constituían o seu obxecto primixenio, ou cando se cambia a natureza do contrato, que pasaría a ser doutro tipo distinto do que se licitou inicialmente (Considerando 109 da Directiva 2014/24/UE).*

*Coa modificación proposta, e no sentido preciso da LCCTE as prestacións obxecto do contrato inicial (arts. 1, 2 e concordantes do PPT) manteñense no substancial, pois operando sobre unha mesma realidade, a ordenación técnica da circulación de vehículos e peóns, aquela unicamente introduce a obrigatoriedade da nova dimensión medioambiental inherente a esta.*

*Non hai pois servizos novos, e o contratista actualiza o seu deber de prestar o servizo conforme ao estado da técnica ou lex artis e das sucesivas esixencias normativamente establecidas”.*

Por último, con relación ao requisito de que a modificación do contrato non implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído, se xustifica no citado informe que:

- Importe total do contrato adxudicado: 29.470.704,45 € (35.659.552,38 € con IVE)
- Importe total da proposta de modificación: 4.505.867,45 (5.452.100,07 € con IVE)
- % da proposta de modificación sobre o importe total da adxudicación: 15,29 %

A modificación imputarase á aplicación orzamentaria 1320.609.00.00  
“Proxecto baixas emisións Next Generation”, segundo as seguintes anualidades:

- 2023: 4.720.199,41 €
- 2024: 731.900,66 €”

### -III-

#### **Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- **Límites materiais:** os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a contía da modificación é inferior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato.

Consta no expediente a conformidade do contratista, en escrito presentado o

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: a instalación de zonas de baixas emisións, en cumprimento da Lei 7/2021 de 21 de maio, do Cambio Climático e Transición Enerxética (LCCTE) e o Real Decreto 1052/2022 de 27 de decembro, así como a concesión da subvención de 4.055.281,05 €, outorgada por Resolución de data 17 de xullo de 2023 do Secretario de Estado do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao Concello de Vigo para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do PRTR Next GenerationEU.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación supón variación do prezo do contrato é preciso compensar ao contratista.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, ao tratarse dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP) a



## Concello de Vigo

formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da súa aprobación ao contratista.

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

### **-IV-**

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

### **-V-**

#### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

### **-VI-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

### **-VII-**

#### **Proposta de resolución**

A vista do exposto, propónse á concelleira delegada de Contratación a adopción da seguinte resolución:

**“1º.-Modificar o contrato dos servizos de xestión integral e mantemento de sistemas de regulación e control do tráfico no Concello de Vigo, co fin de incluír no contrato as prestacións necesarias para a implantación de zonas de baixas emisións no término municipal de Vigo, así como de cumprir coas obrigas impostas polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e a normativa interna de transposición por mor de que este contrato será cofinanciado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU.**

**2º.- A modificación consiste en:**

**1.-Incluír no contrato as prestacións necesarias para a implantación e control de zonas de baixas emisións no termo municipal de Vigo relacionadas na seguinte táboa:**

	PRECIO UNITARIO	UD.	IMPORTE
<b>CAPÍTULO 1. EQUIPAMIENTO CENTRAL Y SOFTWARE</b>			
SERVIDOR DE VIDEO CENTRAL DE 128TB	98.353,50 €	3,00	295.060,50 €
ADAPTACIÓN MISTRAL: INTEGRACIÓN EN MISTRAL DE VERTICAL DE ZBE Y PROVISIÓN DE WEB SERVICES PARA VISUALIZACIÓN EN WEB Y APP MUNICIPAL O PLATAFORMA SMART	237.836,01 €	1,00	237.836,01 €
Lincencia Módulo ZBE MISTRAL	114.565,58 €		
Integración de verticales: 47 Terminales de control 31 puntos de entrada 34 puntos de saída 9 accesos parking 4 estaciones medición calidad aire 5 PMVs urbanos	72.956,52 €		
Integración con servizos web municipais	14.696,50 €		
Integración con APP municipal o plataforma Smart	11.138,40 €		
Servizos de puesta en marcha	13.839,70 €		
Integración con APP Vigo Driving	10.664,78 €		
INTEGRACION CON EL GIP PARA ENVÍO DE MENSAJES COMBINADOS AUTOMÁTICOS A PANELES	30.940,00 €	1,00	30.940,00 €
GATEWAY SOFTWARE PARA INTEGRACIÓN CON SISTEMA DE SANCIONES MUNICIPAL.	26.180,00 €	1,00	26.180,00 €
ESTACIÓN DE TRABAJO	3.388,48 €	1,00	3.388,48 €



## Concello de Vigo

	PRECIO UNITARIO	UD.	IMPORTE
MONITOR PARA ESTACIÓN DE TRABALLO	452,60 €	1,00	452,60 €
SFP FIBRA ÓPTICA 1GB	968,14 €	10,00	9.681,40 €
MANO DE OBRA DE INSTALACIÓN, PUESTA EN MARCHA Y FORMACIÓN	5.347,22 €	1,00	5.347,22 €
Suministro e instalación de videowall 1x4 cubos. Totalmente instalado y funcionando.	52.287,58 €	1,00	52.287,58 €
<b>TOTAL EQUIPAMIENTO CENTRAL Y SOFTWARE</b>			<b>661.173,79 €</b>
<b>CAPÍTULO 2. EQUIPAMIENTO ZBE</b>			
Ud. Suministro y Montaje nuevo Terminal de Control de accesos e información al ciudadano zona cero emisiones totalmente instalado. Centro: 15 uds. Bouzas: 12 uds. Calvario: 14 uds. Plaza Portugal: 6 uds.	19.759,47 €	47	928.695,09 €
Ud. Suministro y montaje punto de control zona básica tipo ENTRADA 1 o 2 carriles compuesto por dispositivos de lectura de matrículas de alta resolución 5MP sensor CMOS dotada de cámara de entorno IP PoE, cámara lectura de matrícula IP PoE, OCR e iluminador integrado, módulo de autodiagnóstico. Se incluye el suministro y montaje de los elementos necesarios para su correcta instalación tales como báculos, pórticos y/o banderolas, totalmente instalado y funcionando Centro: 11 uds. Bouzas: 8 uds. Calvario: 8 uds. Plaza Portugal: 4 uds.	13.929,41 €	31	431.811,71 €
Ud. Suministro y montaje punto de control zona básica tipo SALIDA 1 o 2 carriles compuesto por dispositivos de lectura de matrículas de alta resolución 5MP sensor CMOS dotada de cámara de entorno IP PoE, cámara lectura de matrícula IP PoE, OCR e iluminador integrado, módulo de autodiagnóstico. Se incluye el suministro y montaje de los elementos necesarios para su correcta instalación tales como báculos, pórticos y/o banderolas, totalmente instalado y funcionando. Centro: 14 uds. Bouzas: 6 uds. Calvario: 9 uds. Plaza Portugal: 5 uds.	13.929,41 €	34	473.599,94 €

	<b>PRECIO UNITARIO</b>	<b>UD.</b>	<b>IMPORTE</b>
Ud. Suministro y montaje punto de control de acceso zona básica tipo PARKING compuesto por un dispositivo de lectura de matrículas de alta resolución 5MP sensor CMOS dotada de cámara de entorno IP PoE, cámara lectura de matrícula IP PoE, OCR e iluminador integrado, módulo de autodiagnóstico. Se incluye el suministro y montaje de los elementos necesarios para su correcta instalación tales como báculos, pórticos y/o banderolas, totalmente instalado y funcionando. Centro: 7 uds. Bouzas: 0 uds. Calvario: 2 uds.	<b>8.254,14 €</b>	<b>9</b>	<b>74.287,26 €</b>
Ud. Suministro y montaje estación calidad del aire y parámetros meteorológicos dotada de sensores de CO, NO, NO2, O3, PM1,0, PM2,5, PM10, temperatura, humedad, presión atmosférica, punto de rocío y sistema de monitoreo del ruido ambiental (1 por zona)	<b>14.018,20 €</b>	<b>4</b>	<b>56.072,80 €</b>
Ud. Suministro y montaje Switch industrial gestionable equipado con 8 puertos 10/100/1000 RJ-45 POE y rango de temperatura extendido -40°C-75°C.	<b>1.011,80 €</b>	<b>47</b>	<b>47.554,60 €</b>
Software de gestión de la ZBE zona cero emisiones ciudad de Vigo y desarrollo de políticas de movilidad. Totalmente instalado, configurado y puesto en servicio, incluidas cuantas homologaciones sean necesarias para cumplir con la legislación vigente con PP de licencia por punto de acceso.	<b>535.738,00 €</b>	<b>1</b>	<b>535.738,00 €</b>
PA para señalización horizontal y vertical zona cero emisiones ZBE (35 puntos de control)	<b>34.878,90 €</b>	<b>1</b>	<b>34.878,90 €</b>
PMV URBANO 1 GRÁFICO 48X176, IP, PROTOCOLO DGT incluyendo soporte monoposte Centro: 3 uds. Bouzas: 1 uds. Calvario: 1 uds.	<b>26.854,90 €</b>	<b>5</b>	<b>134.274,50 €</b>
SWITCH CAPA 3 48 PORTOS 10/100/1000, 4 SFP 10 GB (1 por zona + 1 en sala)	<b>8.032,50 €</b>	<b>5</b>	<b>40.162,50 €</b>
M.I. CABLE RV-K 0,6/1KV, de 2 x 6.	<b>1,93 €</b>	<b>7.790</b>	<b>15.034,70 €</b>
M.I. CABLE H07V-K 750V 1x16 TOMATERRA AMARILLO-VERDE.	<b>2,49 €</b>	<b>3.613</b>	<b>8.996,37 €</b>
PICA TOMA TERRA	<b>14,72 €</b>	<b>47</b>	<b>691,84 €</b>
ML CABLE 12 F.O. MONOMODO	<b>2,52 €</b>	<b>10.322</b>	<b>26.011,44 €</b>
MI CABLE UTP CAT 6 EXTERIORES OU INTERIORES CONECTORIZADO	<b>2,62 €</b>	<b>12.560</b>	<b>32.907,20 €</b>
COORDINACIÓN, MANO DE OBRA Y MEDIOS AUXILIARES PARA INSTALACIÓN, PUESTA EN MARCHA Y FORMACIÓN	<b>345.810,43 €</b>	<b>1</b>	<b>345.810,43 €</b>
COORDINADOR TÉCNICO (ingeniero Telecomunicaciones)	<b>61.051,36 €</b>		



## Concello de Vigo

	PRECIO UNITARIO	UD.	IMPORTE
TIEMPO COMPLETO UN AÑO)			
Encargado	55.550,35 €		
Equipo 3 técnicos trabajos de instalaciones a pie de calle 1 año completo	106.694,98 €		
Equipo 3 técnicos trabajos de instalaciones a pie de calle (refuerzo para finalizar dentro del 2023)	37.343,24 €		
Vehículos (3 por un año) con PP combustible	11.424,00 €		
Medios elevación alquiler	4.284,00 €		
Horas Puesta en marcha por técnicos especialistas del fabricante y formación	36.389,75 €		
Participación de técnicos de prevención, calidad y administración (1 año)	33.072,74 €		
<b>TOTAL CAPÍTULO 2. EQUIPAMIENTO ZBE</b>			<b>3.186.527,28 €</b>
<b>CAPÍTULO 3. CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN AL USUARIO</b>			
PA. Campañas de comunicación al ciudadano y servicios de evaluación y resultado de las medidas adoptadas.	47.058,82 €	1	47.058,82 €
<b>CAPÍTULO 3. CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN AL USUARIO</b>			<b>47.058,82 €</b>
<b>CAPÍTULO 4. PANELES CONTAJE BICICLETAS</b>			
Ud. Suministro y montaje panel información contaje de bicicletas y vehículos VMP compuesto por tótem de información doble cara, intemperie, pantalla led vertical 65", 2.500 cd/m2, PC gestión de contenido y dispositivo de conteo de bicicletas modelo LSR-2001-BY-2 del fabricante o equivalente. Totalmente instalado y funcionando. (1 por zona)	38.921,33 €	3	116.763,99 €
<b>CAPÍTULO 4. PANELES CONTAJE BICICLETAS</b>			<b>116.763,99 €</b>
<b>CAPÍTULO 5 OBRA CIVIL</b>			
M.I. de canalización en acera de 40x70 cms., formada por 1 tubo de PVC de 110 mm. de dm. con dado de hormigón HM-20 de 30 cms. Incluso excavación colocación alambre guía, compactación, transporte, de escombros a vertedero, con base de hormigón de 10 cm. de espesor.	121,46 €	380	46.154,80 €
M.I. de canalización en acera de 40x70 cms., formada por 2 tubos de PVC de 110 mm. de dm. con dado de hormigón HM-20 de 30 cms. Incluso excavación colocación alambre guía, compactación, transporte, de escombros a vertedero, con base de hormigón de 10 cm. de espesor.	124,19 €	2.300	285.637,00 €
M.I. canalización en calzada de 50x110 cms., formada por 3 tubos de PVC de 110 mm. de dm. Incluso relleno de hormigón HM-20 hasta la superficie, colocación alambre guía, transporte de escombros a vertedero y reposición aglomerado.	249,84 €	190	47.469,60 €

	PRECIO UNITARIO	UD.	IMPORTE
Base de regulador de 30x70x25 aproximadamente y según plantilla, construida en hormigón HM-20. Incluso colocación de dos codos de 90 y 100 mm. de dm. excavación y transporte de escombros a vertedero.	299,07 €	60	17.944,20 €
Base de columna semafórica de 100x100x1200, construida en hormigón HM-20. Incluso colocación de un codo de 90 y 100 mm. de dm. colocación de pernos según plantilla, excavación y transporte de escombros a vertedero y reposición de baldosa, si la hay.	648,26 €	75	48.619,50 €
Base de panel informativo de 90x90x120mm, construida en hormigón HM-20. Incluso colocación de un codo de 110 mm. de dm., colocación de pernos según plantilla, excavación y transporte de escombros a vertedero y reposición de baldosa, si la hay.	622,56 €	6	3.735,36 €
Arqueta de registro de 60 x 60 x 120 cm. construida en hormigón HM-20.	284,31 €	75	21.323,25 €
Cerco y tapa de 60x60 cm. de fundición DÚCTIL con inscripción Señales de Tráfico. Con inscripción "señales de tráfico" y escudo de Vigo. 12,5 tn.	164,02 €	75	12.301,50 €
Arqueta de registro de 40 x 40 x 80 cm. construida en hormigón HM-20.	170,60 €	47	8.018,20 €
Cerco y tapa de 40x40 cm. de fundición DÚCTIL con inscripción Señales de Tráfico. Con inscripción "señales de tráfico" y escudo de Vigo. 12,5tn.	66,82 €	47	3.140,54 €
<b>CAPÍTULO 5 OBRA CIVIL</b>			<b>494.343,95 €</b>
	SUMA		4.505.867,83 €
	21% IVA		946.232,24 €
	TOTAL		5.452.100,07 €

**b.- Incluir no apartado 16.B da FEC como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas o financiamento dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:**

- *Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflicto de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*





## Concello de Vigo

- *Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*
- *Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.*
- *Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- *Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais. Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da “Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (2021/C 58/01) e da “Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente”, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*
- *Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- *Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.*
- *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.*
- *Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*

- *Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

**c.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:**

- *Establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*
- *Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

**d.- Modificar o apartado 3.J das FEC facendo constar que este contrato será cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU, figurando no devandito Plan na Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas” na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.**



## Concello de Vigo

**3º.- A modificación, por un Importe de 4.505.867,45 (5.452.100,07 € con IVE), representa un 15,29 % do importe total do contrato, 29.470.704,45 € (35.659.552,38 € con IVE). Imputarase á aplicación orzamentaria 1320.609.00.00 "Proxecto baixas emisións Next Generation", segundo as seguintes anualidades:**

- **2023: 4.720.199,41 €**
- **2024: 731.900,66 €**

**4º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización".**

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(854).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN DOS DESPRAZAMENTOS A MADRID DA DELEGACIÓN CON MOTIVO DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO (FITUR). EXPTE. 8495/104.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 13/10/2023, que di o seguinte:

12.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de organización dos desprazamentos a MADRID da delegación con motivo da feira internacional de turismo (FITUR) (8495-104)

A secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación dentro do prazo de presentación que remataba o 29 de setembro.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación dos servizos de organización dos desprazamentos a MADRID da delegación con motivo da feira internacional de turismo (FITUR) (8495-104)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 8 de setembro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación dos servizos de organización dos desprazamentos a MADRID da delegación con motivo da feira internacional de turismo (FITUR) (8495-104).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 14 de setembro de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 29 de setembro.

**Terceiro.-** Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 9 de outubro de 2023, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 13 de setembro de 2023, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos de organización dos desprazamentos a MADRID da delegación con motivo da feira internacional de turismo (FITUR) (8495-104) por non terse presentado ningunha proposición”.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**6(855).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS**



## Concello de Vigo

### **NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE 5162/611.**

Visto o informe de fiscalización do 17/10/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 13/10/2023, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 27 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE Expd.5162-611*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 22 de marzo do 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 22 de marzo do 2023.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 18.884.651,96 euros euros con iva, sendo o IVE a soportar pola administración de 3.277.501,58 euros.*

## DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES

ANOS	PERIODO	IMPORTE CON IVE
2023	01/07/2023 ata 31/12/2023	2.360.581,50 €
2024	01/01/2024 ata 31/12/2024	4.721.162,99 €
2025	01/01/2025 ata 31/12/2025	4.721.162,99 €
2026	01/01/2026 ata 31/12/2026	4.721.162,99 €
2027	01/01/2027 ata 30/06/2027	2.360.581,50 €

### Importes de aplicación anual a cada partida orzamentaria.

		% diistribución	2023	2024	2025	2026	2027
Partida orzamentaria	Coste variable monitores						
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	66.060,00 €	132.120,00 €	132.120,00 €	132.120,00 €	66.060,00 €
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	74.845,98 €	149.691,96 €	149.691,96 €	149.691,96 €	74.845,98 €
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	211.722,30 €	423.444,60 €	423.444,60 €	423.444,60 €	211.722,30 €
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	141.698,70 €	283.397,40 €	283.397,40 €	283.397,40 €	141.698,70 €
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	106.686,90 €	213.373,80 €	213.373,80 €	213.373,80 €	106.686,90 €
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02 %	59.586,12 €	119.172,24 €	119.172,24 €	119.172,24 €	59.586,12 €
subtotal		100%	660.600,00 €	1.321.200,00 €	1.321.200,00 €	1.321.200,00 €	660.600,00 €
Partida orzamentaria	Costes fixos	% distribució n	2023	2024	2025	2026	2027
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	628.993,15 €	1.257.986,31 €	1.257.986,31 €	1.257.986,31 €	628.993,15 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	356.996,11 €	713.992,23 €	713.992,23 €	713.992,23 €	356.996,11 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	424.995,37 €	849.990,75 €	849.990,75 €	849.990,75 €	424.995,37 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA	17,00 %	288.996,85 €	577.993,71 €	577.993,71 €	577.993,71 €	288.996,85 €



## Concello de Vigo

		% distribución	2023	2024	2025	2026	2027
	VALADARES						
subtotal		100 %	1.699.981,50 €	3.399.962,99 €	3.399.962,99 €	3.399.962,99 €	1.699.981,50 €

O contrato financiarase con cargo as partidas orzamentarias do orzamento de deportes, e da bolsa de vinculación.

34202279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	632.875,52
34202279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	360.686,09
34202279906	SERVIZO PISCINA TEIS	427.483,46
34202279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	293.888,77
34202779904	MONITORES XIMNASIO BERBES	63.925,36
34202279905	MONITORES XIMNASIO CARME	69.265,44
34202279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	184.510,79
34202279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	137.589,90
34202279910	MONITORES PISCINA TEIS	101.129,46
34202279913	MONITORES PISCINA VALADARES	69.832,68
34202279919	FORMATIVA DESFIBRILADORES	2.000,00
34202270602	REDACCIÓN PROXECTOS	18.000,00
34202210400	VESTIARIO PERSOAL	6.000,00

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 12 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Desistir do procedemento de adxudicación do procedemento aberto dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da concellería de Deportes polas razóns expostas no precedente informe.”.

**Terceiro.-** En data 7 de xullo de 2023, D. Javier García Linares, en nome e representación de FCC Aqualia, S.A (en adiante, Aqualia ou o recorrente), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) contra o acordo da XGL de desistencia do procedemento.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do , adoptou o seguinte acordo:

“1º.-Tomar razón da Resolución nº 144/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 127/2023, interposto por FCC AQUALIA SA contra o acordo de desistencia da licitación titulada “-Servizos Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e O Berbés. - Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasiaos. - Servizos complementarios necesarios

para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor e a súa fonte de enerxía; a atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo”, expediente 5162-611 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima parcialmente o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por FCC AQUALIA SA contra o acordo de desistencia da licitación titulada “-Servizos Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e O Berbés. - Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasios. - Servizos complementarios necesarios para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor e a súa fonte de enerxía; a atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo”, expediente 5162-611 do Concello de Vigo.

2. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de retrotraer as actuacións do expediente ao momento da valoración do sobre C e tendo en conta esta resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.”

**Quinto.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitadores</b>	<b>Total</b>
1	FCC AQUALIA, S.A.	81
2	SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S.A.	71,13

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC AQUALIA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.





## Concello de Vigo

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

**Sexto.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC AQUALIA, S.A., o día 20 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 22 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido. Tamén presenta documentación o 11 de outubro, fora do prazo concedido que, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede igualmente admitir.

**Sétimo.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas e D. Fernando González Abeijón que se absteñen.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FCC AQUALIA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FCC AQUALIA, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 de maio de 2023 e 11 de setembro de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a FCC AQUALIA, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 18.726.537,95 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.250.060,30 € euros.*
- b) *Propón como prezo unitario de monitor hora fixado no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP para o pago dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos o de VINTE E DOUS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (22,80 €) (sen IVE), sendo a cota correspondente ao IVE a de CATRO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (4,79 €), o que supón un prezo unitario de monitor hora de VINTE E SETE EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (27,59 €)*
- c) *Propón coma porcentaxe de desconto un TRES POR CENTO (3,00%), a aplicar sobre o prezo unitario (calculado tal e como se establece no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP) do término variable da enerxía térmica útil en kw/h.*
- d) *Propón un incremento de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €) con respecto ao importe anual mínimo establecido no apartado n) da cláusula II.2 do PPTP, destinado á substitución de materiais non funxibles.*
- e) *Propón un incremento de SESENTA E UN MILLÓNS DE EUROS (61.000.000,00 €) do importe mínimo da cobertura da póliza de responsabilidade civil, segundo se recolle no apartado 13.A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- f) *Propón un incremento de CINCO (5) ANOS aos tres anos de experiencia da persoa responsable do contrato que figura no apartado 5.F.2 do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(856).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “CONSERVACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO PAVILLÓN DE COIA”. EXPTE.1592/441.**



## Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 16/10/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 13/10/2023, que di o seguinte:

### 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Conservación e mellora da cuberta do pavillón de Coia” (1592-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Conservación e mellora da cuberta do pavillón de Coia” (1592-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONSERVACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE COIA” redactado polo Arquitecto Técnico D. Alejandro Martínez García.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de marzo de 2023.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO SESENTA E TRES MIL VINTE E SETE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (163.027,83 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 28.294,09 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.6320011 (Invest. Mellora. Instal. deportivas e vestiario) segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2023	163.027,83 €
------	--------------

*Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a JUSTO ROMAN, S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ao non ter presentado xustificación ningunha en prazo.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Conservación e mellora da cuberta do pavillón de Coia” (1592-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
<b>1</b>	<b>PROSEMA NOROESTE, S.L.</b>	<b>98,80</b>
<b>2</b>	<b>DEMAIN OBRAS Y SERVICIOS, S.L.</b>	<b>78,34</b>

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L., o día 20 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 3 de outubro de 2023, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas que se abstén.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROSEMA NOROESTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor



## Concello de Vigo

do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROSEMA NOROESTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 22 de agosto e 8 de setembro de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da resolución de exclusión acordada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de setembro de 2023, de JUSTO ROMAN, S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ao non ter presentado xustificación ningunha en prazo.*
2. *Adxudicar a PROSEMA NOROESTE, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Conservación e mellora da cuberta do pavillón de Coia” (1592-441) por un prezo total do contrato de 130.304,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.614,90 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(857).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL DE ACCESOS E ATENCIÓN AO PÚBLICO NO PARQUE ZOLÓXICO DE VIGO DEPENDENTE DA CONCELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE.11988/612.**

Visto o informe de fiscalización do 11/10/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 10/10/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoolóxico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoolóxico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 11 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de control de accesos e atención ao público no parque zoolóxico dependente da Concellería de Medioambiente do Concello de VigoZoo. (exp.11988-612)*

*SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 18/07/23 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral con data 26/07/23.*

*TERCEIRO.- O importe máximo do contrato plurianual é de 187.550,18€, sendo o importe correspondente ó IVE a soportar pola Administración (32.550,03 €), do cal autorízase o gasto de 16.832,60€ para o ano 2023 e subordínase a autorización do gasto de 93.073,60€ para o ano 2024 e 77.643,98€ para o ano 2025, á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ó artigo 174 do TRLFL. O financiamento do contrato de servizos será con cargo á partida 3371.227.99.00.*

*CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoolóxico de Vigo*



## Concello de Vigo

dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	EULEN, S.A.	93,50 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., o día 19 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 28 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 10 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas que se abstén.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EULEN, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EULEN, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 11 de setembro de 2023 e o acordo adoptado pola Mesa de contratación en sesión de data 14 de setembro de 2023.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a EULEN, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoolóxico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612) por un prezo total do contrato de 137.357,63 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 23.838,93 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(858).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE CANDIDATOS A BENEFICIARIOS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 19968/77.**

Visto o informe de fiscalización 13/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 10/10/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento local e pola concelleira-delegada de Goberno, que di o seguinte:

#### **I. ANTECEDENTES**

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2023*" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude pon en marcha o presente programa de activación do emprego, concretado na realización de contratos de duración determinada en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "*integrados no seu cadro de persoal*".





## Concello de Vigo

Este programa de emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 6 meses da convocatoria anual, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo neste programa estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

As graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada pola COVID-19 obriga a potenciar ao máximo os recursos do Concello de Vigo, para continuar na posta en marcha de medidas e plans de acción directa que potencien e consoliden a tendencia na recuperación do emprego, apostando, por programas que faciliten a formación e a adquisición de experiencia, habilidades, coñecementos e actitudes profesionais.

Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello. Con este programa, perséguese ampliar a oferta formativa teórica, complementándoa co traballo en obra, e así dotar de experiencia práctica á formación, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías, a especialización e a mellora da profesionalidade dos participantes.

## **II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:**

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b) desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste eido cómpre destacar que en expte. núm. 19919/77 consta remitido en data 15/02/2023 oficio (xunto coas bases reguladoras da presente convocatoria) dirixido á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, de solicitude de informe dacordo co establecido no artigo 7.4 LRBRL, sobre a utilización do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco do Plan Municipal de Emprego, programa VIGO EMPREGA 2023 do Concello de Vigo, por canto requiriría a súa consideración como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

Con data 28/03/2023 (e data de recepción do 29/03/2023) a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o programa de activación do emprego no marco do Plan Municipal de Emprego 2023 no Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente, dacordo co sinalado no informe-proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico Local: *“Dado que non se aprecia que se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público coa Administración Autonómica e sempre que se cumpran as condicións de exercicio previstas e comunicadas, e a normativa aplicable en canto estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda.”*

### **III. RELACIÓN DE OBRAS A DESENVOLVER POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA VIGO EMPREGA 2023:**

Tal e como consta en ANTECEDENTES coa implantación deste novo plan promóvese a realización de contratos de duración determinada (máximo 6 meses) en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio, que se propoñen para aprobación da Xunta de Goberno Local.

**As actuacións a desenvolver por este programa de activación do emprego no marco do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO, VIGO EMPREGA 2023, atenden** ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais, que se encadrarían dentro dos obxectivos do programa tales coma a eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do centro urbano, reformas para a mellora do estado dos edificios públicos e melloras medioambientais das zonas verdes de acceso público -, que se reflicten nas fichas normalizadas e documentación técnica correspondente anexada en expediente relacionado núm. 19975-77, asinadas pola xefatura de servizo ca conformidade da concellería delegada da área de goberno correspondente, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, e que se relacionan a continuación:

#### **a) CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN:**

A Concellería de Educación ten remitido necesidades de reformas para a mellora do estado dos colexios públicos que se indican a continuación:

- CEIP ESCULTOR ACUÑA: Reforma dos baños, no baixo do edificio principal.
- CEIP LAVADORES POMBAL: Reforma dos baños de infantil, na planta baixa do antigo edificio.
- CEIP LOPE DE VEGA: Reforma dos baños, no baixo do edificio principal.
- CEIP OTERO PEDRAIO: Reforma dos baños, no baixo do edificio principal.
- CEIP VICENTE RISCO: Reforma dos baños de infantil, na planta baixa da ala dereita.
- EEI VILLA LAURA: Reforma dos baños, no primeiro andar do aulario.
- CEIP EMILIA PARDO BAZAN. CHOUZO: Reforma dos baños de nenas, no 1º andar do edificio principal.

#### **b) CONCELLERÍA DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS:**

A concellería de Montes, Parques e Xardíns ten remitido as seguintes necesidades de melloras medioambientais de zonas verdes de acceso público:

- CONSTRUCCIÓN DE CANALETAS PARA RECOLLIDA DE PLUVIAIS e escaleiras de pedra no parque do Castro, Castrelos e Riouxa.



## Concello de Vigo

### **c) CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE:**

A concellería de Medio Ambiente ten remitido as seguintes necesidades de melloras medioambientais de zonas verdes de acceso público que constitúen uns dos espazos naturais de esparcemento, práctica deportiva e hábitos de vida saudable cun amplo uso por parte da poboación que habita no centro urbano. O entorno do río Lagares e resto de zonas verdes naturais forman parte do pulmón verde da cidade e son zonas de interese natural con baixa intervención humana, polo que responden a un proceso de conservación e protección natural:

- PROGRAMA DE CONTROL DE PLANTAS AUTÓCTONAS nas zonas dunares.
- REPARACIÓN SENDA AZUL AFECTADA POR ESCORRENTÍAS da auga das chuvias.
- PAVIMENTADO DE sectores "N" e "O" e mellora de sectores "N" e "O" da caneira Municipal
- RECUPERACIÓN SENDAS VERDES E HUMEDAIS.
- REFORMAR E INSTALAR VALLAS METÁLICAS na caneira municipal.

### **d) CONCELLERÍA DE FOMENTO:**

A concellería de Fomento ten remitido necesidades de eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do termo municipal, así coma reformas para a mellora do estado das Instalacións dentro do parque central de servizos do concello de Vigo .

- ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS No termo municipal de Vigo
- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS nas rúas: Lomba, Babio, Carballo, Maceiriñas E Becerreira.

### **e) CONCELLERÍA DE EMPREGO:**

A concellería Emprego ten remitido necesidades de reformas para a mellora dos edificios públicos que se indican a continuación, que se corresponden con instalacións previstas para desenvolvemento de programas de emprego e nas que se desenvolven actuacións tanto de loxística coma de formación:

- CONSTRUCCIÓN DE NOVA AULA DE FORMACIÓN para 10 postos. Instalacións da Rúa Pinal de Adentro
- RENOVACIÓN E MELLORA DO ACONDICIONAMENTO DO ARQUIVO AUXILIAR e da Aula de formación. Arquivo Auxiliar do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e Emprego, sito Avda. Emilio Martínez Garrido nº 27:
- ACONDICIONAMENTO VESTIARIOS PAVILLÓN DO CENTRO DE DISTRITO DE TEIS

### **f) CONCELLERÍA DE CULTURA:**

- ACONDICIONAMENTO LOCAL planta baixa para almacén.

### **g) CONCELLERÍA DE PATRIMONIO HISTÓRICO.**

- ACONDICIONAMENTO DE ALMACÉN no entorno do pazo Quiñones de León no Parque de Castrelos
- CORRIXIR E EVITAR AS ESCORRENTÍAS producidas pola chuvia nos camiños do bosque de Castrelos





## Concello de Vigo

### IV. EFECTIVOS A CONTRATAR PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VIGO EMPREGA CONVOCATORIA 2023.

As Bases reguladoras do programa establecen que as ocupacións a contratar estean relacionados coas seguintes profesións:

<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>Oficial carpintería de aluminio</i>	<i>Oficial fontanería</i>
<i>Técnico Auxiliar de PRL</i>	<i>Oficial carpintería de madeira</i>	<i>Oficial mecánico de maquinaria</i>
<i>Capataz construción</i>	<i>Oficial carpintería metálica</i>	<i>Oficial pintura</i>
<i>Oficial albanelería</i>	<i>Oficial condutor</i>	<i>Oficial xardinería-forestal</i>
<i>Oficial electricidade</i>	<i>Peóns xardinería- forestal</i>	<i>Peóns construción</i>
<i>Delineante</i>		

O número de efectivos a convocar para o desenvolvemento do PROGRAMA VIGO EMPREGA 2023 serían os seguintes:

**1. Capataces beneficiarios/as:**

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Capataces construción	3 (tres)

**2. Oficiais de oficios beneficiarios/as:**

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Oficial albanel	11 (once)
b) Oficial electricista	1 (un)
c) Oficial fontaneiro	1 (un)
d) Oficial Carpintería aluminio	1 (un)
e) Oficial Carpintería metálica	1 (un)
f) Oficial Carpintería madeira	1 (un)
g) Oficial Pintor	1 (un)
h) Oficial mecánico maquinaria	1 (un)
i) Oficial xardinería	5 (cinco)
j) Oficial conducción	10 (dez)

**3. Peóns beneficiarios/as :**

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Construción.	24 (vintecatro)
b) Xardinería-forestal	12 (doce)

**4. Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:**

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Auxiliar administrativo	1 (un)
b) Técnico Prevención de Riscos Laborais	1 (un)
c) Delineante	1 (un)

O número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9.1 das Bases de Selección de persoas candidatas, sería de:

a) 3% persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo	2
b) 30% mulleres DLD	10
c) 22% menores de 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.	8
d) 25% persoas entre 31 e 44 anos DLD	9
e) 20% persoas maiores de 45 anos DLD .	7

## V. BASES REGULADORAS:

A **Base 4ª DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓNS** establece que os contratos terán unha duración máxima de 6 meses que coincidirá ca duración da convocatoria anual para o presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.

Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada (Artigo 1 do Capítulo 1 do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano), **a xornada completa, na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 405)** cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

Esta modalidade contractual vinculada a programas de activación para o emprego, foi introducida polo RD-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, que modificou o RDLex 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, introducindo unha nova Disposición Adicional Novena no Texto Refundido da Lei de Emprego (RDLex 3/2015, de 23 de outubro), que establecía que as administracións públicas e, no seu caso, as entidades sen ánimo de lucro, poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos neste TRLE, cuxa duración non poderá exceder de 12 meses.

O devandito RDLex 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego foi derogado pola vixente **Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego**, cuxa **Disp. Adic. 9ª apartado 1º** sinala que:

*“1. Las Administraciones públicas y, en su caso, las entidades sin ánimo de lucro podrán realizar contratos vinculados a programas de políticas activas de empleo previstos en esta ley con las personas participantes en dichos programas.*

*La duración de estos contratos no podrá exceder de doce meses y, en el caso de la*



## Concello de Vigo

*contratación*

*realizada por Administracións públicas, los procesos de selección deberán observar los principios de igualdad, mérito y capacidad.*

A este respecto e, tal e como consta referido nos antecedentes do presente informe-proposta, en expte. núm. 19919/77 consta recibida a comunicación de data 28/03/2023 da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia do informe favorable previsto na Lei 5/2014 de 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da administración local, en relación co presente programa de activación do emprego no marco do Plan municipal de emprego 2023 no concello de Vigo; no que, extractando parte do informe emitido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a través da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social de data 23 de marzo de 2023, se indica que: “(...) *non existe incompatibilidade PROGRAMA MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL VIGO EMPREGA 2023 do concello de Vigo, por tratarse dunha medida municipal de fomento do emprego e a súa concesión deberá axustarse aos criterios obxectivos que recollen as bases reguladoras das axudas,....(...)*”. E sinala tamén que: “(...), *dado que as políticas activas da Xunta de Galicia se modifican cada ano en coordinación co SEPE e demais servizos públicos das CCAA a través do Programa Anual de Fomento do Emprego Digno, o presente informe se emite unicamente para a liña de axuda que convoque para este ano 2023 o Concello de Vigo, debendo ser novamente informadas as liñas de axuda ou convocatorias sucesivas, para comprobar a compatibilidade coas que ese ano teña previsto a Xunta de Galicia..*”.

Así mesmo e, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2023 para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego”, que se atope en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no **Capítulo 1, artigo 1.3** do acordo marco de referencia (beneficiarios/as), que quedarán recollidas nos respectivos contratos.

### **- Base 7ª. FORMACIÓN:**

O artigo 2º do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, establece a necesidade, *en todos os casos, de desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea considerado), unha acción formativa intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarse o 15% do tempo do contrato a formación. Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana.*

A modalidade de contrato de duración determinada reflectida na Base Cuarta para desenvolver as actuacións previstas neste plan **non é un contrato formativo** dos contemplados pola vixente lexislación laboral (artigo 11 ET), senón un contrato para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio acoutadas por un período máximo de 6 meses; o que

obriga a adicar o 15% do tempo do contrato a formación, tanto en competencias profesionais como en competencias persoais, aos efectos de dar estrito cumprimento ao establecido no artigo 2 do referido Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

A este respecto, a carga formativa do programa articularase dentro do horario laboral complementándoa co traballo en obra, e adaptarase ás necesidades do entorno e do mercado laboral propio da cidade de Vigo e da súa Área Metropolitana, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías e a especialización, estimando desenvolver a seguinte oferta formativa prevista:

PLAN FORMATIVO	Nº HORAS ESTIMADAS	TEMÁTICA	ESPECIALIDADE
<i>Nivel básico de prevención de riscos laborais</i>	60	Iniciais	PRL
<i>PRL para traballos no sector da construción</i>	6		
<i>PRL específico para xardinería</i>	6		
<i>PRL específico para albanelería</i>	8		
<i>Riscos e medidas preventivas asociadas ao manexo de grúa autocargante</i>	5		
<i>Seguridade e manexo de plataformas elevadoras e camión portacontedores</i>	5		
<i>Primeiros auxilios</i>	20		
<i>Manexo seguro de maquinaria de construción</i>	5		
<i>Plataformas elevadoras</i>	2		
<i>Montaxe de andamio Tubular</i>	10		
<i>Diagnose e reparación de humidades en obras de rehabilitación.</i>	21	Especialización Técnica	Construción
<i>Aillamentos para a rehabilitación.</i>	28		
<i>Instalador de falsos teitos, trasdosados e tabiques de placa de seixo laminado.</i>	28		
<i>Xestión de equipos e organización do traballo en obras de construción</i>	14		
<i>Operacións básicas de soldaxe aplicadas en procesos de mantemento industrial</i>	28		
<i>Pintura decorativa en construción</i>	21		
<i>Materiais e técnicas construtivas en rehabilitación. Madeira</i>	21		
<i>Operacións de fontanería e calefacción- climatización doméstica</i>	21		
<i>Instalacións solares fotovoltaicas</i>	28		
<i>Xornada orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais.</i>	10	Orientación Sensibilización	Comúns
<i>Igualdade de oportunidades</i>	10		
<i>Tramitación e administración dixital</i>	10		
<i>Habilidades Sociais</i>	5		
<i>Sensibilización Ambiental</i>	10		
<i>Planificación e deseño de xardíns (paisaxismo)</i>	14	Especialización técnica	Xardinería
<i>Aplicador de produtos fito-sanitarios e biocidas</i>	25		
<i>Podas ornamentais e podas forestais</i>	7		
<i>Tratamento de restos e residuos forestais e vexetais, reciclaxe</i>	21		
<i>Tratamento e erradicación de especies invasoras</i>	14		
<i>Procesamento dos restos vexetais e produción de biomasa</i>	21		

#### - Base 8ª. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN:

- Publicación das bases reguladoras da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, así coma do anuncio do inicio do procedemento de selección de candidatos ao programa (pode ser publicado tamén na prensa local). Publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia da publicación das bases no BOPPO.





## Concello de Vigo

As bases reguladoras foron constan publicadas tanto no BOP PO núm. 71 do xoves, 13 de abril de 2023 coma no DOGA núm. 168 do martes, 5 de setembro de 2023.

- O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, solicitará ao SPEG as/os traballadoras/es que correspondan, de acordo coas características recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia ás características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ás categorías profesionais das ocupacións ofertadas. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.

No caso de que, as oficinas de emprego do SPEG en Vigo, non remitan candidatos suficientes para as categorías profesionais das ocupacións ofertadas, solicitarase ás oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas, coa finalidade de acadar o número de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito.

- Posteriormente, procederase á comprobación da documentación requirida e o cumprimento de requisitos básicos. As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán inadmitidos e non accederán ao proceso selectivo.

De non obter candidatos suficientes, este Concello poderá recorrer a recursos municipais propios, ampliando tamén a busca de candidatos aos usuarios inscritos no Servizo de Orientación Laboral (SOL) do Concello de Vigo, e sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nestas bases de convocatoria.

- Unha vez publicada a relación de persoas candidatas admitidas procederase á realización das probas: escrita e práctica.

- **Proba Escrita (máximo 2 puntos)**

A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas, e deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo. Valoraranse aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vinculados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.

Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións que se acaden, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

As persoas candidatas cunha cualificación de "NSNM", serán excluídas do proceso de selección.

- **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas das categorías profesionais das ocupacións ofertadas. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do Plan Municipal de Emprego e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñaranse dacordo á profesión e as tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase que "NSNM" e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

- Unha vez rematada a proba práctica publicaranse as notas e procederase á **fase de baremación** dos candidatos pola Comisión de selección, coa asistencia do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

## VI. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

No exercicio 2023 tense dado trámite á actualización das retribucións incluídas nas táboas salariais do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, mediante acordo adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 23 de febreiro 2023 (en expte 19925/77) publicada no BOP PO núm. 41, do 28 de febreiro de 2023; derivadas das actualizacións que resultan de aplicación por "Resolución de 24 de octubre de 2022, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 1,5 por ciento previsto en el artículo 23 del Real Decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores de energía y de contribución a la reducción del consumo de gas natural en aplicación del "Plan + seguridad para tu energía (+SE)", así como medidas en materia de retribuciones del personal al servicio del sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias.", da "Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023" e do "Real Decreto 99/2023, de 14 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2023", para establecer os salarios correspondentes a este ano 2023, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.

Os custos totais estimados das retribucións do persoal beneficiario a contratar na convocatoria de 2023, son os reflectidos na seguintes táboas, distribuídas nas dúas anualidades correspondentes, segundo o establecido no "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, na modalidade de beneficiarios para o persoal técnico administrativo, capataces, oficiais de oficios e peóns:



## Concello de Vigo

SALARIOS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA CONVOCATORIA 2023 anualidade 2023															
SALARIOS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA CONVOCATORIA 2023 anualidade 2024													CUSTO		INDEMNIZA
Posto	Categoría	Salario mes	Plus extrasalarial	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cod. Ocup.	% cotización	Cotizac SS empre	Cotización por trab/pos	Custe total estimado	Custe posto/mes	CUSTO SALARIAL /BASE DE COTIZACIÓN 4 meses. (A)	COTA PATRONAL A SEG. SOCIAL 4 meses (B)	INDEMNIZACIÓN 6 días. (C)	TOTAL CUSTO (A+B+C)
1	Auxiliar administra	1080,00	180,00	1.260,00	1.260,00	84/a	33,10	417,06	417,06	1.677,06	1.677,06	5.040,00	1.668,24	252,00	6.960,24
1	Delineante	1328,23	221,37	1.549,60	1.549,60	84/-	33,25	515,24	515,24	2.064,84	2.064,84	6.198,41	2.060,97	309,92	8.569,30
1	Tecn. Aux PRL	1328,23	221,37	1.549,60	1.549,60	84/-	33,25	515,24	515,24	2.064,84	2.064,84	6.198,41	2.060,97	309,92	8.569,30
3	Capataz-Constu	1328,23	221,37	1.549,60	1.549,60	84/d	38,30	593,50	1.780,49	2.143,10	6.429,30	18.595,22	7.121,97	929,76	26.646,95
11	Ofic. albanel	1130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	5.558,51	1.824,69	20.071,60	58.052,35	22.234,05	2.902,62	83.189,02
1	Ofic. electricista	1130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	505,32	1.824,69	1.824,69	5.277,49	2.021,28	263,87	7.562,64
1	Ofic. fontaneiro	1130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	505,32	1.824,69	1.824,69	5.277,49	2.021,28	263,87	7.562,64
1	Ofic. Carp. aluminio	1130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	505,32	1.824,69	1.824,69	5.277,49	2.021,28	263,87	7.562,64
1	Ofic. Carp. metálica	1130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	505,32	1.824,69	1.824,69	5.277,49	2.021,28	263,87	7.562,64
1	Ofic. Carp. madeira	1130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	505,32	1.824,69	1.824,69	5.277,49	2.021,28	263,87	7.562,64
1	Ofic. pintor	1130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	505,32	1.824,69	1.824,69	5.277,49	2.021,28	263,87	7.562,64
1	Ofic. Mecán maquinas	1130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	505,32	1.824,69	1.824,69	5.277,49	2.021,28	263,87	7.562,64
5	Ofic. xardinaria	1130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/g	35,20	464,42	2.322,09	1.783,79	8.918,95	26.387,43	9.288,38	1.319,37	36.995,18
10	Ofic. condución	1130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/f	38,30	505,32	5.053,19	1.824,69	18.246,91	52.774,87	20.212,77	2.638,74	75.626,38
12	Peón xardinaria	1080,00	180,00	1.260,00	1.260,00	84/g	35,20	443,52	5.322,24	1.703,52	20.442,24	60.480,00	21.288,96	3.024,00	84.792,96
24	Peón construción	1080,00	180,00	1.260,00	1.260,00	84/d	37,80	476,28	11.430,72	1.736,28	41.670,72	120.960,00	45.722,88	6.048,00	172.730,88
<b>75</b>												<b>391.629,09</b>	<b>145.808,13</b>	<b>19.581,45</b>	<b>557.018,68</b>

- O prazo previsto de contratación para a convocatoria de 2023 será, a partir do 1 de novembro de 2023 ata o 30 de abril de 2024 polo que os custos totais da convocatoria entre custos salariais totais e custos totais das cotas a Seguridade Social e indemnización por finalización de contrato son: **825.737,29 €**.

Os custos totais concréntanse nos dous exercicios orzamentarios e aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2023 e 2024:

- 2410 1310000 "PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL" SALARIOS:
  - Orzamento 2023 **195.814,55 €**
  - Orzamento 2024 **391.629,09 € + indemnización fin de contrato: 19.581,45 €**
- 2410 16000001 "PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SS..SS.":
  - Orzamento 2023 **72.904,07 €**
  - Orzamento 2024 **145.808,13 €**

### VI. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Área de RRHH e Formación e da Intervención Xeral do Concello.

### VII. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes da área de RRHH e da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia do 17 de xuño de 2023 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2023 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**1. Aprobar a convocatoria de selección de 75 traballadores, conforme ás BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE EMPREGO , VIGO EMPREGA convocatoria do 2023:**

**Capataces beneficiarios/as:**

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Capataces construción	3 (tres)

**Oficiais de oficios beneficiarios/as:**

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Oficial albanel	11 (once)
Oficial electricista	1 (un)
Oficial fontaneiro	1 (un)
Oficial Carpintería aluminio	1 (un)
Oficial Carpintería metálica	1 (un)
Oficial Carpintería madeira	1 (un)
Oficial Pintor	1 (un)
Oficial mecánico maquinaria	1 (un)
Oficial xardinaría	5 (cinco)
Oficial condución	10 (dez)

**Peóns beneficiarios/as :**

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Construción.	24 (vintecatro)



## Concello de Vigo

Xardinería-forestal	12 (doce)
<b>Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:</b>	
<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Auxiliar administrativo	1 (un)
Técnico Prevención de Riscos Laborais	1 (un)
Delineante	1 (un)

### **2. Establecer o número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9.1 das Bases de Selección de persoas candidatas:**

a) 3% persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo	<b>2</b>
b) 30% mulleres DLD	<b>10</b>
c) 22% menores de 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.	<b>8</b>
d) 25% persoas entre 31 e 44 anos DLD	<b>9</b>
e) 20% persoas maiores de 45 anos DLD .	<b>7</b>

### **3. Realizar a solicitude de persoas candidatas ás Oficinas do Servizo Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para as distintas categorías profesionais das ocupacións ofertadas do procedemento de selección.**

### **4. Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa na convocatoria do 2023, que deseguido se relacionan atendendo ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais, tales coma a eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do centro urbano, reformas para a mellora do estado dos edificios públicos e melloras medioambientais das zonas verdes de acceso público - que se reflicten nas fichas normalizadas e documentación técnica correspondente anexada en expediente relacionado núm. 19975-77, asinadas pola xefatura de servizo ca conformidade da concellería delegada da área de goberno correspondente, para a súa aprobación:**

#### **a) CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN:**

A Concellería de Educación ten remitido necesidades de reformas para a mellora do estado dos colexios públicos que se indican a continuación:

- CEIP ESCULTOR ACUÑA: Reforma dos baños, no baixo do edificio principal.
- CEIP LAVADORES POMBAL: Reforma dos baños de infantil, na planta baixa do antigo edificio.
- CEIP LOPE DE VEGA: Reforma dos baños, no baixo do edificio principal.
- CEIP OTERO PEDRAIO: Reforma dos baños, no baixo do edificio principal.
- CEIP VICENTE RISCO: Reforma dos baños de infantil, na planta baixa da ala dereita.
- EEI VILLA LAURA: Reforma dos baños, no primeiro andar do aulario.
- CEIP EMILIA PARDO BAZÁN. CHOUZO: Reforma dos baños de nenas, no 1º andar do edificio principal.

#### **b) CONCELLERÍA DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS:**

A concellería de Montes, Parques e Xardíns ten remitido as seguintes necesidades de melloras medioambientais de zonas verdes de acceso público:

- CONSTRUCCIÓN DE CANALETAS PARA RECOLLIDA DE PLUVIAIS e escaleiras de pedra no parque do Castro, Castrelos e Riouxa.

#### **c) CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE:**

A concellería de Medio Ambiente ten remitido as seguintes necesidades de melloras medioambientais de zonas verdes de acceso público que constitúen uns dos espazos naturais de esparcemento, práctica deportiva e hábitos de vida saudable cun amplo uso por parte da poboación que habita no centro urbano. O entorno do río Lagares e resto de zonas verdes naturais forman parte do pulmón verde da cidade e son zonas de interese natural con baixa intervención humana, polo que responden a un proceso de conservación e protección natural:

- PROGRAMA DE CONTROL DE PLANTAS AUTÓCTONAS nas zonas dunares.
- REPARACIÓN SENDA AZUL AFECTADA POR ESCORRENTIAS da auga das chuvias.
- PAVIMENTADO DE sectores "N" e "O" e mellora de sectores "N" e "O" da caneira Municipal
- RECUPERACIÓN SENDAS VERDES E HUMEDAIS.
- REFORMAR E INSTALAR VALLAS METÁLICAS na caneira municipal.

#### **d) CONCELLERÍA DE FOMENTO:**

A concellería de Fomento ten remitido necesidades de eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do termo municipal, así coma reformas para a mellora do estado das Instalacións dentro do parque central de servizos do concello de Vigo .

- ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS No termo municipal de Vigo
- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS nas rúas: Lomba, Babio, Carballo, Maceiriñas E Becerreira.

#### **e) CONCELLERÍA DE EMPREGO:**

A concellería Emprego ten remitido necesidades de reformas para a mellora dos edificios públicos que se indican a continuación, que se corresponden con instalacións previstas para desenvolvemento de programas de emprego e nas que se desenvolven actuacións tanto de loxística coma de formación:

- CONSTRUCCIÓN DE NOVA AULA DE FORMACIÓN para 10 postos. Instalacións da Rúa Pinal de Adentro
- RENOVACIÓN E MELLORA DO ACONDICIONAMENTO DO ARQUIVO AUXILIAR e da Aula de formación. Arquivo Auxiliar do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e Emprego, sito Avda. Emilio Martínez Garrido nº 27:
- ACONDICIONAMENTO VESTIARIOS PAVILLÓN DO CENTRO DE DISTRITO DE TEIS

#### **f) CONCELLERÍA DE CULTURA:**

- ACONDICIONAMENTO LOCAL planta baixa para almacén.



## Concello de Vigo

### g) CONCELLERIA DE PATRIMONIO HISTÓRICO.

- ACONDICIONAMENTO DE ALMACÉN no entorno do pazo Quiñones de León no Parque de Castrelos
- CORRIXIR E EVITAR AS ESCORRENTÍA producidas pola chuvia nos camiños do bosque de Castrelos

5. **Aprobar o gasto total de 825.737,29 €** con cargo ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2023 e 2024.

- a) 2410 1310000 " PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL"  
SALARIOS:
- Orzamento 2023 **195.814,55 €**
  - Orzamento 2024 **391.629,09 € + indemnización fin de contrato: 19.581,45 €**
- b) 2410 16000001 "PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SS..SS.":
- Orzamento 2023 **72.904,07 €**
  - Orzamento 2024 **145.808,13 €**

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(859).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCÍONS DO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 11262/320.**

Visto o informe xurídico de data 11/10/2023 e o informe de fiscalización do 16/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 06/10/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e pola concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

## **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Mediante resolución de 14 de xullo de 2023, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Distritos autorizou iniciar o expediente de contratación da PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIONS.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 10/07/2023 e polo Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Distritos en data 14 de xullo de 2023.
2. Memoria económica do contrato de data 24/07/2023, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e en data 26/07/2023 polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
3. Documento contable de retención de crédito do 31/07/2023 (RC núm. Operación 202300144880).
4. Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 31/07/2023.
5. Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 31/07/2023, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
6. Informe do servizo de contratación asinado en data 29/08/2023 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, P.D. (delegación do 25 de agosto de 2023).
7. Pregos de cláusulas administrativas de data 28/08/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, P.D. (delegación do 25 de agosto de 2023).
8. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada o 15 de setembro de 2023 pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e en data 18 de setembro polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos.

Procedeuse á modificación da Memoria Xustificativa a instancia da Asesoría Xurídica para ampliación da motivación da carencia de medios, se ben non se viron alteradas ningunha das condicións da licitación recollidas no PCAP.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada





## Concello de Vigo

por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023. O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, en resolución de de 14 de xullo de 2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral de Contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto de tramitación ordinaria.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (11262/320) por procedemento aberto simplificado abreviado e tramitación ordinario dos “SERVIZOS DE PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS. EXPTE. 11262-320”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 31/07/2023 e o prego de cláusulas administrativas de 29 de agosto de 2023, que rexerán a contratación do “SERVIZOS DE PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS”.

3º.- Aprobar o gasto de 21.199,55 € (IVE INCLUÍDO DE 3.679,26 €) para a contratación dos “SERVIZOS DE PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS” con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279906 SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2023.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(860).- PROXECTO DE CONVENIO CO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA CESIÓN DE ESPAZOS NA SEDE DE VIGO NO MARCO DA IX EDICIÓN DO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA. EXPTE. 11516/307.**

Visto o informe xurídico do 11/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/10/2023 asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico e conformado pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou, na sesión do 23/09/2022, o noveno programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, coa finalidade de contribuir ao proceso, iniciado anos atrás, de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, e á mellora da calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía, así como dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos; dentro do programa está prevista a celebración de diferentes actividades artístico-culturais complementarias ao programa principal, entre as que se atopa a celebración das VI Xornadas e talleres de arte urbano e unha “batalla mural” de expresión artística.

II.- Causa deste acordo é a obriga *ex lege* de desenvolver as competencias atribuídas ás concellerías, en concreto, a de Patrimonio Histórico respecto da defensa e promoción do conxunto do patrimonio cultural de Vigo; así se establece no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, recolle as materias nas que o municipio exerce competencias propias, e sinala o seguinte: “O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:... m) “Promoción da cultura e equipamentos culturais.”

Neste marco, a concelleira delegada, por resolución do 25 de agosto de 2022, inicia expediente para o desenvolvemento do IX programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local. Na base primeira das que rexen esta edición do programa se recolle como un dos obxectivos desta actividade municipal o seguinte: “Durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calquera outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.”; a estes efectos, a concellería de Patrimonio Histórico inicia os trámites para a organización, xestión e execución das VI Xornadas e talleres de arte urbano e unha “batalla mural” como actividade artístico-cultural complementarias ao programa principal.

III.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a través da súa delegación en Vigo, remite proposta de colaboración ao Concello de Vigo para o desenvolvemento das xornadas de arte urbano, cedendo de forma gratuita espazos da súa sede en Vigo para a súa realización e participando nalgunha das ponencias previstas, proposta que é de interese para o Concello ao permitir alcanzar un obxectivo importante do programa municipal que é o da participación



## Concello de Vigo

activa de diferentes sectores e institucións da sociedade, implicándose na promoción e defensa do patrimonio cultural da cidade.

### **FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**I.-** O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, recolle as materias nas que o municipio exerce competencias propias, e sinala o seguinte: “O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:... m) “Promoción da cultura e equipamentos culturais.”

**II.-** Os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, 111 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime local (TRRL), e artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do sector público (LCSP) contemplan que as administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

**III.-** As competencias do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en adiante tamén, COAG) se recollen nos seus estatutos aprobados polo Decreto 105/2016, de 21 de julio (DOG Núm. 153 Venres 12 de agosto de 2016). No artigo 1º queda definida a natureza xurídica da institución como corporación de dereito público, constituída segundo a lei e integrada polos arquitectos que reúnen os requisitos establecidos nestes estatutos. O artigo 4, respecto ás competencias do COAG nas relacións externas, indica que “Sin prexuízo doutras relacións, o COAG relacionarase especialmente: c) Coa administración local, a través dos entes que forman parte dela. No artigo 6, dentro das súas funcións, cita: “De servizo: a) Promover a investigación e difusión da arquitectura e do urbanismo.”

A competencia do Concello de Vigo é a propia en materias protección e xestión do patrimonio histórico e promoción da cultura e equipamentos culturais, recollidas no artigo 25.2 letras “a” e “m” da Lei Reguladora das Bases do réxime local, ademais da capacidade de exercitar as accións que correspondan en relación cos seus bens e dereitos

**IV.-** O obxecto do convenio é establecer a colaboración entre ámbalas dúas institucións para o desenvolvemento das actividades culturais organizadas polo Concello e Vigo no marco do IX programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, que consistirán na celebración dunhas xornadas de arte urbano e talleres que investigarán e comprobarán as posibilidades de implementar estratexias puntuais de recuperación dunha zona urbana co obxectivo de ter impacto transformador e revitalizador nesa zona e nos arredores, concretándose a aportación do COAG na cesión gratuíta de espazos na súa sede de Vigo para a realización das actividades e tamén a través da implicación nelas de profesionais da arquitectura mediante a impartición de charlas, ponencias, etc. relacionadas coa temática citada.

Os pactos que se incorporan ao mesmo estímanse conformes ao interese público municipal.

V.- O convenio ten natureza administrativa e rexerese polas disposicións do capítulo VI — Dos convenios— do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, lexislación básica do Estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

Aprobar o convenio entre o Concello de Vigo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para cesión de espazos na sede de Vigo como colaboración nas xornadas de arte urbano, talleres e batalla mural organizados pola concellería de Patrimonio Histórico no marco da IX edición do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA CESIÓN DE ESPAZOS NA SEDE DE VIGO COMO COLABORACIÓN NAS XORNADAS DE ARTE URBANO, TALLERES E BATALLA MURAL ORGANIZADOS POLA CONCELLERÍA DE PATRIMONIO HISTÓRICO NO MARCO DA IX EDICIÓN DO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMÁIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Manuel Martínez Carazo, actuando en nome do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), en calidade de Presidente da delegación en Vigo, facultado para a sinatura polo Sr. Decano-Presidente, en virtude das facultades representativas que estatutariamente ten atribuídas (artigo 38, a) dos seus Estatutos particulares aprobados por Decreto 105/2016 (D.O.G no 153 do 12 de agosto de 2016).

Doutra, M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Primeira teniente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, por resolucións do alcalde de 19/06/2023, 20/06/2023, 28/06/2023 e 30/06/2023 e no uso das competencias que ten atribuídas pola normativa de aplicación (art. 127 da Lei 7/85, art. 25.2 a) do mesmo texto normativo na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), a Lei de administración local de Galicia e as disposicións do Real decreto 2568/1986, do 28 de



## Concello de Vigo

novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio e, de común acordo,

### EXPOÑEN

I.-As entidades públicas poden celebrar convenios en virtude do disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público e 111 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL).

II.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é titular en pleno dominio da sede en Vigo situada na rúa Doutor Cadaval nº 5-36202 Vigo.

III.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión do 23/09/2022, aprobou o noveno programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, coa finalidade de contribuir ao proceso, iniciado anos atrás, de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, e á mellora da calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía, así como dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos; dentro do programa está prevista a celebración de diferentes actividades artístico-culturais complementarias ao programa principal, entre as que se atopa a celebración das VI Xornadas e talleres de arte urbano e unha “batalla mural” de expresión artística; interesa ao Concello a utilización de espazos da sede en Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para o desenvolvemento das xornadas e talleres, habida conta que a “Batalla Mural” celebrárase na súa contorna.

IV.- As partes, co fin de conciliar os seus intereses: O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia participar nas xornadas de arte urbano para reflexionar e establecer unha pauta de posibilidades de intervencións na cidade, un tipo de estratexias puntuais caracterizadas pola súa concreción e con gran potencial de rexeneración do resto da cidade, comprobar as posibilidades deste concepto transformador e explorar as posibilidades para a súa aplicación en Vigo, no marco do programa municipal Vigo, Cidade de Cor-medianeiras; o Concello de Vigo, a recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade e a mellora da calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía, e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos, acordan aprobar o presente convenio que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes

### PACTOS

#### PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ámbalas dúas institucións na celebración das xornadas de arte urbano e talleres como actividade cultural no marco do noveno programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, organizadas pola concellería de Patrimonio Histórico, de xeito que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia poñe a disposición do Concello de Vigo a sede que ocupa a delegación en Vigo da institución, situada na rúa Doutor Cadaval n.º 5-36202 Vigo, para a celebración destas actividades.

## **SEGUNDO.- RÉXIME ECONÓMICO**

O presente convenio non xera dereitos económicos para ningunha das partes asinantes.

## **TERCEIRO.- COMPROMISOS**

O COAG, como colaborador, comprométese a:

- Dar difusión ao evento entre os seus colexiados a través de los canais internos e plataformas especializadas de comunicación.
- Dar difusión e publicidade ao evento en media e redes sociais abertos a toda a cidadanía para fomentar a participación.
- Ceder o seu salón de Usos Múltiples, con todas as súas instalacións para:

Celebración da xornadas de arte urbano na data e horario que se determine polo Concello, o que será comunicado ao COAG coa antelación suficiente.

Medios técnicos: Proxector + pantalla + 3 micrófonos de mesa + 2 micros inalámbricos + mesa de son.

Aforo ata 90 espectadores.

Participar cun relator na presentación / mesa redonda.

Celebración dun obradoiro para nenos.

- Ceder o seu salón de Usos Múltiples para a custodia de obxectos persoais e técnicos dos participantes e relatores das xornadas.
- Ceder unha sala para a reunión do xurado cualificador dos traballos realizados na Batalla mural, unha vez rematada ésta.
- Permitir aos organizadores desta actividade encargados polo Concello o acceso ás súas instalacións para a preparación e adaptación dos espazos cedidos para o desenvolvemento correcto das xornadas e talleres. O COAG non se responsabilizará en ningún aso dos obxectos introducidos nas instalacións cedidas polo CESIONARIO.

O CONCELLO DE VIGO, comprométese a:

- A cesión do uso de espazos aplicarase aos horarios necesarios para a organización previa e celebración das xornadas de arte urbana, talleres e batalla mural. No suposto de que a celebración do evento faga necesaria a montaxe e desmontaxe dalgúnha instalación e/ou equipamento, carga/descarga de material, será por conta e risco do Concello de Vigo. A montaxe/desmontaxe de calquera instalación/equipamento necesaria para a celebración do evento deberá realizarse o día da actividade ou o día anterior.
- Facerse responsable de que o persoal propio que teña que intervir nas eventuais tarefas de carga/descarga de material e/ou montaxe e desmontaxe de instalación necesaria para a celebración do evento, ou calquera outra actividade directamente relacionada coa celebración do evento nas instalacións cedidas, estean debidamente cubertos mediante os correspondentes seguros sociais e que cumpran as eventuais normas de prevención e riscos laborais que foran aplicables. No suposto de que subcontrate calquera



## Concello de Vigo

empresa e/ou autónomo, esixirá ao contratista o cumprimento das condicións antes indicadas e a súa acreditación documental.

- Utilizar as instalacións para o uso pactado; o Concello de Vigo comprométese a instar á entidade que terá encomendada a organización dos eventos, unha vez finalizados, a reposición dos espazos cedidos ao estado no que se atopaban con anterioridade ao seu uso para estas actividades.

- Manifestar que ten sido informado con carácter previo respecto das condicións de acceso, seguridade e aforo máximo permitido no salón de actos (90 persoas) comprometéndose a respectar ditas condicións e asumindo, no seu caso, as responsabilidades que podan derivarse de seu incumprimento.

- O Concello de Vigo responderá dos danos durante a celebración do evento poida ocasionar nas instalacións cedidas segundo lexislación de responsabilidade patrimonial das administracións públicas.

- Non poderá ceder a súa posición no presente acordo nin total nin parcialmente, tendo o presente acordo carácter intuitu personae, sen perxuízo de desenvolver a actividade obxecto de convenio a través dunha asistencia técnica.

### **CUARTO.- VIXENCIA DO CONVENIO**

A vixencia do convenio comenará o 28 de outubro de 2023 e rematará na mesma data; se non poidera celebrarse esta actividade nesa xornada por motivos sobrevenidos, como que as condicións meteorolóxicas o impedisen, conveniarase outra data entre as dúas insitucións.

### **QUINTO.- Causas de resolución**

Serán causa de resolución do convenio:

a) A non celebración das xornadas por parte do Concello, o que se trasladará á outra parte á maior brevidade posible; esta causa de resolución non xerará compensación económica nin de outra natureza para a institución cedente dos espazos.

b) Por causas de forza maior e/ou imposibilidade sobrevenida e imprevisible para calquera das partes.

### **SEXTO.- Extinción do convenio**

O convenio extinguirase:

-Polo transcurso do prazo estipulado.

- Pola imposibilidade de celebración das actividades organizadas polo Concello por causas sobrevenidas.

### **SÉTIMO.- Formalización do convenio**

A concesión formalizarase en documento administrativo podéndose elevar a documento público se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura, no seu caso.

### **OITAVO - TRIBUNAIS COMPETENTES.**

A prerrogativa de interpretar o convenio e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ao Concello de Vigo e á xurisdición contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xurdan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o convenio, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.

## **NOVENO- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

As partes obríganse a dar cumprimento á normativa vixente en materia de protección de datos persoais e, principalmente, ao Regulamento (UE) 2016/769 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, Regulamento xeral de Protección de Datos ou RGPD).

As partes declaran e garanten a procedencia lícita dos datos persoais cedidos á outra parte, garantindo que estes se obtiveron cumprindo cos requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección de datos persoais, informando debidamente aos interesados.

Como consecuencia da comunicación de datos formalizada mediante o presente documento cada parte será considerada responsable de tratamento dos datos de carácter persoal que lle sexan cedidos pola outra parte, quedando obrigada ao cumprimento de cantas obrigacións correspóndanlle na devandita condición, de acordo co previsto na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

## **DÉCIMO- RÉXIME XURÍDICO.**

No non previsto no presente, estarase ó disposto na Lei de bases de réxime local, Lei de réxime xurídico do sector público e demais disposicións de aplicación.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

## **12(861).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CRITERIOS XERAIS, CONVOCATORIA E BASES REITORAS PARA A PROVISIÓN MEDIANTE CONCURSO ESPECÍFICO DOS POSTOS DE TRABAJO A1 E A2. EXPTE. 41702/220.**

Visto o informe de fiscalización do 11/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/10/2023 asinado pola técnica de Admón. Xeral e pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **I.- ANTECEDENTES**

1.- Consta orde de inicio da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 03/11/22 e decreto de data 11/11/22, pola que vistas as actuacións preparatorias e técnicas practicadas no expediente 27913-220, a aprobación definitiva da nova Relación de Postos de Trabajo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, así como a necesidade de proceder á provisión definitiva mediante a correspondente convocatoria dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación do Concello de Vigo; dispón a incoación de expediente administrativo tendente á convocatoria á tramitación das bases reitoras e convocatoria para a provisión definitiva dos postos de traballo pertencentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación; designando a estes efectos aos correspondente instrutores/as do procedemento.





## Concello de Vigo

2.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 23/09/22, foi aprobada definitivamente a nova Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 188 do 30/09/2022.

3.- No ano 2023 consta aprobación por acordo da Xunta de Goberno Local do Estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023. O acordo de aprobación inicial foi elevado a definitivo pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 16/03/2023 (expte.40934/220), e publicada no **Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra, nº 93, de data 16/05/23**, que consta para público coñecemento no portal de transparencia do Concello de Vigo, <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=ga>.

4.- Consta Informe técnico inicial de verificación dos postos A1 e A2 obxecto da convocatoria de provisión de data 11/11/22; e informe xeral relativo ao cronograma e calendario de actuacións en relación á convocatoria de provisión dos postos A1 e A2 (expte. 41118-220 e 1690-110).

5.- A fin de dar o debido cumprimento ao establecido no artigo 37.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; foi dado traslado acceso visualización do expediente aos sindicatos lexitimados (trámite 19 do expediente 41702-220) con anterioridade á celebración da Mesa Xeral de Negociación.

6.- En data 09/03/23 foi presentado escrito (doc.W876948-9728) pola sección sindical do Sindicato Independente do Concello de Vigo de alegacións á proposta de criterios xerais para a provisión dos postos de traballo A1 e A2, en resposta ao cal se emitiu informe de data 26/04/23. Consta igualmente presentado escrito (doc.230085087) de data 10/04/23, tras o transcurso do prazo, pola Sección Sindical da CIG do Concello de Vigo polo que se remite proposta de criterios xerais constando informe de resposta ás alegacións de data 26/04/23. Incorpóranse diversos extremos segundo a motivación que consta nos informes de data 26/04/23.

7.- Celebrada Mesa Xeral de Negociación, sesión extraordinaria de data 10/03/23, en relación á proposta de aprobación dos criterios xerais para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo A1 e A2 de titulación (expte. 41702-220) foi adoptado o acordo de retirar o punto da orde do día e dar novo traslado para alegacións. De conformidade co acordado, foi dado traslado novamente do informe xeral unificado de criterios xerais, para a provisión da totalidade dos postos A1 e A2 que de conformidade coa Relación de postos de traballo vixente deban ser cubertos polo sistema de concurso

específico; a fin de que no prazo de dez días hábiles realizasen as alegacións que considerasen oportunas.

8.- A proposta de criterios xerais foi novamente incluída na orde do día da sesión extraordinaria da Mesa Xeral de Negociación de data 08/05/23, sendo os puntos da orde do día a aprobación de actas anteriores e Proposta de aprobación de criterios xerais para a provisión mediante o procedemento de concurso específico dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación.

9.- Tal e como consta no borrador da acta da Mesa Xeral de negociación, pendente a súa aprobación na seguinte convocatoria; unha vez sometida a negociación a “proposta de criterios xerais para a provisión mediante o procedemento de concurso específico dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación”, foi sometida a votación quedando vinculada á modificación nos termos negociados, para o cal remitírase á representación sindical con carácter previo a súa aprobación; sendo o resultado da votación: dous votos a favor (UXT e CIG), un voto en contra (CCOO) e unha abstención (SICO). A proposta debe remitirse segundo o acordado á representación sindical previo estudo e fundamentación xurídica; en base ao exposto, foi emitido informe xeral complementario de data 04/07/23 incorporando a correspondente fundamentación xurídica e motivación, así como as propostas que foron obxecto de negociación:

- no apartado 1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento, e apartado de formación dos méritos específicos, deberá en primeiro lugar engadirse aclaración respecto á valoración dos cursos de prevención de riscos laborais, aclarando que se refire aos cursos de carácter obrigatorio, impartidos pola administración de forma inicial. Así mesmo, engadirase “centros oficiais de formación” respecto ás entidades ou centros de impartición dos cursos.
- no que atinxe ao punto relativo ás titulacións, deberá especificarse no apartado 1.1.6. Titulacións académicas, que as titulacións valoraranse de forma acumulativa.
- ratifícase a necesidade de acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.
- no que atinxe á valoración dos méritos correspondentes á experiencia profesional no apartado de méritos específicos, pendente do correspondente estudo a fin de remitirse a proposta e dar a correspondente audiencia aos sindicatos lexitimados, emítase a presente proposta incorporando os fundamentos xurídicos respecto á valoración da experiencia profesional adquirida pola prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 e A2.

10.- Consta informe da instrutora Secretaria Goberno Local de data 31/07/23 informando sobre a procedencia da continuidade do expediente.



## Concello de Vigo

11.- En data 04/09/23 segundo as propostas efectuadas na Mesa Xeral de Negociación, foi remitida a proposta coas aportacións sindicais efectuadas, á representación sindical previo estudo e fundamentación xurídica, non constando no programa de xestión de expedientes alegacións presentadas no devandito trámite.

12.- Consta informe técnico de data 02/10/23 de relación actualizada de postos susceptibles de ser convocados mediante concurso específico tras a aprobación da vixente relación de postos de traballo, así como da situación dos postos, segundo o seguinte tenor literal:

*“Vista a documentación referenciada, achégase Informe Técnico actualizado sobre os seguintes extremos:*

*1º-Relación dos postos a prover polo procedemento de Concurso Específico (CE) en situación de VACANTE ou PROVISIONALMENTE CUBERTOS:*

*En relación con postos de traballo obxecto de Concurso Específico (CE), detallados na Memoria xustificativa do expediente 1690-110, dicir que segundo a RPT vixente, os postos que a continuación se relacionan teñen un nivel del destino 28 polo que conforme o disposto no artigo 91 da LEPG e demais normas concordantes de aplicación, serán obxecto de provisión polo sistema de Concurso Específico.*

**-XEFATURAS DE SERVIZO:**

*1-Xefatura Servizo de Contratación (242)*

*2-Xefatura Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas (441)*

*3-Xefatura Servizo Xurídico Servizos Xerais (440)*

*4-Xefatura de Servizos Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (215)*

*5-Xefatura Servizo Patrimonio (240)*

*6-Xefatura de Servizos de Contabilidade Xeral (143)*

*7-Xefatura Responsable de contabilidade analítica e custes de servizo e actividades. (143)*

*8-Xefatura de Transportes (449).*

*9-Xefatura Servizo de Fiscalización*

*10-Xefatura Servizo Inspección tributos (502)*

*11-Xefatura Servizo de Educación (342)*

*12-Xefatura de servizo de Deportes-Director Deportivo (611)*

RPT	Codg Serv	POSTO	Nº PERSOAL	CD	GRUPO	ESC	SITCON
01	242-CONTRATACION	XEFE/A DO SERVIZO DE CONTRATACION		28	A1	AG	V
01	441-SERVIZO DE VIAS E OBRAS	XEFE/A SERVIZO VIAS E OBRAS E INFRAESTRUCTURAS	*1985	28	A1	AE	CS

RPT	Codg Serv	POSTO	Nº PERSOAL	CD	GRUPO	ESC	SITCON
01	440-AREA SEV.-XERAIS E VIAS E OBRAS	XEFE/A AREA SERVIZOS XERAIS		28	A1	AE	V
01	215-MEDIO AMBIENTE	XEFE/A SERVIZOS MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO	*1640	28	A1	AG	AP
01	241-SERVIZO PATRIMONIO	XEFE/A SERVIZO PATRIMONIO	*1605	28	A1	AG	AP
01	143-CONTABILIDADE	XEFE/A SERVIZO CONTABILIDADE XERAL		28	A1	AG/AE	V
01	143-CONTABILIDADE	RESPONS.CONTAB.ANALITICA E CUSTOS SERV. E ACTIV.	*8939	28	A1	AG/AE	AP
01	449-TRANSPORTES	XEFE/A SERVIZO TRANSPORTES	*5148	28	A1	AG	AP
01	140-INTERVENCIÓN XERAL	XEFATURA SERVIZO FISCALIZACION	*0658	28	A1	AE	O-LD
01	502-INSPECCION DE TRIBUTOS	XEFE/A SERVIZO INSPECCION TRIBUTOS	*0549	28	A1	AG/AE	AP
01	342-ADMINISTRACION XERAL DE EDUCACION	XEFE/A SERVIZO EDUCACION	*8248	28	A1	AG/AE	AP
02	611-SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES	XEFE/A SERVIZO DEPORTES-DIRECTOR DEPORTIVO	*0601	28	A1		AP

*Inclúense tamén os postos que a continuación se relacionan por ter un CD-28, segundo a vixente RPT-2023 e ao amparo do citado precepto 91 da LEPG:*

- 1) Asesor/a Xurídico Adxunto/a (Seguridade-210)
- 2) Asesor/a xurídico adxunto/a (Benestar-300)
- 3) Xefatura de Limpeza (Limpeza-Xestión de residuos-257)

RPT	Codg Serv	POSTO	Nº PERSOAL	GRUPO	ESC	SITCON
01	210-MOBILI, TRANSP E SEGURIDADE	ASESOR/A XURIDICO/A ADXUNTO/A	*6266	A1	AG/AE	AP
01	300-XEFATURA ACCION SOCIAL	ASESOR/A XURIDICO/A ADXUNTO/A	*2421	A1	AG/AE	AP
01	257-LIMPEZA: XESTION DE RESIDUOS	XEFE/A LIMPEZA	*8894	A1	AE	AP

*Así mesmo serán obxecto de concurso específico os postos que a continuación se relacionan dado que as Xefaturas e postos singularizados relacionados están vinculadas a unha faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos, coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño". Enuméranse e xustifícase a aplicación do procedemento de concurso específico para cada un dos seguintes postos, que se enumeran a continuación:*

1. Xefatura de Museos (14)
2. Director/a de Museos (14)



## Concello de Vigo

3. Xefatura do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (328)
4. Xefatura do Servizo administrativo e de control orzamentario.(440)
5. Xefatura de Unidade de mantemento de viais municipais (442)
6. Xefatura de Electromecánicos (444)
7. Xefatura da Oficina de Supervisión de proxectos (444)
8. Adxunto/a ao Tesoureir/a Municipal (150)
9. Adxunto/a Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria (500)
10. Xefatura de Benestar social (301)
11. Adxunto/a Xefatura do Servizo Administración Electrónica (113)
12. Xefatura de estadística (234)
13. Xefatura de Turismo (104)
14. Xefatura de Festas (329)
15. Xefatura de Xuventude (333).
16. Adxunto/a Xefatura Servizo Deportes-Director Técnico (611)
17. Xefatura de Patrimonio histórico (413)
18. Xefatura de Igualdade (331)
19. Xefatura de Participación cidadá e desenvolvemento local (320)
20. Xefatura de Montes, Parques e xardíns (446)
21. Adxunto/a Xefatura de Montes, parques e xardíns (446)
22. Xefatura de Cedro(315).
23. Inspector/a Principal Policía Local (212)

RPT	Codg.Serv	POSTO	Nº PERSOAL	GRUPO	ESC	SITCON
01	14-MUSEOS	XEFE/A MUSEOS MUNICIPAIS		A1/A2	AE	V
01	14-MUSEOS	DIRECTOR/A MUSEO	*6439	A1/A2	AE	AP
01	328-AREA DE CULTURA	XEFE/A SERVIZO DE XESTION E PROMOCION CULTURAL	*7210	A1/A2	AG/AE	AP
01	440-AREA SEV.XERAIS E VIAS E OBRAS	XEFE/A SERVIZO ADMVO.E DE CONTROL ORZAMENTARIO	*9389	A1/A2	AG/AE	CS
01	442-TALLER VIAS E OBRAS	XEFE DA UNIDADE DE MANTEMENTO DE VIAIS MUNICIPAIS	*8966	A1/A2	AE	AP
01	444-SERV. ELECTROMECHANICOS	XEFE/A ELECTROMECHANICOS	*3606	A1/A2	AE	CS
01	443-SERVIZO DE SUPERVISION DE PROXECTOS E ASISTENCIA TECNICA MUNICIPAL	XEFE/A OF.SUP.PROX.,INSP.TCA.OBRAS E ASIST.MUNIC.		A1/A2	AE	V
01	150-TESOURERIA	ADXUNTO/A TESOUREIRO MUNICIPAL	*8742	A1	AE	AP
01	500-DIRECION DE INGRESOS	ADXUNTO/A DIRECCION INGRESOS E INSP.EC.TRIBUTARIA	*7222	A1/A2	AG/AE	AP
01	301-BENESTAR SOCIAL	XEFE/A BENESTAR SOCIAL	*6662	A1/A2	AE	AP

01	113-ADMTRACION. ELECTRONICA	ADXUNTO/A XEFE/A SERVIZO ADMON. ELECTRONICA	*8150	A1	AE	AP
01	234-ESTADISTICA	XEFE/A ESTADISTICA	*9579	A1/A2	AG/AE	CS
01	104-TURISMO	XEFE/A TURISMO		A1/A2	AE	V
01	329-SERVIZO DE FESTAS	XEFE/A SERVIZO FESTAS		A1/A2	AE	V
01	333-XUVENTUDE	XEFE/A XUVENTUDE	*9028	A1/A2	AE	AP
02	611-SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES	ADXUNTO XEFATURA SERVIZO DEPORTES-DTOR. TECNCO	*8252	A1		AP
01	413-PATRIMONIO HISTORICO	XEFE/A PATRIMONIO HISTORICO	*6440	A1/A2	AE	AP
01	331-IGUALDADE	XEFE/A IGUALDADE	*8121	A1/A2	AE	AP
01	320-PARTICIPACION CIDADA	XEFE/A PARTICIPACION CIDADA E DESENVOL.LOCAL	*9872	A1/A2	AG/AE	CS
01	446-MONTES PARQUES E XARDINS	XEFE/A MONTES, PARQUES E XARDINS	*7549	A1/A2	AE	AP
01	446-MONTES PARQUES E XARDINS	ADXUNTO/A XEFE/A MONTES, PARQUES E XARDINS	*1485	A1/A2	AE	AP
01	315-CEDRO	XEFE/A CEDRO	*7458	A1	Ae	O-AD

2º-Inclusión daqueles postos asociados a prazas de nova creación con forma de provisión mediante concurso específico, trala aprobación no ano 2023 do Estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo (Exp.40934/220) e aprobación da RPT do Concello de Vigo 2023.

Da lectura do estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo (Exp.40934/220), despréndese que o posto asociado a praza de "Intendente Principal", é de nova creación, cuxa forma de provisión é mediante concurso específico (Exp.40934/220).

A maior abundancia, neste procedemento de provisión dos postos de traballo inclúense aqueles que se atopan en situación de vacante ou provisionalmente cubertos, correspondentes aos subgrupos de titulación A1 e A2 que constan no Exp. 40934/220, cuxa forma de provisión, segundo a RPT-2023, aprobada mediante Acordo da XGL de data 16/03/23 e publicada no BOPP nº 60 de data 27/03/23, sexa o concurso específico (CE). Remitíndonos as Guías de Funcións que constan no citado expediente onde se especifica a forma de provisión dos postos do corpo da Policía Local do Concello de Vigo.

Nº	Gr	SERVIZO	POSTO	ES	CD	TP	SITUACION	N.º PERSOAL
1	A1	212-Policía Local	INTENDENTE POLICIA LOCAL	AE	27	S	O-AP	*8320
1	A1	212-Policía Local	INTENDENTE PRINCIPAL	AE	28	S	V	
4	A2	212-Policía Local	INSPECTOR/A PRINCIPAL POLICÍA LOCAL	AE	26	S	O-AP O-AP V V	*6473 *7815
1	A2	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. ATESTADOS E INVESTIGACION DE A.	AE	24	S	O-AP	*9352
1	A2	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. ESPECIAL SEGURIDADE	AE	24	S	O-AP	*6475
1	A2	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. MOBILIDADE E TRANSPORTE	AE	24	S	O-AP	*1048
1	A2	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. PROCESOS E INTERIORES	AE	24	S	O-AP	*7020



## Concello de Vigo

10	A2	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. PROTECCIÓN CIDADÁ	AE	24	S	O-AP O-AP O-AP O-AP O-AP O-AP V V V	*6975 *5728 *9359 *7039 *8763 *8425 *6477
1	A2	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. PROTECCIÓN E INVESTIGACIÓN	AE	24	S	O-AP	*6478

3º-Expresión no seu caso dos postos con forma de provisión concurso específico provistos de forma definitiva en virtude do correspondente procedemento de provisión e que en consecuencia non deban ser incluídos na próxima convocatoria.

Con respecto a este punto e tomando como referencia os datos contidos no programa de Xestión de Persoal (Ginpix) e na RPT vixente do Concello de Vigo, procedeuse a revisión dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos de titulación A1 e A2, con forma de provisión concurso específico (CE) provistos de forma definitiva (D) en virtude do correspondente procedemento de provisión e que en consecuencia non están incluídos na presente convocatoria. De tal revisión conclúese que, salvo error u omisión, non hai ningún posto de traballo con forma de provisión concurso específico (CE), provistos de forma definitiva (D).

4º-Aclaración respecto a discordancias existentes entre a RPT vixente e Memoria xustificativa da RPT-2022, en particular as seguintes ou calquera outras das que puideran ter constancia:

- Posto Xefe/a de servizo de Deportes-Director Deportivo- consta na memoria xustificativa con forma de provisión concurso específico sendo que na RPT 2023 figura como libre designación.
- Xefatura ou Responsable de contabilidade analítica e custes de servizo e actividades, figuraba na memoria xustificativa como forma de provisión concurso específico, constando na RPT concurso.
- Posto Xefe/a de Seguridade- non consta na memoria xustificativa aínda que nas sucesivas RPT a súa forma de provisión é concurso específico, sendo o seu CD 28.

Do análise do programa de Xestión de Persoal (Ginpix) e da RPT vixente do Concello de Vigo, detectouse a existencia de erros na RPT-2023, polo que debe procederse a súa corrección no senso seguinte:

-O posto de "Xefe/a de servizo de Deportes-Director" (611-Servizo Municipal de Deportes) deber ser provisto mediante concurso específico (CE)

-O posto de "Responsable de contabilidade analítica e custes de servizo e actividades" (143-Contabilidade) debe ser provisto mediante concurso específico (CE), tal como ven reflectido na Memoria xustificativa da RPT-2022 (Exp. 1690-110).

*-O posto de “Xefe/a de Seguridade” (210-Mobilid., Transp.e Seguridade), aínda que non ven na citada Memoria, a súa forma de provisión debe ser mediante concurso específico (CE).*

RPT	Codg.Serv	POSTO	Nº POSTO	GRUPO	ESC	SITCON
02	611-SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES	XEFE/A DE SERVIZO DE DEPORTES-DIRECTOR DEPORTIVO	*0601	A1	AE	AP
01	143-CONTABILIDADE	RESPONSABLE DE CONTABILIDADE ANALÍTICA E CUSTES DE SERV E ACTIVS.	*8939	A1	AG/AE	AP
01	210-MOBILID TRANSP E SEGURIDADE	XEFE/A DE SEGURIDADE	*8302	A1	AG	AP

*A tales efectos, en Exp 42874/220 (Actualización RPT: Corrección erros RPT-2023 e adaptación orzamentaria 2024) procederase a correspondente corrección dos erros detectados na vixente RPT.*

*13.- O Pleno da Corporación Municipal aprobou por unanimidade, na sesión do 15 de setembro de 2021 o “I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo”. Sendo de aplicación transversal para o persoal ao servizo do Concello de Vigo adóptanse na convocatoria e bases reitoras do concurso de traslados todas aquelas medidas previstas tanto no obxectivo principal como nos obxectivos específicos en cumprimento do compromiso coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.*

*14.- En data 06/10/23 emítese novo informe técnico de rectificación da relación actualizada de postos susceptibles de ser convocados mediante concurso específico, informándose:*

*“(…) Consta Informe Técnico actualizado de verificación dos postos A1 e A2 obxecto da convocatoria de provisión de data 02/10/23 (tramite 75 do Exp. 41702/220), en relación á convocatoria de provisión dos postos A1 e A2 (Exptes. 41118-220 e 1690-110).*

*No devandito informe inclúese o posto “Xefe/a servizo Fiscalización” e o posto “Xefe/a da Area servizos Xerais” eliminase segundo consta ma memoria xustificativa da RPT 2022 (Exp. 1690-110), sendo a sua forma de provisión a libre designación (LD), estando o devandito posto en situación de vacante na actualidade.*

*A vista do Acordo da Xunta de goberno de data 03/03/2008 (exp. 17877/220) polo que foi nomeada, con carácter definitivo mediante o sistema de libre designacion a funcionaria D<sup>a</sup> MD Hernandez Vidal , con NP 80658.*

*Con respecto ao posto “Xefe/a da Area servizos Xerais”, vacante na actualidade, figura na memoria xustificativa da RPT 2022 (Expte 1690-110) indicandose a sua forma de porvision LD.*





## Concello de Vigo

*Deste xeito, en atención á motivación exposta e ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se contempla que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos é preceptivo eliminar ditos postos de traballo da relación dos postos a prover polo procedemento de Concurso Específico (CE) en situación de VACANTE (V) ou PROVISIONALMENTE CUBERTOS (AP), quedando a totalidade dos mesmos do seguinte xeito:*

RPT	Codg Servizo	POSTO	Nº PERSOAL	CD	GRUPO	ESC	SITCON
01	315-CEDRO	XEFE/A CEDRO	*7458	26	A1	AE	AP
01	242-CONTRATAACION	XEFE/A DO SERVIZO DE CONTRATACION		28	A1	AG	V
01	441-SERVIZO DE VIAS E OBRAS	XEFE/A SERVIZO VIAS E OBRAS E INFRAESTRUCTURAS	*1985	28	A1	AE	CS
01	215-MEDIO AMBIENTE	XEFE/A SERVIZOS MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO	*1640	28	A1	AG	AP
01	241-SERVIZO PATRIMONIO	XEFE/A SERVIZO PATRIMONIO	*1605	28	A1	AG	AP
01	143-CONTABILIDADE	XEFE/A SERVIZO CONTABILIDADE XERAL		28	A1	AG/AE	V
01	143-CONTABILIDADE	RESPONS.CONTAB.ANALITICA E CUSTOS SERV. E ACTIV.	*8939	28	A1	AG/AE	AP
01	449-TRANSPORTES	XEFE/A SERVIZO TRANSPORTES	*5148	28	A1	AG	AP
01	502-INSPECCION DE TRIBUTOS	XEFE/A SERVIZO INSPECCION TRIBUTOS	*0549	28	A1	AG/AE	AP
01	342-ADMINISTRACION XERAL DE EDUCACION	XEFE/A SERVIZO EDUCACION	*8248	28	A1	AG/AE	AP
02	611-SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES	XEFE/A SERVIZO DEPORTES-DIRECTOR DEPORTIVO	*0601	28	A1		AP
01	210-MOBILI, TRANSP E SEGURIDADE	ASESOR/A XURIDICO/A ADXUNTO/A	*6266	28	A1	AG/AE	AP
01	300-XEFATURA ACCION SOCIAL	ASESOR/A XURIDICO/A ADXUNTO/A	*2421	28	A1	AG/AE	AP
01	257-LIMPEZA: XESTION DE RESIDUOS	XEFE/A LIMPEZA	*8894	28	A1	AE	AP
01	14-MUSEOS	XEFE/A MUSEOS MUNICIPAIS		26	A1/A2	AE	V
01	14-MUSEOS	DIRECTOR/A MUSEO	*6439	26	A1/A2	AE	AP
01	328-AREA DE CULTURA	XEFE/A SERVIZO DE XESTION E PROMOCION CULTURAL	*7210	26	A1/A2	AG/AE	AP
01	440-AREA SEV.XERAIS E VIAS E OBRAS	XEFE/A SERVIZO ADMVO.E DE CONTROL ORZAMENTARIO	*9389	26	A1/A2	AG/AE	CS
01	442-TALLER VIAS E OBRAS	XEFE DA UNIDADE DE MANTENIMENTO DE VIAIS MUNICIPAIS	*8966	26	A1/A2	AE	AP
01	444-SERV. ELECTROMECHANICOS	XEFE/A ELECTROMECHANICOS	*3606	26	A1/A2	AE	CS
01	443-SERVIZO DE SUPERVISION DE PROXECTOS E ASISTENCIA TECNICA MUNICIPAL	XEFE/A OF.SUP.PROX.INSP.TCA.OBRAS E ASIST.MUNIC.		26	A1/A2	AE	V
01	150-TESSOURERIA	ADXUNTO/A TESOREIRO MUNICIPAL	*8742	27	A1	AE	AP
01	500-DIRECCION DE INGRESOS	ADXUNTO/A DIRECCION INGRESOS E INSP.EC.TRIBUTARIA	*7222	26	A1/A2	AG/AE	AP
01	301-BENESTAR SOCIAL	XEFE/A BENESTAR SOCIAL	*6662	26	A1/A2	AE	AP
01	113-ADMTRACION. ELECTRONICA	ADXUNTO/A XEFE/A SERVIZO ADMON. ELECTRONICA	*8150	26	A1	AE	AP

RPT	Codg Servizo	POSTO	Nº PERSOAL	CD	GRUPO	ESC	SITCON
01	234-ESTADISTICA	XEFE/A ESTADISTICA	*9579	26	A1/A2	AG/AE	CS
01	104-TURISMO	XEFE/A TURISMO		26	A1/A2	AE	V
01	329-SERVIZO DE FESTAS	XEFE/A SERVIZO FESTAS		26	A1/A2	AE	V
01	333-XUVENTUDE	XEFE/A XUVENTUDE	*9028	26	A1/A2	AE	AP
02	611-SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES	ADXUNTO XEFATURA SERVIZO DEPORTES-DTOR. TECNCO	*8252	27	A1		AP
01	413-PATRIMONIO HISTORICO	XEFE/A PATRIMONIO HISTORICO	*6440	26	A1/A2	AE	AP
01	331-IGUALDADE	XEFE/A IGUALDADE	*8121	26	A1/A2	AE	AP
01	320-PARTICIPACION CIDADA	XEFE/A PARTICIPACION CIDADA E DESENVOL.LOCAL	*9872	26	A1/A2	AG/AE	CS
01	446-MONTES PARQUES E XARDINS	XEFE/A MONTES, PARQUES E XARDINS	*7549	26	A1/A2	AE	AP
01	446-MONTES PARQUES E XARDINS	ADXUNTO/A XEFE/A MONTES, PARQUES E XARDINS	*1485	26	A1/A2	AE	AP
1	212-Policía Local	INTENDENTE POLICIA LOCAL	*8320	27	A1	AE	O-AP
1	212-Policía Local	INTENDENTE PRINCIPAL		28	A1	AE	V
4	212-Policía Local	INSPECTOR/A PRINCIPAL POLICIA LOCAL	*6473 *7815	26	A2	AE	O-AP O-AP V V
1	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. ATESTADOS E INVESTIGACION DE A.	*9352	24	A2	AE	O-AP
1	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. ESPECIAL SEGURIDADE	*6475	24	A2	AE	O-AP
1	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. MOBILIDADE E TRANSPORTE	*1048	24	A2	AE	O-AP
1	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. PROCESOS E INTERIORES	*7020	24	A2	AE	O-AP
10	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. PROTECCION CIDADA	*6975 *5728 *9359 *7039 *8763 *8425 *6477	24	A2	AE	O-AP O-AP O-AP O-AP O-AP O-AP O-AP V V V
1	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. PROTECCION E INVESTIGACION	*6478	24	A2	AE	O-AP
02	611-SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES	XEFE/A DE SERVIZO DE DEPORTES-DIRECTOR DEPORTIVO	*0601	28	A1	AE	AP
01	143-CONTABILIDADE	RESPONSABLE DE CONTABILIDADE ANALITICA E CUSTES DE SERV E ACTIVS.	*8939	28	A1	AG/AE	AP
01	210-MOBILID TRANSP E SEGURIDADE	XEFE/A DE SEGURIDADE	*8302	28	A1	AG	AP

## II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### 1.- Marco normativo respecto da provisión de postos e prelación de fontes.

**-Marco normativo.-** O artigo 149.18 da Constitución Española establece a competencia exclusiva do Estado sobre as bases do réxime xurídico das Administracións Públicas e réxime



## Concello de Vigo

estatutario dos seus funcionarios que, en todo caso, garantirán aos administrados un tratamento común ante estas.

A Carta Magna prevé a existencia dunha reserva de lei do estatuto xeral dos funcionarios públicos no seu artigo 103.3, así como o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade, as peculiaridades do exercicio do seu dereito á sindicación, o sistema de incompatibilidades e as garantías para a imparcialidade no exercicio dos seus funcións. En este sentido a Sentenza do Tribunal Constitucional 99/1987, de 11 de xuño delimita o contido da reserva de lei do estatuto dos funcionarios públicos, declarando

*“c) En el primer inciso de su art. 103.3 la Constitución ha reservado a la Ley la regulación de la situación personal de los funcionarios públicos y de su relación de servicio o «régimen estatutario», por emplear la expresión que figura en el art. 149.1.18 de la misma Norma fundamental. Es éste, desde luego, un ámbito cuyos contornos no pueden definirse en abstracto y a priori, pero en el que ha de entenderse comprendida, en principio, la normación relativa a la adquisición y pérdida de la condición de funcionario, a las condiciones de promoción en la carrera administrativa y a las situaciones que en ésta puedan darse, a los derechos y deberes y responsabilidad de los funcionarios y a su régimen disciplinario, así como a la creación e integración, en su caso, de Cuerpos y Escalas funcionariales y al modo de provisión de puestos de trabajo al servicio de las Administraciones Públicas, ...*

Así, a Constitución establece a competencia exclusiva do Estado respecto ao réxime estatutario dos funcionarios públicos común a todas as Administracións Públicas formulado a través de bases que poderán ser desenvoltas polas Comunidades Autónomas, e en particular sobre un dos aspectos do seu estatuto xurídico, no que aquí nos atinxe, ao modo de provisión dos postos de traballo ao servizo das Administracións Públicas. Cómpre ter así mesmo presente a competencia exclusiva do Estado sobre lexislación laboral (artigo 149.1.17ª Constitución Española).

### **- Lexislación aplicable.-**

A provisión de postos na administración local rexérase pola lexislación básica estatal, sendo de aplicación os preceptos básicos da lexislación sobre función pública previstas no Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), e función pública local da Lei 7/1985, Reguladora de bases de réxime local (LRBRL) así como aqueles preceptos básicos do Real Decreto 781/1986, de 18 abril polo que se aproba o Texto Refundido de Réxime Local.

Tras os preceptos básicos e dada a ausencia de desenvolvemento normativo do TREBEP neste aspecto por parte do lexislador estatal básico, no que atinxe estritamente á provisión de postos de traballo serán de aplicación as previsións en materia de función pública local da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en atención ao principio de xerarquía normativa desta norma (artigo 9.3 CE 1978) Lei 2/2015.

A lei autonómica en materia de función pública desenvólvese regulamentariamente en materia de mobilidade e provisión mediante o Decreto 151/2022, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas

instrumentais integrantes do sector público autonómico, aplicable segundo o seu artigo 2.2 ao persoal funcionario de carreira da Administración Local no non reservado á lexislación do Estado, e sen prexuízo da aplicación da lexislación específica para o persoal funcionario de Administración local con habilitación con carácter nacional, e vén a colmar as lagunas existentes na lexislación autonómica derogando en particular os artigos 1 a 17 e Disposición transitoria Terceira do Decreto 93/1991, de 20 de marzo. Pola súa banda, resulta igualmente de aplicación supletoria o Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Tras a normativa exposta de carácter legal e regulamentario resulta aplicable o Acordo Regulador de Condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivo dos empregados integrados no Cadro de persoal do Concello de Vigo de data 28/12/1998.

## **2 -Concurso específico como sistema de provisión de postos.**

-Os artigos 101 e 102 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local establecen que:

### Artigo 101

*Los puestos de trabajo vacantes que deban ser cubiertos por los funcionarios a que se refiere el artículo anterior se proveerán en convocatoria pública por los procedimientos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedimientos en todas las Administraciones públicas.*

*En dichas convocatorias de provisión de puestos de trabajo, además de la participación de los funcionarios propios de la entidad convocante, podrán participar los funcionarios que pertenezcan a cualquiera de las Administraciones públicas, quedando en este caso supeditada la participación a lo que al respecto establezcan las relaciones de puestos de trabajo.*

### Artigo 102

*1. Las pruebas de selección y los concursos para la provisión de puestos de trabajo, a que se refiere el presente capítulo, se regirán por las bases que apruebe el Presidente de la Corporación, a quien corresponderá su convocatoria.*

*2. En las pruebas selectivas, el tribunal u órgano similar elevará la correspondiente relación de aprobados al Presidente de la Corporación para hacer el nombramiento, a quien también corresponderá la resolución motivada de los concursos para la provisión de puestos de trabajo, previa propuesta de aquellos órganos de selección."*



## Concello de Vigo

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia, contempla no seu artigo 89 o concurso como sistema ordinario de provisión de postos de traballo:

1. El concurso es el procedimiento normal de provisión de puestos de trabajo por el personal funcionario de carrera y consiste en la valoración de los méritos y capacidades y, en su caso, aptitudes de los candidatos conforme a las bases establecidas en la correspondiente convocatoria.

El concurso puede ser ordinario o específico.

2. Los concursos para la provisión de puestos de trabajo pueden convocarse para la generalidad de los puestos de trabajo vacantes, para puestos de trabajo de un determinado ámbito o para puestos de trabajo concretos, en atención a las necesidades del servicio. En todo caso, no se incluirán en ellos los puestos de trabajo que tengan adscrito personal funcionario de carrera por motivos de salud o rehabilitación o por motivos de violencia de género.

No obstante, el personal funcionario de carrera que esté adscrito por motivos de salud o rehabilitación a un puesto de trabajo en distinta localidad de aquella en la que tenga su destino definitivo estará obligado a participar en los concursos de provisión, para puestos adecuados a su cuerpo o escala, que se convoquen y a solicitar todos los puestos situados en la misma localidad del puesto al que figure adscrito provisionalmente.

El incumplimiento de esta obligación determinará el cese en el puesto en el que figure adscrito por motivos de salud o rehabilitación.

Lo dispuesto en este apartado será de aplicación en exclusiva a los puestos de personal funcionario de administración general y especial. En el caso del personal funcionario de la Administración de justicia, personal docente o personal estatutario del sistema de salud, no será de aplicación directa, y se observará su regulación específica.

3. Para la valoración de los méritos, capacidades y, en su caso, aptitudes de los candidatos, se crearán comisiones de valoración, con la composición y el régimen de funcionamiento que se determinen reglamentariamente, garantizándose en los casos de los concursos ordinarios la participación de la representación del personal. La composición de estos órganos responderá a los principios de profesionalidad y especialización de sus miembros y se adecuará al criterio de paridad entre hombre y mujer. Su funcionamiento se ajustará a los principios de imparcialidad y objetividad.

4. Las convocatorias para proveer puestos de trabajo por concurso deben incluir, en todo caso, los siguientes datos y circunstancias:

- a) La identificación de los puestos que se oferten.
- b) Los requisitos necesarios para participar en la convocatoria.
- c) El baremo de méritos.

5. En el ámbito de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia y de las entidades públicas instrumentales del sector público autonómico, los concursos para la provisión de puestos de personal funcionario de carrera deberán resolverse en el plazo de seis meses, a contar desde la publicación de las listas definitivas de personas admitidas y excluidas.

#### Artículo 91. Concurso específico.

1. El concurso específico se aplicará como sistema de provisión para aquellos puestos de trabajo para los que, por sus peculiaridades, así se determine en la relación de puestos de trabajo.

Las jefaturas de servicio o puestos de nivel equivalente se proveerán por este sistema, salvo aquellos que, por sus especiales características, deban proveerse por el sistema de libre designación, con convocatoria pública.

2. Para participar en los concursos específicos regulados en este artículo es requisito necesario una antigüedad mínima de tres años como personal funcionario de carrera.

Además, el personal funcionario de carrera que ocupe con carácter definitivo un puesto de trabajo obtenido por concurso debe permanecer en él un mínimo de seis meses para poder participar en los concursos específicos regulados en este artículo.

3. El concurso específico consiste en la valoración de los méritos y las capacidades, conocimientos o aptitudes determinados en cada convocatoria, y relacionados con el puesto de trabajo a proveer.

4. La valoración global de los méritos, generales y específicos, supondrá como mínimo el cincuenta y cinco por ciento de la puntuación máxima alcanzable.

5. Para la valoración de las capacidades, conocimientos o aptitudes, la convocatoria puede incluir la realización de pruebas de carácter práctico, memorias, entrevistas o tests profesionales, la valoración de informes de evaluación u otros sistemas similares. Las características técnicas de estos medios de valoración deberán guardar relación directa con el perfil del puesto de trabajo a proveer y garantizar el respeto del principio de objetividad en aquella.

6. Las convocatorias de los concursos específicos podrán establecer una puntuación mínima para la adjudicación de los puestos, que, en el caso de que no sea alcanzada por ninguna de las personas candidatas, determinará la declaración del concurso como desierto.

7. Los puestos de trabajo obtenidos por el procedimiento de concurso específico serán objeto de una valoración cada cinco años, en los términos que se establezcan reglamentaria-



## Concello de Vigo

mente, a efectos de la determinación de la continuidad o remoción de la persona titular del puesto en los términos previstos por el artículo 94, sin perjuicio del sistema general de evaluación del desempeño aplicable a todos los empleados públicos.

O procedemento de provisión de postos mediante concurso específico vén desenvolto polo RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento General de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración general do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración general del Estado no seu artigo 45 e respecto da lexislación autonómica polo Decreto 151/22, de 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico no seu artigo 20.

Será de aplicación o Acordo Regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, adaptándose ás previsións do I Plan de Igualdade do Concello de Vigo así como ás do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento del sector público por medios electrónicos.

### III.- NEGOCIACIÓN COLECTIVA.

De conformidade co artigo 37.2, apartado e) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) están expresamente excluídas da obrigatoriedade da negociación as seguintes materias: e) *La regulación y determinación concreta, en cada caso, de los sistemas, criterios, órganos y procedimientos de acceso al empleo público y la promoción profesional.*

A proposta de criterios xerais para a execución das convocatorias de provisión de postos mediante o sistema de concurso específico dos postos de traballo A1 e A2 (expte. 41.702-220 ) foi sometida a negociación colectiva na sesión ordinaria da Mesa Xeral de Negociación de data 08/05/23, sendo os puntos da orde do día a aprobación de actas anteriores e Proposta de aprobación de criterios xerais para a provisión mediante o procedemento de concurso específico dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación.

A proposta foi sometida a votación quedando vinculada á modificación nos termos negociados, “para o cal remitirase á representación sindical con carácter previo a súa aprobación; sendo o resultado da votación: dous votos a favor (UXT e CIG), un voto en contra (CCOO) e unha abstención (SICO)”. Consta informe complementario de data

04/07/23 á proposta ao cal se incorporaron aquelas aportacións sindicais efectuadas na sesión negocial indicada, remitíndose á representación sindical previo estudo e fundamentación xurídica e sen que consten outras achegas ou alegacións no trámite efectuado. (trám. 68 e 69 do expediente).

#### **IV.- PROPOSTA DE CRITERIOS XERAIS PARA A PROVISIÓN MEDIANTE CONCURSO ESPECÍFICO DOS POSTOS DE TRABALLO CORRESPONDENTES AOS SUBGRUPOS A1 E A2 DE TITULACIÓN.**

Como resultado do proceso de negociación desenvolto cos sindicatos, así como dos antecedentes e informes que constan no expediente, así como ao Plan de Igualdade do Concello de Vigo, os criterios xerais para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación que se propoñen son os seguintes:

**Obxecto.**- Constitúe o obxecto da proposta os criterios xerais que rexerán a convocadora e bases para a provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 en situación de cobertura provisional ou vacante, susceptibles de ser convocados para a súa provisión definitiva mediante o procedemento de concurso específico:

**Baremo para puntuación dos méritos.** Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliábeis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

**1.1.- PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos.** A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

**A).- Méritos xerais.**- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

##### **1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)**

O grao persoal consolidado como persoal funcionario do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.





## Concello de Vigo

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

### **1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)**

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de funcionario ou funcionaria de carreira, ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

### **1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos).**

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

### **1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)**

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A experiencia profesional recollida no apartado 1.2.1 que exceda do límite máximo establecido no devandito apartado valorarase neste apartado de valoración de traballo desenvolvido (1.1.4) tendo en conta a distinción da puntuación por niveis de complemento de destino establecida nos subapartados anteriores.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.2.1.)

### **1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)**

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas impartidas ou recibidas como empregados públicos, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións pública. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.



## Concello de Vigo

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

### **1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)**

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 punto
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

### **1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)**

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

**B).- Méritos específicos.** A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

### **1.1.8. EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 8 puntos)**

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

### **1.1.9.- FORMACIÓN ESPECÍFICA (ata máximo 12 puntos)**

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca (especificaranse as materias segundo o posto a convocar)

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.



## Concello de Vigo

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación de aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas, nin os cursos sen acreditación de aproveitamento.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

A formación específica que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.5

### **1.2. -SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)**

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidad de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

**Criterios de desempate.**- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento



## Concello de Vigo

- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio

As bases deberán recoller o compromiso do Concello de Vigo coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como o compromiso da Comisión de valoración no cumprimento deste principio.

### **V.- PROPOSTA DE BASES REITORAS DO PROCEDIMENTO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO ESPECÍFICO (SUBGRUPOS A1 E A2).**

**I.- Obxecto.-** Constitúe o obxecto da presente convocatoria o procedemento para a provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 en situación de cobertura provisional ou vacante, susceptibles de ser convocados para a súa provisión definitiva, segundo informe técnico de data 02/10/23 rectificado por informe técnico de 06/10/23, excluindo os postos que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou rehabilitación ou por motivos de violencia de xénero e de conformidade coas prioridades debidamente motivadas nos informes de calendarización da convocatoria.

### **II.- Identificación dos postos ofertados. Denominación, nivel, localización e requisitos indispensables para o desempeño do posto.**

a).- Os postos que se inclúen no procedemento de provisión de postos mediante o sistema de concurso específico obxecto da presente convocatoria, relaciónanse no informe técnico de data 02/10/23 rectificado por informe técnico de 06/10/23, incorporándose como Anexo III a relación de postos de traballo A1 e A2 de titulación con forma de provisión concurso específico.

b).- Os requisitos para o desempeño de cada posto de traballo incluído no procedemento de provisión mediante o sistema de concurso específico, constan na Relación de Postos de Traballo vixente, dispoñible no Portal de Transparencia da web municipal [Portal Transparencia Concello de Vigo](#).

c).- Respecto ás funcións asociadas aos postos convocados, consta igualmente dispoñibles as guías de funcións do Concello de Vigo no Portal de Transparencia da web municipal [Portal Transparencia Concello de Vigo](#), nas que se enumeran as especificacións derivadas da natureza das funcións e a relación das principais tarefas e responsabilidades dos postos.

### **III.- Condición dos aspirantes e requisitos de participación.**

Poderá participar no procedemento obxecto de convocatoria o persoal do Concello de Vigo que reúna os seguintes requisitos:

- requisitos legalmente establecidos segundo a lexislación vixente e artigo 56 TREBEP.
- ostentar a condición de funcionario/a de carreira do Concello de Vigo (agás os supostos nos que a provisión do posto -agás o persoal en situación de suspensión en firme- que cumpra os requisitos de titulación que en cada caso se establezcan.
- atoparse incluído no grupo e subgrupo de titulación e Escala correspondente ao posto de traballo ofertado (Grupo A, Subgrupo A1,A2 ou A1/A2)
- antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.
- estar en posesión da titulación requirida segundo a Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo actualmente vixente.

As persoas aspirantes deberán reunir os requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da toma de posesión.

### **IV. Presentación das solicitudes de participación e forma de presentación da documentación.**

#### **a).- Prazo de presentación.**

As solicitudes deberán dirixirse ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Vigo sendo o prazo de presentación de solicitudes de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, sen prexuízo das publicacións que se efectúen nos boletíns oficiais, web e taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo.

#### **b).- Presentación electrónica obrigatoria.-**

Os/as aspirantes deberán presentar obrigatoriedade a solicitude xunto coa documentación acreditativa dos méritos valorables segundo a base III anterior, mediante solicitude electrónica no Rexistro Xeral do Concello de Vigo- sede electrónica accesible vía web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)- de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no Real Decreto 203/2021, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do Sector público por medios electrónicos.





## Concello de Vigo

No suposto de que algunha das persoas interesadas presente a súa solicitude presencialmente, requeriraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que sexa realizada a emenda.

**c).- Solicitudes e documentación.-** As solicitudes xunto a seguinte documentación, deberán achegarse exclusivamente dentro do prazo de presentación establecido:

- copia simple do D.N.I en vigor. Consultaranse automaticamente os datos referentes ao documento nacional de identidade, sempre que a persoa exprese o seu consentimento, no suposto de que se opoña deberá indicalo na solicitude.
- *Currículum vitae* que conteña relación individualizada e numerada de méritos, formación e traxectoria profesional que se alegan e documentación acreditativa, todo o cal deberá achegarse dentro do prazo establecido.
- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da Escala, praza, grupo e subgrupo e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas nas que desenvolve o traballo e períodos correspondentes.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais o estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala correspondente.
- Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- Memoria.- segundo o disposto na Base III, apartado 1.2.3.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá documentación nin xustificación dos requisitos ou dos méritos que non sexa a subsanación segundo o establecido no artigo 68 da lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A comisión de valoración poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non poderá pedir nova documentación para acreditar méritos unicamente alegados e non acreditados.

No suposto de optar a varios postos ofertados deberá sinalarse a orde de preferencia.

## **V.- Relación de admitidos e excluídos.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e previamente ao inicio das valoracións pola comisión, procederá a publicación no taboleiro de anuncios e edictos da lista de admitidos e excluídos, xunto cos motivos da exclusión, para que os interesados/as podan subsanar a causa de exclusión, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 outubro, no prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte á data de publicación da listaxe provisional de admitidos e excluídos. Unha vez rematado o prazo de subsanacións publicarase a listaxe definitiva de admitidos.

## **VI- Baremo para puntuación dos méritos.**

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e na segunda os méritos específicos adecuados ás características do posto convocado. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

**1.1.- PRIMEIRA FASE.-** A valoración máxima dos méritos xerais será de 20 puntos, sendo necesario alcanzar unha puntuación mínima de 10 puntos para acceder á segunda fase.

### **1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)**

O grao persoal consolidado como persoal funcionario do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 1 punto.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 puntos.

### **1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)**

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de funcionario ou funcionaria de carreira, ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados



## Concello de Vigo

### **1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos)**

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.
- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.
- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.
- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

### **1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)**

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A experiencia profesional recollida no apartado 1.2.1 que exceda do límite máximo establecido no devandito apartado valorarase neste apartado de valoración de traballo desenvolvido (1.1.4) tendo en conta a distinción da puntuación por niveis de complemento de destino establecida nos subapartados anteriores.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.2.1.)

### **1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)**

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas impartidas ou recibidas como empregados públicos, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións pública.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

### **1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)**

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concurse e sexa de igual ou superior nivel académico

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 punto
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.



## Concello de Vigo

### 1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos

**1.2. SEGUNDA FASE:** A valoración máxima desta segunda fase será de 30 puntos, sendo necesaria unha puntuación final mínima na mesma de 20 puntos para superar esta fase. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

#### 1.2.1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 10 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,25 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

### **1.2.2.- FORMACIÓN ESPECÍFICA (ata máximo 10 puntos)**

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca (especificaranse as materias segundo o posto a convocar)

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación de aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas, nin os cursos sen acreditación de aproveitamento.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

A formación específica que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.5

### **1.2.3.- MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)**

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.



## Concello de Vigo

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condiciónes, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efec-

tos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

**Criterios de desempate.-** En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio

## **VII.- Comisión de Valoración**

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado de carácter técnico encargado da valoración dos méritos e capacidades e, no seu caso, aptitudes dos candidatos ou coñecementos alegados, así como de efectuar a proposta de adxudicación dos postos de traballo convocados. A súa composición responde ao principio de profesionalidade e especialización dos seus membros e se adecuará ao criterio de paridade entre muller e home. O seu funcionamento axustarase ás a las regras de imparcialidade e obxectividade así como ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Comisión de valoración terá carácter colexiado e estará integrado un número impar de membros con dereito a voto, debendo pertencer a Corpos ou Escalas de Grupo de titulación igual ou superior ao esixido para os postos convocados e ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto.

Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, podendo acordar o nomeamento dun/dunha experto/a especialista na materia que deberá comparecer a título individual en calidade de asesor/a, e que actuará con voz e sen voto.

### **Presidente/a:**

-Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter estatal, encadrado no subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello encadrado nos subgrupos A1 ou A2 de titulación,





## Concello de Vigo

designado/a previa proposta técnica pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

Corresponde á/ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

### **Secretario/a:**

-Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico/a de administración xeral do Concello de Vigo encadrado no subgrupo A1 de titulación, designado/a previa proposta técnica pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas nas Lei 39 e 40/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo e do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

### **Vogais:**

-Tres funcionarios/as do Concello de Vigo integrados como mínimo no subgrupo A1 ou A2 de titulación, propostos previa proposta técnica pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que comparecerán en todo caso a título individual.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes.

Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas de abstención e recusación contidas nos artigos 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 24 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivarse na acta.

A Comisión de Valoración poderá, mediante acordo expreso documentado na acta da primeira sesión ou da sesión constitutiva, de estímalo necesario e imprescindible para o adecuado desenvolvemento do proceso de selección, solicitar o apoio técnico e administrativo do persoal adscrito á Área de Recursos Humanos e Formación, que en ningún caso poderá custodiar documentación nin actas; nin estar presente nas deliberacións, correccións e/ou avaliacións que se realicen polo órgano de selección, baixo a responsabilidade directa da Presidencia do órgano de selección.

A actuación da Comisión de Valoración, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións das Lei 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo e do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

### **VIII.- Procedemento de valoración e resolución.**

A valoración dos méritos deberá efectuarse mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da Comisión de Valoración, debendo desecharse a estes efectos a máxima e a mínima concedidas ou, no seu caso, unha das que aparezcan repetidas como tales. As puntuacións outorgadas, así como a valoración final, deberán reflectirse na acta que se levantará ao efecto.

A proposta de resolución deberá recaer sobre o candidato con maior puntuación, sumados os resultados finais das dúas fases, publicándose a listaxe provisional de aspirantes por orde de puntuación na web e no taboleiro de edictos do Concello de Vigo, conferíndose audiencia aos interesados/as e dándoselles vista do expediente para que no prazo de 10 días hábiles a fin de que efectúen as alegacións que estimen oportunas, que serán resoltas motivadamente pola comisión en igual prazo.

Resoltas as reclamacións, se as houberse e, en caso contrario, rematado o prazo dos 10 días hábiles, a comisión de valoración elevará a proposta propoñendo os nomeamentos para os postos do candidato que obtivese a maior puntuación para cada posto, e a súa proposta será vinculante.

O prazo máximo para a resolución do concurso será de 2 meses, contados desde el día seguinte al de la finalización del de la presentación de solicitudes.

O persoal funcionario de carreira que accede ao posto mediante o procedemento de concurso específico poderá ser removido de conformidade co establecido no artigo 94.1 da Lei de Emprego Público de Galicia.

Os postos de traballo obtidos por este procedemento serán obxecto de valoración cada cinco anos de conformidade coa normativa de aplicación.

### **IX.- Toma de posesión.**

A toma de posesión deberá efectuarse no prazo de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia e sete días hábiles para o suposto de que comporte o devandito cambio. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será de un mes.

O prazo en ambos supostos comenizará a computarse a partir do día seguinte ao do cese, que deberá efectuarse na data que se determine na resolución definitiva do concurso.



## Concello de Vigo

O posto obtido será irrenunciábel salvo que con anterioridade á finalización do prazo de toma de posesión que proceda en cada caso, o interesado obtivera outro posto por convocatoria pública, extremo que deberá comunicarse por escrito ao órgano convocante.

### **X.- Igualdade de oportunidades.**

As presentes bases recollen o compromiso do Concello de Vigo coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como o compromiso das Comisións de valoración no cumprimento deste principio.

As presentes bases xunto á resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial do Estado, Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios e edictos, e na web do Concello de Vigo e sede electrónica.

### **VI.- SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DA PROPOSTA DE ACORDO.**

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no R.D Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local; dado que, resulta susceptible de xerar obrigas económicas a futuro para o Concello de Vigo, polo cal o presente expediente electrónico será sometido á fiscalización da Intervención Xeral Municipal. O artigo 214 RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establece que:

Ámbito de aplicación e modalidades de exercicio da función interventora.

*1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.*

-En relación ao apartado 1 do informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral de data 11/10/23 debe facerse constar que non existe inconveniente en que pola Intervención Municipal se soliciten ao Servizo de Administración Electrónica os accesos pertinentes a todos aqueles programas, aplicacións ou bases de datos de persoal que resulten necesarios para o correcto exercicio da función fiscalizadora.

-Respecto á recomendación realizada na conclusión do informe de fiscalización de data 11/10/23 e de conformidade co este, sinalase que os importes do complemento específico anual están debidamente publicados no Portal de Transparencia <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=ga>, sen prexuízo da correspondente actualización conforme ao IPC; constando na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2023 aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local elevado a definitivo en sesión ordinaria de data 16/03/2023 (expte.40934/220), e publicada no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra, nº 93, de data 16/05/23, que consta para público coñecemento no portal de transparencia do Concello de Vigo, <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=ga>.

- Respecto ao erro consistente en duplicidade do posto “xefe/a de Servizo de Deportes-Director Deportivo, corríxese a duplicidade do Anexo III da proposta.

## **VII.- POSTOS DE TRABALLO SUSCEPTIBLES DE INCLUSIÓN NO PROCEDIMENTO DE PROVISIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO ESPECÍFICO.**

Segundo informe técnico de actualización de data 02/10/23 rectificado por informe técnico de 06/10/23, resultan de procedente inclusión no procedemento de provisión os postos de traballo A1 e A2 relacionados e que se atopan cubertos mediante adscrición provisional ou en situación de vacante e que deban ser provistos mediante o procedemento de concurso específico segundo a fundamentación xurídica e motivación que constan na memoria xustificativa da Relación de postos de traballo do Concello de Vigo de 2022 de data 27/06/22 (expte. 1690-110) que para público coñecemento consta anexada no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=ga>. Incorpórase a relación e identificación de postos de traballo A1 e A2 de titulación a prover polo sistema de concurso específico como Anexo III á presente proposta.

## **VIII.- PROCEDIMENTO.**

O procedemento de desenvolvemento do concurso rexeráse polo establecido nas bases da convocatoria e no marco normativo de aplicación relacionado no apartado segundo dos Fundamentos Xurídicos.

## **IX.- COMPETENCIA.**



## Concello de Vigo

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelles aos municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (delegacións competenciais contidas en (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023) e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Aprobar os criterios xerais reitores para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos a1 e A2 de titulación do Concello de Vigo, tras a negociación colectiva efectuada na Mesa Xeral de Negociación celebrada en data 08/05/23, e de conformidade co informe-proposta que antecede e cos restantes informes emitidos e incorporados ao presente expediente electrónico nº 41702/220; criterios que se incorporan como ANEXO I e que forman parte inseparable do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases reitoras do procedemento para a provisión polo sistema de concurso específico, dos postos vacantes ou provisionalmente ocupados encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación, e contidas no ANEXO II do presente acordo, do cal forman parte inseparable.

**TERCEIRO.-** Convocar o procedemento para a provisión mediante o sistema de concurso específico dos postos de traballo vacantes ou provisionalmente ocupados e encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación.

**CUARTO.-** Acordar a convocatoria periódica para a provisión daqueles postos de traballo que, segundo a relación de postos de traballo vixente, teñan establecido o concurso específico como forma de provisión e que se relacionan no ANEXO III.

**QUINTO.-** Ordenar a realización das publicacións nos diarios oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción no Taboleiro de anuncios e edictos, na web municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do

Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ANEXO I**

### **CRITERIOS XERAIS PARA A PROVISIÓN MEDIANTE CONCURSO ESPECÍFICO DOS POSTOS DE TRABALLO CORRESPONDENTES AOS SUBGRUPOS A1 E A2 DE TITULACIÓN.**

Como resultado do proceso de negociación desenvolto cos sindicatos, así como dos antecedentes e informes que constan no expediente, así como ao Plan de Igualdade do Concello de Vigo, os criterios xerais para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación que se propoñen son os seguintes:

**Obxecto.**- Constitúe o obxecto da proposta os criterios xerais que rexerán a convocadora e bases para a provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 en situación de cobertura provisional ou vacante, susceptibles de ser convocados para a súa provisión definitiva mediante o procedemento de concurso específico:

**Baremo para puntuación dos méritos.** Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliados:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

**1.1.- PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos.** A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

**A).- Méritos xerais.-** A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

**1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)**



## Concello de Vigo

O grao persoal consolidado como persoal funcionario do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

### **1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)**

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de funcionario ou funcionaria de carreira, ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

### **1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos).**

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

### **1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)**

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A experiencia profesional recollida no apartado 1.2.1 que exceda do límite máximo establecido no devandito apartado valorarase neste apartado de valoración de traballo desenvolvido (1.1.4) tendo en conta a distinción da puntuación por niveis de complemento de destino establecida nos subapartados anteriores.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.2.1.)

### **1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)**

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas impartidas ou recibidas como empregados públicos, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións pública. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública





## Concello de Vigo

e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

### **1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)**

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 punto
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

### **1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)**

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

**B).- Méritos específicos.** A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

#### **1.1.8. EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 8 puntos)**

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

#### **1.1.9.- FORMACIÓN ESPECÍFICA (ata máximo 12 puntos)**

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca (especificaranse as materias segundo o posto a convocar)



## Concello de Vigo

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación de aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas, nin os cursos sen acreditación de aproveitamento.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

A formación específica que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.5

### **1.2. -SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)**

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidad de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.



## Concello de Vigo

**Criterios de desempate.**- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio

As bases deberán recoller o compromiso do Concello de Vigo coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como o compromiso da Comisión de valoración no cumprimento deste principio.

### ANEXO II

#### BASES REITORAS DO PROCEDIMENTO PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO ESPECÍFICO (SUBGRUPOS A1 E A2).

**I.- Obxecto.**- Constitúe o obxecto da presente convocatoria o procedemento para a provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 en situación de cobertura provisional ou vacante, susceptibles de ser convocados para a súa provisión definitiva, segundo informe técnico de data 02/10/23 rectificado por informe técnico de 06/10/23, excluindo os postos que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou rehabilitación ou por motivos de violencia de xénero e de conformidade coas prioridades debidamente motivadas nos informes de calendarización da convocatoria.

#### **II.-Identificación dos postos ofertados. Denominación, nivel, localización e requisitos indispensables para o desempeño do posto.**

a).- Os postos que se inclúen no procedemento de provisión de postos mediante o sistema de concurso específico obxecto da presente convocatoria, relaciónanse no informe técnico de data 02/10/23 rectificado por informe técnico de 06/10/23, incorporándose como Anexo III a relación de postos de traballo A1 e A2 de titulación con forma de provisión concurso específico.

b).- Os requisitos para o desempeño de cada posto de traballo incluído no procedemento de provisión mediante o sistema de concurso específico, constan na Relación de Postos de Traballo vixente, dispoñible no Portal de Transparencia da web municipal [Portal Transparencia Concello de Vigo](#).

c).- Respecto ás funcións asociadas aos postos convocados, consta igualmente dispoñibles as guías de funcións do Concello de Vigo no Portal de Transparencia da web municipal [Portal Transparencia Concello de Vigo](#), nas que se enumeran as especificacións derivadas da natureza das funcións e a relación das principais tarefas e responsabilidades dos postos.

### **III.- Condición dos aspirantes e requisitos de participación.**

Poderá participar no procedemento obxecto de convocatoria o persoal do Concello de Vigo que reúna os seguintes requisitos:

- requisitos legalmente establecidos segundo a lexislación vixente e artigo 56 TREBEP.
- ostentar a condición de funcionario/a de carreira do Concello de Vigo (agás os supostos nos que a provisión do posto -agás o persoal en situación de suspensión en firme- que cumpra os requisitos de titulación que en cada caso se establezcan.
- atoparse incluído no grupo e subgrupo de titulación e Escala correspondente ao posto de traballo ofertado (Grupo A, Subgrupo A1,A2 ou A1/A2)
- antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.
- estar en posesión da titulación requirida segundo a Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo actualmente vixente.

As persoas aspirantes deberán reunir os requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da toma de posesión.

### **IV. Presentación das solicitudes de participación e forma de presentación da documentación.**

#### **a).- Prazo de presentación.**

As solicitudes deberán dirixirse ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Vigo sendo o prazo de presentación de solicitudes de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da



## Concello de Vigo

publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, sen prexuízo das publicacións que se efectúen nos boletíns oficiais, web e taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo.

### **b).- Presentación electrónica obrigatoria.-**

Os/as aspirantes deberán presentar obrigatoriamente a solicitude xunto coa documentación acreditativa dos méritos valorables segundo a base III anterior, mediante solicitude electrónica no Rexistro Xeral do Concello de Vigo- sede electrónica accesible vía web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)- de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no Real Decreto 203/2021, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do Sector público por medios electrónicos.

No suposto de que algunha das persoas interesadas presente a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarásese como data de presentación da solicitude aquela na que sexa realizada a emenda.

**c).- Solicitudes e documentación.-** As solicitudes xunto a seguinte documentación, deberán achegarse exclusivamente dentro do prazo de presentación establecido:

- copia simple do D.N.I en vigor. Consultaranse automaticamente os datos referentes ao documento nacional de identidade, sempre que a persoa exprese o seu consentimento, no suposto de que se opoña deberá indicalo na solicitude.
- *Currículum vitae* que conteña relación individualizada e numerada de méritos, formación e traxectoria profesional que se alegan e documentación acreditativa, todo o cal deberá achegarse dentro do prazo establecido.
- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da Escala, praza, grupo e subgrupo e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas nas que desenvolve o traballo e períodos correspondentes.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais o estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala correspondente.
- Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- Memoria.- segundo o disposto na Base III, apartado 1.2.3.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá documentación nin xustificación dos requisitos ou dos méritos que non sexa a subsanación segundo o establecido no artigo 68 da lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A comisión de valoración poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non poderá pedir nova documentación para acreditar méritos unicamente alegados e non acreditados.

No suposto de optar a varios postos ofertados deberá sinalarse a orde de preferencia.

#### **V.- Relación de admitidos e excluídos.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e previamente ao inicio das valoracións pola comisión, procederá a publicación no taboleiro de anuncios e edictos da lista de admitidos e excluídos, xunto cos motivos da exclusión, para que os interesados/as podan subsanar a causa de exclusión, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 outubro, no prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte á data de publicación da listaxe provisional de admitidos e excluídos. Unha vez rematado o prazo de subsanacións publicarase a listaxe definitiva de admitidos.

#### **VI- Baremo para puntuación dos méritos.**

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e na segunda os méritos específicos adecuados ás características do posto convocado. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

**1.1.- PRIMEIRA FASE.-** A valoración máxima dos méritos xerais será de 20 puntos, sendo necesario alcanzar unha puntuación mínima de 10 puntos para acceder á segunda fase.

##### **1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)**

O grao persoal consolidado como persoal funcionario do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 1 punto.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 puntos.





## Concello de Vigo

### **1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)**

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de funcionario ou funcionaria de carreira, ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

### **1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos)**

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

### **1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)**

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A experiencia profesional recollida no apartado 1.2.1 que exceda do límite máximo establecido no devandito apartado valorarase neste apartado de valoración de traballo desenvolvido (1.1.4) tendo en conta a distinción da puntuación por niveis de complemento de destino establecida nos subapartados anteriores.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.2.1.)

### **1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)**

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas impartidas ou recibidas como empregados públicos, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións pública.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

### **1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)**



## Concello de Vigo

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 punto
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

### **1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)**

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos

**1.2. SEGUNDA FASE:** A valoración máxima desta segunda fase será de 30 puntos, sendo necesaria unha puntuación final mínima na mesma de 20 puntos para superar esta fase. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

#### **1.2.1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 10 puntos)**

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,25 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

### **1.2.2.- FORMACIÓN ESPECÍFICA (ata máximo 10 puntos)**

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca (especificaranse as materias segundo o posto a convocar)

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación de aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas, nin os cursos sen acreditación de aproveitamento.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.



## Concello de Vigo

A formación específica que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.5

### **1.2.3.- MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)**

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.

- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

**Criterios de desempate.-** En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concurra
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio

## **VII.- Comisión de Valoración**

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado de carácter técnico encargado da valoración dos méritos e capacidades e, no seu caso, aptitudes dos candidatos ou coñecementos alegados, así como de efectuar a proposta de adxudicación dos postos de traballo convocados. A súa composición responde ao principio de profesionalidade e especialización dos seus membros e se adecuará ao criterio de paridade entre muller e home. O seu funcionamento axustarase ás a las regras de imparcialidade e obxectividade así como ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



## Concello de Vigo

A Comisión de valoración terá carácter colexiado e estará integrado un número impar de membros con dereito a voto, debendo pertencer a Corpos ou Escalas de Grupo de titulación igual ou superior ao esixido para os postos convocados e ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto.

Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, podendo acordar o nomeamento dun/dunha experto/a especialista na materia que deberá comparecer a título individual en calidade de asesor/a, e que actuará con voz e sen voto.

### **Presidente/a:**

-Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter estatal, encadrado no subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello encadrado nos subgrupos A1 ou A2 de titulación, designado/a previa proposta técnica pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

Corresponde á/ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

### **Secretario/a:**

-Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico/a de administración xeral do Concello de Vigo encadrado no subgrupo A1 de titulación, designado/a previa proposta técnica pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas nas Lei 39 e 40/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo e do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

### **Vogais:**

-Tres funcionarios/as do Concello de Vigo integrados como mínimo no subgrupo A1 ou A2 de titulación, propostos previa proposta técnica pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que comparecerán en todo caso a título individual.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes.

Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas de abstención e recusación contidas nos artigos 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 24 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivarse na acta.

A Comisión de Valoración poderá, mediante acordo expreso documentado na acta da primeira sesión ou da sesión constitutiva, de estimalo necesario e imprescindible para o adecuado desenvolvemento do proceso de selección, solicitar o apoio técnico e administrativo do persoal adscrito á Área de Recursos Humanos e Formación, que en ningún caso poderá custodiar documentación nin actas; nin estar presente nas deliberacións, correccións e/ou avaliacións que se realicen polo órgano de selección, baixo a responsabilidade directa da Presidencia do órgano de selección.

A actuación da Comisión de Valoración, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións das Lei 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo e do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

### **VIII.- Procedemento de valoración e resolución.**

A valoración dos méritos deberá efectuarse mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da Comisión de Valoración, debendo desecharse a estes efectos a máxima e a mínima concedidas ou, no seu caso, unha das que aparezcan repetidas como tales. As puntuacións outorgadas, así como a valoración final, deberán reflectirse na acta que se levantará ao efecto.

A proposta de resolución deberá recaer sobre o candidato con maior puntuación, sumados os resultados finais das dúas fases, publicándose a listaxe provisional de aspirantes por orde de puntuación na web e no taboleiro de edictos do Concello de Vigo, conferíndose audiencia aos interesados/as e dándoselles vista do expediente para que no prazo de 10 días hábiles a fin de que efectúen as alegacións que estimen oportunas, que serán resoltas motivadamente pola comisión en igual prazo.

Resoltas as reclamacións, se as houbese e, en caso contrario, rematado o prazo dos 10 días hábiles, a comisión de valoración elevará a proposta propoñendo os nomeamentos para os postos do candidato que obtivese a maior puntuación para cada posto, e a súa proposta será vinculante.

O prazo máximo para a resolución do concurso será de 2 meses, contados desde el día seguinte al de la finalización del de la presentación de solicitudes.

O persoal funcionario de carreira que accede ao posto mediante o procedemento de concurso específico poderá ser removido de conformidade co establecido no artigo 94.1 da Lei de Emprego Público de Galicia.

Os postos de traballo obtidos por este procedemento serán obxecto de valoración cada cinco anos de conformidade coa normativa de aplicación.

### **IX.- Toma de posesión.**





## Concello de Vigo

A toma de posesión deberá efectuarse no prazo de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia e sete días hábiles para o suposto de que comporte o devandito cambio. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será de un mes.

O prazo en ambos supostos comenzará a computarse a partir do día seguinte ao do cese, que deberá efectuarse na data que se determine na resolución definitiva do concurso.

O posto obtido será irrenunciábel salvo que con anterioridade á finalización do prazo de toma de posesión que proceda en cada caso, o interesado obtivera outro posto por convocatoria pública, extremo que deberá comunicarse por escrito ao órgano convocante.

### X.- Igualdade de oportunidades.

As presentes bases recollen o compromiso do Concello de Vigo coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como o compromiso das Comisións de valoración no cumprimento deste principio.

As presentes bases xunto á resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial do Estado, Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios e edictos, e na web do Concello de Vigo e sede electrónica.

### ANEXO III

RPT	Codg Servizo	POSTO	Nº PERSOAL	CD	GRUPO	ESC	SITCON
01	315-CEDRO	XEFE/A CEDRO	*7458	26	A1	AE	AP
01	242-CONTRATAACION	XEFE/A DO SERVIZO DE CONTRATACION		28	A1	AG	V
01	441-SERVIZO DE VIAS E OBRAS	XEFE/A SERVIZO VIAS E OBRAS E INFRAESTRUCTURAS	*1985	28	A1	AE	CS
01	215-MEDIO AMBIENTE	XEFE/A SERVIZOS MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO	*1640	28	A1	AG	AP
01	241-SERVIZO PATRIMONIO	XEFE/A SERVIZO PATRIMONIO	*1605	28	A1	AG	AP
01	143-CONTABILIDADE	XEFE/A SERVIZO CONTABILIDADE XERAL		28	A1	AG/AE	V
01	143-CONTABILIDADE	RESPONS.CONTAB.ANALITICA E CUSTOS SERV. E ACTIV.	*8939	28	A1	AG/AE	AP
01	449-TRANSPORTES	XEFE/A SERVIZO TRANSPORTES	*5148	28	A1	AG	AP
01	502-INSPECCION DE TRIBUTOS	XEFE/A SERVIZO INSPECCION TRIBUTOS	*0549	28	A1	AG/AE	AP
01	342-ADMINISTRACION XERAL DE EDUCACION	XEFE/A SERVIZO EDUCACION	*8248	28	A1	AG/AE	AP
02	611-SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES	XEFE/A SERVIZO DEPORTES-DIRECTOR DEPORTIVO	*0601	28	A1		AP
01	210-MOBILI, TRANSP E SEGURIDADE	ASESOR/A XURIDICO/A ADXUNTO/A	*6266	28	A1	AG/AE	AP

RPT	Codg Servizo	POSTO	Nº PERSOAL	CD	GRUPO	ESC	SITCON
01	300-XEFATURA ACCION SOCIAL	ASESOR/A XURIDICO/A ADXUNTO/A	*2421	28	A1	AG/AE	AP
01	257-LIMPEZA: XESTION DE RESIDUOS	XEFE/A LIMPEZA	*8894	28	A1	AE	AP
01	14-MUSEOS	XEFE/A MUSEOS MUNICIPAIS		26	A1/A2	AE	V
01	14-MUSEOS	DIRECTOR/A MUSEO	*6439	26	A1/A2	AE	AP
01	328-AREA DE CULTURA	XEFE/A SERVIZO DE XESTION E PROMOCION CULTURAL	*7210	26	A1/A2	AG/AE	AP
01	440-AREA SEV.XERAIS E VIAS E OBRAS	XEFE/A SERVIZO ADMVO.E DE CONTROL ORZAMENTARIO	*9389	26	A1/A2	AG/AE	CS
01	442-TALLER VIAS E OBRAS	XEFE DA UNIDADE DE MANTENIMENTO DE VIAS MUNICIPAIS	*8966	26	A1/A2	AE	AP
01	444-SERV. ELECTROMECHANICOS	XEFE/A ELECTROMECHANICOS	*3606	26	A1/A2	AE	CS
01	443-SERVIZO DE SUPERVISION DE PROXECTOS E ASISTENCIA TECNICA MUNICIPAL	XEFE/A OF.SUP.PROX.,INSP.-TCA.OBRAS E ASIST.MUNIC.		26	A1/A2	AE	V
01	150-TEsourERIA	ADXUNTO/A TESOUREIRO MUNICIPAL	*8742	27	A1	AE	AP
01	500-DIRECCION DE INGRESOS	ADXUNTO/A DIRECCION INGRESOS E INSP.EC.TRIBUTARIA	*7222	26	A1/A2	AG/AE	AP
01	301-BENESTAR SOCIAL	XEFE/A BENESTAR SOCIAL	*6662	26	A1/A2	AE	AP
01	113-ADMTRACION. ELECTRONICA	ADXUNTO/A XEFE/A SERVIZO ADMON. ELECTRONICA	*8150	26	A1	AE	AP
01	234-ESTADISTICA	XEFE/A ESTADISTICA	*9579	26	A1/A2	AG/AE	CS
01	104-TURISMO	XEFE/A TURISMO		26	A1/A2	AE	V
01	329-SERVIZO DE FESTAS	XEFE/A SERVIZO FESTAS		26	A1/A2	AE	V
01	333-XUVENTUDE	XEFE/A XUVENTUDE	*9028	26	A1/A2	AE	AP
02	611-SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES	ADXUNTO XEFATURA SERVIZO DEPORTES-DTOR. TECNCO	*8252	27	A1		AP
01	413-PATRIMONIO HISTORICO	XEFE/A PATRIMONIO HISTORICO	*6440	26	A1/A2	AE	AP
01	331-IGUALDADE	XEFE/A IGUALDADE	*8121	26	A1/A2	AE	AP
01	320-PARTICIPACION CIDADA	XEFE/A PARTICIPACION CIDADA E DESENVOL.LOCAL	*9872	26	A1/A2	AG/AE	CS
01	446-MONTES PARQUES E XARDINS	XEFE/A MONTES, PARQUES E XARDINS	*7549	26	A1/A2	AE	AP
01	446-MONTES PARQUES E XARDINS	ADXUNTO/A XEFE/A MONTES, PARQUES E XARDINS	*1485	26	A1/A2	AE	AP
1	212-Policía Local	INTENDENTE POLICIA LOCAL	*8320	27	A1	AE	O-AP
1	212-Policía Local	INTENDENTE PRINCIPAL		28	A1	AE	V
4	212-Policía Local	INSPECTOR/A PRINCIPAL POLICIA LOCAL	*6473 *7815	26	A2	AE	O-AP O-AP V V
1	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. ATESTADOS E INVESTIGACION DE A.	*9352	24	A2	AE	O-AP
1	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. ESPECIAL SEGURIDADE	*6475	24	A2	AE	O-AP
1	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. MOBILIDADE E TRANSPORTE	*1048	24	A2	AE	O-AP
1	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. PROCESOS E INTERIORES	*7020	24	A2	AE	O-AP
10	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. PROTECCION CIDADA	*6975 *5728 *9359 *7039 *8763 *8425 *6477	24	A2	AE	O-AP O-AP O-AP O-AP O-AP O-AP O-AP



## Concello de Vigo

RPT	Codg Servizo	POSTO	Nº PERSOAL	CD	GRUPO	ESC	SITCON
							V V V
1	212-Policía Local	INSPECTOR/A UD. PROTECCIÓN E INVESTIGACIÓN	*6478	24	A2	AE	O-AP
01	143-CONTABILIDADE	RESPONSABLE DE CONTABILIDADE ANALÍTICA E CUSTES DE SERV E ACTIVS.	*8939	28	A1	AG/AE	AP
01	210-MOBILID TRANSP E SEGURIDADE	XEFE/A DE SEGURIDADE	*8302	28	A1	AG	AP

### **13(862).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE MÚSICA CLÁSICA PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO “VII FESTIVAL INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 5068/330.**

Visto o informe xurídico de data 27/09/2023 e o informe de fiscalización do 06/10/2023, dáse conta do informe-proposta do 05/09/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **INFORME-PROPOSTA.-**

Con data de entrada na sede electrónica municipal 27 de xullo do 2023, a "Asociación de Música Clásica " presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do "VII Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo" do exercicio 2023; por este motivo, o día 29 de agosto do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 9.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.15 do orzamento municipal vixente.

#### **ANTECEDENTES.-**

A **ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais realizar actividades de promoción e difusión da música clásica en Galicia, contando con artistas nacionais e internacionais, e organizando actividades de proxección internacional; motivo polo que organizan neste ano 2023 o **VII FESTIVAL INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO”**.

#### **PROGRAMACIÓN:**

O "VII Concurso Internacional de Piano Ciudad de Vigo" tivo lugar do 28 de abril ao 2 de maio do 2023 conforme á programación que achega entidade que figura incorporada a este expediente.

A memoria económica que se achega, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 35.210,45 € (trinta e cinco mil douscentos dez euros con corenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 €
- Xunta de Galicia: 5.000 €
- Subvención AIE: 1.000 €
- Patrocinio dos Acordes: 1.500 €
- Achega da entidade: 18.710, 45 €

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Poliza do seguro de responsabilidade civil e certificación da compañía aseguradora de ter subscrito o seguro para cubrir o evento.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación de Música Clásica, para a organización do "VII Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo", obxecto deste, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación de Música Clásica deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.



## Concello de Vigo

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Música Clásica” ten como obxecto financiar a organización do “II Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo”, figurando na aplicación **3340.480.00.15** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 9.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Música Clásica” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia),

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 9.000 € (nove mil euros) á “Asociación de Música Clásica”, CIF. G-27813286, para o financiamento do “VII Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.15 “Subvención Concurso de Piano. ”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

#### 1.E de responsabilidade da Entidade :

- 1.A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- 2.A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión,

alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

2. Actuará como interlocutor única ante a CONCELLERÍA D. Pablo Galdo Vigo , presidente da entidade
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta póliza e certificación de pagamento do seguro de responsabilidade civil.

#### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.



## **Concello de Vigo**

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

## **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2023
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.





## Concello de Vigo

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

### Gastos subvencionables:

**Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2023 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei



## Concello de Vigo

Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(863).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN ILLADA NÚM. 2 (AA2) DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU 1993 PARA A REORDENACIÓN DO BARRIO DO CURA. EXPTE. 282/413.**

Dáse conta do informe-proposta de data 05/10/2023, asinado pola técnica de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión e a xefa do Departamento de Desenvolvemento, conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, e sometido ao Consello da Xerencia municipal de Urbanismo en data 10/10/2023, que di o seguinte:

I.- Con data do 23.07.2021, o Pleno do Concello de Vigo acordou, prestar aprobación con carácter definitivo á «Modificación puntual do PXOU/1993 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura» (Exp. 16980/411).

En cumprimento do disposto no amentado acordo plenario de aprobación definitiva, procedeuse a súa publicación no Diario Oficial de Galicia núm.160 do 20.08.2021, e das súas normas e ordenanzas no BOP núm.217 do 11.11.2021, polo que ten acadado plena eficiencia e executividade.

Mediante Resolución da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 29 de outubro de 2021, dispoñíase a inscrición da Modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana para a reordenación do ámbito do barrio do Cura, no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, da Sección II, do Libro I, Tomo I, folla rexistral núm. 47, co número de rexistro ROTPG/P/65/2021, de conformidade co disposto nos artigos 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo

de Galicia e 208 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

No devandito instrumento de ordenación, e de conformidade co previsto no artigo 103 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (en diante LSG) delimitase a actuación illada núm. 2- AA2- destinada a completar o viario e a zona verde prevista pola MP/PXOU 93 reordenación Barrio do Cura; a obtención dos terreos necesarios se realizará mediante a aplicación dos mecanismos previstos no artigo 129.1 da LSG e en similares termos no artigo 315.1 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, (en diante RLSG), para a obtención de terreos de sistemas xerais e locais no solo urbano consolidado mediante a expropiación forzosa.

II.- Trala achega polo equipo redactor de diferentes versións da documentación técnica integrante do presente proxecto,- en cumprimento de senllos requirimentos municipais á vista dos informes técnicos que obran no expediente electrónico de razón,- con data do 03.08.2023 a entidade Barrio do Cura Desenvolvemento, SL, insería no Rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, (Cod. Sol.: W954410-921 ; Doc. Núm. 230263195) documentación consistente en: Proxecto de expropiación por taxación conxunta do inmovible sito na Rúa Santa Marta núm. 36 de Vigo, correspondente á actuación illada núm. 2 (AA2) da Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo para a reordenación do Barrio do Cura, redactada conxuntamente pola avogada Carmen María Abuín Fernández (colexiada núm. 2942 do Ilustre colexio de avogados de Vigo) e o arquitecto César Álvarez Arines (colexiado núm. 2295 do Ilustre colexio de arquitectos de Galicia), de data 02 de agosto de 2023, que inclúe informe técnico de valoración elaborado polo arquitecto Germán Carballeira Martín o 23 de xaneiro de 2023 (colexiado núm. 2.747 do Ilustre colexio de arquitectos de Galicia).

III.- Tralo estudo da documentación que integra o presente expediente, con data do 09.08.2023 a arquitecta municipal xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, emite informe técnico favorable, do seguinte teor literal:

*“(…)INFORME TÉCNICO*

*Segundo a ordenación establecida na Modificación puntual resulta necesario a obtención dos terreos destinados a completar o viario e a zona verde prevista, e que actualmente están ocupados por unha edificación que resulta incompatible coa ordenación establecida. A obtención dos terreos realizase mediante a aplicación dos mecanismos previstos no artigo 129.1 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, en diante LSG, e 315.1 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, en diante RLSG, para a obtención de terreos de sistemas xerais e locais no solo urbano consolidado mediante a expropiación forzosa (A expropiación réxese polo artigo 117 e 118 da LSG e polos artigos 290, 291, 292 e 293 do RLSG) neste caso a Administración expropiante é o Concello de Vigo, a empresa beneficiaria da expropiación é BCD SLU, os titulares e interesados son os propietarios dos bens ou titulares dun dereito obxecto da expropiación (dereitos reais e interese económicos directos, arrendatarios) e o procedemento elixido é o de taxación conxunta.*

*I) INICIO DO PROCEDIMENTO*

*Prodúcese coa achega o pasado 8/07/2022 por parte de BCD SLU do “Proxecto de Expropiación por tasación conxunta del inmueble sito en la calle Santa Marta nº 36, Vigo, correspondiente a la Actuación Aislada nº 2 (AA2) da Modificación Puntual del PGOU, para la ordenación del ámbito del Barrio del Cura”*

*O 13/02/2023 ínstase mediante solicitude municipal ao Rexistro da Propiedade a expedición da certificación de dominio e cargas de todas as parcelas incluídas no ámbito obxecto da expropiación. A rexistradora con data 22/02/2023 e doc 230048488 expide a certificación e estende anotación expresiva*



## Concello de Vigo

do inicio do expediente segundo a lei hipotecaria. Non hai certificacións negativas, todas as parcelas obxecto da expropiación constan inscritas.

### II) DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA E NECESIDADE DE OCUPACIÓN

Dende o 23/07/2021 no que o Pleno do Concello aprobou definitivamente, a Modificación Puntual do PXOU de 1993 para a ordenación do Barrio do Cura, publicado no DOG n.º 160, de 20 de agosto de 2021 e BOP de 11 de novembro de 2021, no que integrase a AA nº 2, expte. 16980/411, está declarada a utilidade pública e a necesidade de ocupación da actuación, segundo o artigo 42.2 do RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana, en diante TRLSRU e o artigo 85.1 da LSG e o 202 do RLSC na que indicase que a aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico, implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fines da expropiación, cando ditos instrumentos habiliten para a súa execución e esta teña que producirse por expropiación.


### III) OBXECTO DA EXPROPIACIÓN

O obxecto da expropiación é a parcela situada na rúa Santa Marta, nº 36, con referencia catastral 2462057NG2726S, de 153,00m<sup>2</sup> de superficie, segundo o Catastro, na que existe unha edificación con división horizontal composta de semisoto, cunha vivenda, e catro plantas altas, con dúas vivendas por planta, o que fai un total de 9 inmobles.


Inmueble	Finca registral	Superficie registral	Referencia catastral	Superficie catastral
Sótano	68660	50 m <sup>2</sup>	2462057NG2726S0001KH	50 m <sup>2</sup>
Bajo derecha	68661	60 m <sup>2</sup>	2462057NG2726S0002LJ	66 m <sup>2</sup>
Bajo izquierda	68662	70 m <sup>2</sup>	2462057NG2726S0003BK	66 m <sup>2</sup>
Primero derecha	68663	60 m <sup>2</sup>	2462057NG2726S0004ZL	66 m <sup>2</sup>
Primero izquierda	68664	70 m <sup>2</sup>	2462057NG2726S0005XB	77 m <sup>2</sup>
Segundo derecha	68665	60 m <sup>2</sup>	2462057NG2726S0006MZ	66 m <sup>2</sup>
Segundo izquierda	68666	70 m <sup>2</sup>	2462057NG2726S0007QX	77 m <sup>2</sup>
Tercero derecha	68667	60 m <sup>2</sup>	2462057NG2726S0008WM	66 m <sup>2</sup>
Tercero izquierda	68668	70 m <sup>2</sup>	2462057NG2726S0009EQ	77 m <sup>2</sup>

#### Fincas da división horizontal do inmueble Santa Marta nº 36

A superficie da parcela, segundo a medición topográfica realizada, é de 193,82 m<sup>2</sup>, correspondentes a edificación e ao pequeno patio traseiro e no lateral noroeste, que será a utilizada nos cálculos do anexo de valoración.



Plano de información urbanística



Plano topográfico

#### IV) PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA

O prezo xusto dos bens e dereitos a expropiar realizarase polo procedemento de taxación conxunta, propio das actuacións no medio urbano, nun único expediente para todos os afectados, fronte a posibilidade dun expediente individualizado para cada un deles.

#### V) TITULARES E INTERESADOS

Segundo o artigo 291 do RLSG serán parte do expediente os propietarios dos bens, os titulares de dereito obxecto da expropiación, os titulares de dereitos reais sobre o obxecto expropiable, os arrendatarios e como interesados as persoas empadroadas no inmovible que non cumpran os requisitos anteriores. Consta no expediente informe da oficina de estatística de data 23/03/2023 na que relaciónanse as 12 persoas empadroadas no inmovible.

#### VI) CONTIDO DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA

O proxecto contén a documentación sinalada nos artigos 118 da LSG e 292 do RLSG para os proxectos de expropiación por taxación conxunta. A continuación relaciónanse os documentos indicando os apartados correlativos do proxecto achegado:

a) Delimitación do ámbito territorial, cos documentos que o identifiquen en canto a situación, superficie e lindes, coa descrición de bens e dereitos afectados e a relación das persoas titulares.

Apartado 2 Delimitación del ámbito. Apartado 3. Relación de bienes y derechos afectados. Apartado 5. Datos de titularidad de las fincas

b) Fixación de prezos, coa valoración razoada do solo, segundo a súa cualificación urbanística.

Apartado 6. Método de valoración. Apartado 10. Anexos. 10.1 Anexo 1. Valoración

c) Follas de xusto prezo individualizado de cada predio, nas cales se conterá non só o valor do solo, senón tamén o correspondente ás edificacións, obras, instalacións e plantacións.

Apartado 7. Hojas de aprecio de cada finca. Apartado 8. Valoración individual de las fincas.

Apartado 10. Anexos. 10.2 Anexo 2. Hojas de aprecio individualizadas de cada finca

d) Follas de xusto prezo que correspondan a outras indemnizacións.

Non existen polo de agora outras indemnizacións, a espera do que resulte da exposición ao público.

e) Plano de situación.

Apartado 9. Documentación gráfica. 9.1 Plano de situación

f) Plano de información urbanística.

Apartado 9. Documentación gráfica. 9.2 Plano de ordenación urbanística

g) Plano parcelario, con referencia a todos os elementos físicos afectados.

Apartado 9. Documentación gráfica. 9.3 Plano topográfico de la parcela, 9.4 Plano parcela de resultado P1, 9.5 Plano parcela de resultado P2

#### VII) VALORACIÓN

O apartado 10. Anexos. 10.1 Anexo 1. Valoración do proxecto de expropiación, contén o Informe de valoración dos inmovibles sitos en Santa Marta 36, redactado polo arquitecto Germán Carballeira Martín, colexiado n.º 2747 e asinado con data 23/01/2023 e axustados ao RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións de la Ley del Suelo, en diante RVLS



## Concello de Vigo

O método de valoración das parcelas edificadas, artigo 23 do RVLS, será o superior dos seguintes: taxación conxunta do solo e da edificación existente (método de comparación) artigo 24 do RVLS e valoración do solo sen considerar a edificación (método residual) artigo 22 do RVLS .

a) Método de comparación.

Para a valoración das parcelas edificadas aplícase o artigo 24 do RV: Tasación conxunta del suelo y la edificación por el método de comparación.

1. Cuando exista un conjunto estadísticamente significativo de transacciones reales o de ofertas cuyo número sea igual o superior a seis muestras comparables, la determinación del valor del inmueble por tasación conjunta, establecida en la letra a) del artículo anterior, se realizará por el método de comparación de mercado según lo dispuesto a continuación:

La selección de comparables, que tendrá como objetivo la identificación de testigos que permitan la determinación del valor, se llevará a cabo con un grado de certidumbre suficiente para establecer el valor de sustitución en el mercado del inmueble objeto de valoración. A tal efecto, en la selección de los comparables deberán tenerse en cuenta las siguientes condiciones de semejanza o equivalencia básica:

a) Localización.

b) Uso.

c) Configuración geométrica de la parcela.

d) Tipología y parámetros urbanísticos básicos.

e) Superficie.

f) Antigüedad y estado de conservación.

g) Calidad de la edificación.

h) Gravámenes o cargas que condicionen el valor atribuible al derecho de propiedad.

i) Fecha de toma de datos del comparable.

b) Método residual estático

El artículo 22 del RVLS dispone:

1. El valor en situación de suelo urbanizado no edificado, o si la edificación existente o en curso sea ilegal o se encuentre en situación de ruina física, se obtendrá aplicando a la edificabilidad de referencia determinada según lo dispuesto en el artículo anterior, el valor de repercusión del suelo según el uso correspondiente, de acuerdo con la siguiente expresión:

$$VS = \sum E_i \cdot VRS_i$$

Siendo:

VS = Valor del suelo urbanizado no edificado, en euros por metro cuadrado de suelo.

E<sub>i</sub> = Edificabilidad correspondiente a cada uno de los usos considerados, en metros cuadrados edificables por metro cuadrado de suelo.

VRS<sub>i</sub> = Valor de repercusión del suelo de cada uno de los usos considerados, en euros por metro cuadrado edificable

2. Los valores de repercusión del suelo de cada uno de los usos considerados a los que hace referencia el apartado anterior, se determinarán por el método residual estático de acuerdo con la siguiente expresión:

Siendo:

$$VRS = \frac{Vv}{K} - Vc$$

V

*RS = Valor de repercusión del suelo en euros por metro cuadrado edificable del uso considerado.*

*Vv = Valor en venta del metro cuadrado de edificación del uso considerado del producto inmobiliario acabado, calculado sobre la base*

*de un estudio de mercado estadísticamente significativo, en euros por metro cuadrado edificable.*

*K = Coeficiente que pondera la totalidad de los gastos generales, incluidos los de financiación, gestión y promoción, así como el beneficio empresarial normal de la actividad de promoción inmobiliaria necesaria para la materialización de la edificabilidad. Dicho coeficiente K, que tendrá con carácter general un valor de 1,40, podrá ser reducido o aumentado de acuerdo con los siguientes criterios:*

*a) Podrá reducirse hasta un mínimo de 1,20 en el caso de terrenos en situación de urbanizado destinados a la construcción de viviendas unifamiliares en municipios con escasa dinámica inmobiliaria, viviendas sujetas a un régimen de protección que fije valores máximos de venta que se aparten de manera sustancial de los valores medios del mercado residencial, naves industriales u otras edificaciones vinculadas a explotaciones económicas, en razón de factores objetivos que justifiquen la reducción del componente de gastos generales como son la calidad y la tipología edificatoria, así como una menor dinámica del mercado inmobiliario en la zona.*

*b) Podrá aumentarse hasta un máximo de 1,50 en el caso de terrenos en situación de urbanizado destinados a promociones que en razón de factores objetivos como puedan ser, la extraordinaria localización, la fuerte dinámica inmobiliaria, la alta calidad de la tipología edificatoria, el plazo previsto de comercialización, el riesgo previsible, u otras características de la promoción, justifiquen la aplicación de un mayor componente de gastos generales.*

*Vc = Valor de la construcción en euros por metro cuadrado edificable del uso considerado. Será el resultado de sumar los costes de ejecución material de la obra, los gastos generales y el beneficio industrial del constructor, el importe de los tributos que gravan la construcción, los honorarios profesionales por proyectos y dirección de las obras y otros gastos necesarios para la construcción del inmueble.*

*Todos los valores deberán estar referidos a la fecha que corresponda según el objeto de la valoración en los términos establecidos en el apartado 2 del artículo 21 del texto refundido de la Ley de Suelo.*

*3. En caso de parcelas que no se encuentren completamente urbanizadas o que tengan pendiente el levantamiento de cargas o el cumplimiento de deberes para poder realizar la edificabilidad prevista, se descontarán del valor del suelo determinado según el apartado 1 anterior la totalidad de los costes y gastos pendientes, así como el beneficio empresarial derivado de la promoción, de acuerdo con la siguiente expresión:*

$$VSo = VS - G \cdot (1 + TLR + PR)$$

Siendo:

*VSo = Valor del suelo descontados los deberes y cargas pendientes, en euros.*

*VS = Valor del suelo urbanizado no edificado, en euros.*

*G = Costes de urbanización pendientes de materialización y otros deberes y cargas pendientes, en euros.*

*TLR = Tasa libre de riesgo en tanto por uno.*

*PR = Prima de riesgo en tanto por uno.*





## Concello de Vigo

La tasa libre de riesgo, a los efectos de determinar el beneficio de la promoción en este Reglamento, será la última referencia publicada por el Banco de España del rendimiento interno en el mercado secundario de la deuda pública de plazo entre dos y seis años. En cuanto a la prima de riesgo, a los efectos de determinar el beneficio de la promoción en este Reglamento, se fijará en función de los usos y tipologías correspondientes atribuidos por la ordenación urbanística, tomando como referencia los porcentajes establecidos en el cuadro del Anexo IV de este Reglamento en función del tipo de inmueble sin que pueda ser superior al porcentaje que se determine para el coeficiente corrector K establecido en el apartado 2 anterior, incluida la propia prima de riesgo como sumando de la totalidad de los gastos generales”.

### c) Estudos de Mercado

Para o uso residencial pártese como estudo de mercado de comparación o proxecto promovido e os valores en venta que ofértanse a través da empresa “Gestilar” e testemuñas recollidas

### d) Valoración dos inmuebles

A valoración das parcelas é o resultado das descrições dos bens, que constan nos rexistros públicos, e o método de valoración empregado, que poderán ser matizadas ou corrixidas como resultado da exposición pública cos datos e documentos que os interesados aporten.

As valoración resúmese no seguinte cadro e os importes considéranse adecuados.

Inmueble	Propietario	Finca Registral	Valor suelo+ construcción construcción	Valor suelo	Valor tasación
Sótano	Mouriño Mogan, Javier; Vijande Cea, Marta	68660	73.938,94 €	96.128,72 €	96.128,72 €
Bajo derecha	Pérez López, Hugo Alberto	68661	94.666,65 €	132.176,99 €	132.176,99 €
Bajo izquierda	Gómez Lorenzo, María Rosa; Pazos Otero, Saturnino; Silva Vila, Sergio; Pazos Gómez, Ana María.	68662	108.092,11 €	144.193,08 €	144.193,08 €
Primero derecha	Jiménez Gómez, María Teresa	68663	91.837,26 €	132.176,99 €	132.176,99 €
Primero izquierda	Araujo Alonso, María Pilar	68664	104.861,44 €	144.193,08 €	144.193,08 €
Segundo derecha	André Alonso, Victorio; Lledo Castillo, Teresa	68665	89.007,86 €	132.176,99 €	132.176,99 €
Segundo izquierda	Pérez Costas, José Manuel; André Lorenzo, María Teresa	68666	101.630,78 €	144.193,08 €	144.193,08 €
Tercero derecha	Rodríguez Cosque, María Adelaida	68667	86.178,47 €	132.176,99 €	132.176,99 €
Tercero izquierda	Alonso Cea, Ángel; Hernández García Luisa	68668	98.400,08 €	144.193,08 €	144.193,08 €
			848.613,59 €	1.201.608,99€	1.201.608,99€

## VIII) OUTRAS INDEMNIZACIÓNS

Tal como sinala os artigos 20 da LSG, 30 do RLSG e o artigo 18 estatal RDL7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana os deberes vinculados á promoción das actuacións de transformación urbanística e as actuacións edificatorias inclúen:

e) garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precisen desalojar do inmueble situados dentro da área de actuación e constitúan súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a ele.

f) indemnizar aos titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións, plantacións e sementados que non podan conservarse

*En canto a garantir o dereito de realoxamento, non só contemplado na Lei, se non tamén no Convenio urbanístico de execución de planeamento entre o Concello de Vigo e Barrio do Cura, S.L.U. para o desenvolvemento da modificación puntual do "PXOU 1993" e do "PEPRI Casco Vello" no ámbito do "Barrio do Cura" na súa estipulación Segunda B) e Terceira B) 4.*


*No expediente inclúese informe de estatística de data 23/03/2023 no que constan as persoas empadroadas nos inmobles sobre os que probablemente existan dereitos de realoxamento e retorno, e que ao longo do procedemento, poderán acreditar que efectivamente a vivenda constitúe a súa residencia habitual e a ocupan legalmente. Tampouco se teñen en conta a indemnización pola extinción de arrendamentos ou instalacións, porque neste momento procedemental non se teñen documentado ditos feitos e que na fase de exposición pública podan aparecer.*

#### IX) PARCELAS DE RESULTADO

*Na aplicación do planeamento obtemos dúas parcelas de resultado:*

*P1 de 89,58m2. destinada a espazos libres e zonas verdes*

*P2 de 104,24m2. destinada a viario público*



Parcela de resultado P1



Parcela de resultado P2

#### X) PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN

*O proxecto de expropiación será aprobado inicialmente e exposto ao público polo prazo dun mes para que as persoas que puidesen resultar interesadas formulen as observacións ou reclamacións que estimen pertinentes, en particular, ao concerner a titularidade e valoracións dos seus respectivos dereitos. Inseriranse anuncios no DOG e un periódico dos de maior circulación da provincia. Realizaranse notificacións das taxacións individuais para os titulares de bens e dereitos que incluírán a correspondente folla de aprecio e os criterios de valoración para que podan presentar alegacións no prazo dun mes.*

#### XI) FOLLAS DE APRECIO

*No Anexo 2 recóllense as follas de aprecio individualizadas das nove fincas obxecto do expediente.*

#### XII) INTERESADOS

*Notificarase aos titulares das fincas rexistradas e as persoas empadroadas que constan no informe de estadística.(..)*



## Concello de Vigo

### II.FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

#### I. Normativa básica aplicable

- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
- A Modificación Puntual do PXOU de 1993 para a ordenación do Barrio do Cura, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello con data 23.07.2021 DOG n.º 160, de 20 de agosto de 2021 e BOP de 11 de novembro de 2021
- RD1093/1997, do 4 de xullo, de inscrición no rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019)
- O resto de disposicións que poidan afectar,

#### II.-Declaración de utilidade pública e necesidade urxente ocupación

A aprobación definitiva da Modificación puntual do PXOU 1993 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, do xeito e co resultado que se indicou nos antecedentes de feito, implica a declaración de utilidade pública, así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados, de conformidade co previsto no artigo 85.1 da LSG; Entre os bens e dereitos afectados se encontra o inmovible incluído na actuación illada núm. 2 (AA2) delimitada en solo urbano consolidado, necesaria para completar o viario e a zona verde prevista na ordenación proxectada.

Nos previos antecedentes de feito, deixouse constancia que é a propia Modificación Puntual do PXOU/93 Barrio do Cura, a que establece que, a obtención dos terreos necesarios realizarase mediante a aplicación dos mecanismos sinalados no artigo 129.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, ao dispor que: *Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais que teñan que implantarse en solo urbano consolidado, de núcleo rural ou rústico, e a sistemas locais en solo urbano consolidado e en solo de núcleo rural se obterán mediante expropiación forzosa, por convenio entre a administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do solo.*

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 117 e seguintes da LSG, o presente expediente tramítase polo procedemento expropiatorio por taxación conxunta (Art. 118 LSG).

Esta previsión da normativa urbanística galega debe cohonestarse coa normativa estatal, que contempla tamén -dun xeito similar- que a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística leva aparellada a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes (art. 42.2 do TRLSRU); tocante á habilitación para que a execución se realice por expropiación, basta remitirse

ao amentado art. 129.1 da LSG antes transcrito, que prevé a aplicación discrecional do procedemento expropiatorio como un dos sistemas de obtención do solo no que o planificador prevé a implantación de sistemas xerais.

### III.- Tramitación do Procedemento de Taxación Conxunta

A LSG (Art. 118) e en similares termos o artigo 291 e seguintes do RLS adócanse ao procedemento de expropiación por taxación conxunta. No mesmo se obriga a un contido mínimo e se dispón o procedemento de aprobación do mesmo.

No que atinxe ao cumprimento do dito contido mínimo, remitímonos integramente ao informe técnico favorable que obra no expediente de data 09.08.2023.

Tocante ao procedemento, (Artigos 118 e seguintes LSG, e en similares termos os artigos 293 e seguintes do RLSG) o proxecto de expropiación, con todos os documentos que o integran, será aprobado inicialmente polo órgano municipal competente e deberá ser sometido a un trámite de información pública durante un prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios no Diario oficial de Galicia e nun diario dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que puideran resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no concerner á titularidade ou valoracións dos seus respectivos dereitos. Así mesmo, as taxacións notificáranse individualmente ós que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, con traslado literal da folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración. Trala análise das alegacións presentadas, e a emisión do correspondente informe, procederáse á aprobación definitiva do expediente, implicando a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados (artigo 118 apartado 10 da LSG e no artigo 293 apartado 10 do RLSG).

### IV.- Necesidade de práctica da nota marxinal ao inicio do expediente expropiatorio no Rexistro da propiedade.

Tal e como se indicou no relato de feitos, e en cumprimento do solicitado mediante oficio do xerente de urbanismo do 13.02.2023, con data do 21.02.2023 (Doc. Núm. 230048488) tiña entrada no Rexistro electrónico desta XMU, comunicación do Rexistro da propiedade núm. 5 dos de Vigo, pola que se dá conta da práctica das notas marxinais as que se refire o apartado 2 do artigo 22 do RD1093/1997, do 4 de xullo, realizadas pola rexistradora María Teresa Ruiz de la Peña González con data do 17.02.2023.

### V.- Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local do Concello de Vigo (artigo 127.1.d) da LBRL), a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (arts. 10.1 d, 10.1.j) e 2.4.A.12 dos Estatutos da XMU, na súa versión consolidada, AD Pleno do Concello do 06.09.2010).

Por canto antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO: Prestar aprobación, con carácter inicial ao «*Proxecto expropiatorio do inmovible sito na Rúa Santa Marta núm. 36 de Vigo, correspondente á actuación illada núm. 2 (AA2) da Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo para a reordenación do Barrio do Cura*», que inclúe a documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con



## Concello de Vigo

data do 03.08.2023 (COD. SOL.: W954410-921 ; Doc. Núm. 230263195), redactada conxuntamente pola avogada Carmen María Abuín Fernández (colexiada núm. 2942 do Ilustre colexio de avogados de Vigo) e o arquitecto César Álvarez Arines (colexiado núm. 2295 do Ilustre colexio de arquitectos de Galicia), de data 02 de agosto de 2023, que inclúe informe técnico de valoración elaborado polo arquitecto Germán Carballeira Martín o 23 de xaneiro de 2023 (colexiado núm. 2.747 do Ilustre colexio de arquitectos de Galicia).

SEGUNDO.- Someter a información pública o presente expediente, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes, mediante a publicación de senllos anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e/ ou reclamación que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos, computándose o remate do referido prazo dende a data da publicación do anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría Xeral que ten atribuída a competencia.

TERCEIRO.- Notificar as taxacións de xeito individual a todas aquelas persoas que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, mediante traslado literal das correspondentes follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que formulen as alegacións que teñan convenientes no prazo dun mes a partir da súa debida notificación.

CUARTO: O contido íntegro do proxecto inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal#/,](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/) e no Portal de Transparencia.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Proposta de interposición de recurso de alzada contra a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, de data 22 de setembro de 2023, sobre aprobación do proxecto de iluminación da fachada da antiga estación de ferrocarril de Vigo. Expte. 52931/444.
- Convocatorias de convenio de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo para programas de Nadal 2023 e Cabalgata de Reis 2024. Expte. 9955/335

- .- Expediente de contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2024. Expte. 9932/335.
- .- Expediente de contratación de subministración dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de MUPIS municipais. Expte. 8449/104.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**15(864).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE ALZADA CONTRA A RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL DA XUNTA DE GALICIA, DE DATA 22 DE SETEMBRO DE 2023, SOBRE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ILUMINACIÓN DA FACHADA DA ANTIGA ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE VIGO. Expte. 52931/444.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/10/2023, asinado pola enxeñeira industrial, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1º.-** Con data 9 de xuño de 2023 incoouse expediente para a aprobación do proxecto de iluminación da fachada da antigüa estación de ferrocarril de Vigo; expediente ao que se incorporou, con data 15 de xuño seguinte, a memoria técnica, de maio de 2023, redactada pola enxeñeira industrial municipal dona Begoña Arranz González.

**2º.-** Solicitada autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural para a execución do proxecto, a directora xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, con data 22 de setembro de 2023, resolveu autorizar o proxecto coas seguintes condicións:



## Concello de Vigo

«Deberá empregarse unha iluminación sen cor e estudar a posibilidade de intensificar a iluminación nos ocios dende a parte interior da fachada, en congruencia coa funcionalidade que tivo a antiga estación de ferrocarril».

**3º.-** Disconformes os técnicos asinantes con tal condición propoñen a interposición de recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, con fundamento nas seguintes

### CONSIDERACIÓNS

**Primeira.-** A resolución que se recorre non está motivada: límtase a dicir que a iluminación debe ser sen cor, sen argumentación algunha que xustifique tal esixencia, sendo así que ao constituír o acto que recorremos un acto discrecional, a motivación do mesmo presentase moito máis necesaria, se cabe, so pena de provocar a absoluta indefensión do interesado. Como sinala o Tribunal Supremo, en sentenza 2382/2020 de 14/07/2020 «En todo caso, el ejercicio de tal potestad discrecional queda sujeta al deber general de motivar, conforme al artículo 35.1.i) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas» e en sentenza 1198/2019, respecto a elección dun determinado candidato par un posto de libre designación que «La motivación es adecuada si son bien visibles las razones, los criterios esenciales o fundamentales, por los que ha sido preferido un candidato frente a otros, razones reconducibles a mérito y capacidad» No presente caso a motivación será adecuada e suficiente se son visibles as razóns, os criterios esenciais polos que a iluminación proposta non é a adecuada para a iluminación da fachada da antigüa estación de Vigo e que esta iluminación debe ser sen cor; criterios que deben ser reconducibles á lex artis da materia.

**Segunda.-** A proposta de iluminación con posibilidade de distintos cores, que rexeita a resolución que se recorre en alzada, permite crear diferentes situacións de iluminación en función da ocasión ou evento que se pretende celebrar. Así, nas datas nas que se destacan internacionalmente problemas globais; problemas globais que se identifican con determinados cores, os gobernos nacionais adoitan recomendar a iluminación dos seus monumentos cos cores que identifican os ditos problemas globais dos que se quere concienciar a cidadanía e contra os que se quere loitar a nivel internacional de xeito coordinado, nomeando un día específico para tal fin a nivel mundial. Pénsese por exemplo no día internacional contra o cancro, que se identifica coa cor lavanda, se ben cada afección concreta se identifica con unha cor específica, como e a do cancro de mama, que se identifica coa cor rosa e ten reservado un día mundial para a loita contra o mesmo; o día internacional contra o cambio climático, que se identifica coa cor verde; o día internacional da muller que se identifica coa cor morada ou o día internacional contra o SIDA, que se identifica coa cor vermella, entre outros.

**Terceira.-** Porén é, que ademais, esta mesma iluminación que admite varios cores, que se rexeita pola directora xeral do Patrimonio Cultural, é a que teñen a xeralidade dos edificios públicos catalogados de interés cultural, precisamente para reflectir na súa iluminación a cor que identifica o problema global que o seu día internacional quere facer obxecto de especial atención. A prensa diaria, sobre todo a provincial e a local esta chea de noticias nas que se informa da iluminación dos seus edificios públicos, nos respectivos días internacionais, coas cores que identifican os problemas globais a que tales días se dedican.

Así, sen ir máis lonxe o edificio sede da Deputación Provincial de Pontevedra, tal e como se reflicte nas fotografías que se achegan a este escrito, ten unha iluminación que admite varios cores, sendo así que mentres o edificio da Deputación Provincial ten un grado de protección integral que require «a conservación íntegra dos bens e de todos os seus elementos e compoñentes nun estado o máis próximo posible ao orixinal desde a perspectiva de todos os valores culturais que conforman o interese do ben, respectando a súa evolución, transformacións e contribucións ao longo do tempo» a fachada da antiga estación de tren de Vigo goza tan só dunha protección ambiental: «a conservación dos aspectos máis visibles e evidentes dos bens que, a pesar de non presentar un interese individual destacable, conforman o ambiente dun lugar de forma homogénea y armoniosa».

O distinto tratamento de que son obxecto as iluminacións destas dúas edificacións en presenza da protección máis intensa que a Lei esixe ao edificio da Deputación Provincial constitúe unha discriminación inxustificada, contraria ao principio de igualdade que sanciona a Constitución.

**Cuarta.-** É competente para acordar a interposición do recurso de alzada a Xunta de Goberno Local, en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía neste órgano, por Decreto de 20 de xuño de 2023, BOPP, núm. 124 de 28 de xuño de 2023.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

Interpoñer, con fundamento nas consideracións que preceden, recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades contra a resolución da directora xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de 22 de setembro de 2023, que se identifica nos antecedentes deste acordo.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(865).- CONVOCATORIAS DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON EMPRESAS PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO PARA PROGRAMAS DE NADAL 2023 E CABALGATA DE REIS 2024. Expte. 9955/335**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 10/10/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:





## Concello de Vigo

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais.

Por outra banda, cada vez é máis habitual a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Neste senso o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades ás que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven proponendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

A estes efectos a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27/04/2023 prestou aprobación das bases reguladoras e convocatorias de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo (expte. nº 9707/335).

As bases reguladoras teñen por obxecto baixo o cumprimento dos principios de publicidade e concorrência establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral e que se concretan no seguintes programas (Anexo I das Bases):

### **1.- CABALGATA DE REIS**

### **2.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL**

### **3.-ENTROIDO**

### **4.-PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”**

### **5.- SAMAÍN**

A publicación das convocatorias con conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas está establecido na base SÉTIMA das bases reguladoras:

- Para o programa “**Actividades de Nadal**” o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- Para sendo para os programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

Procede a aprobación da convocatoria dos programas **NADAL 2023, CABALGATA DE REIS 2024**.

Polo polo exposto, previo informe xurídico, sométese á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación o seguinte **INFORME PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Aprobación da convocatoria do programa: “ **NADAL 2023 e CABALGATA DE REIS 2024**”

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo dos Programas “NADAL 2023, CABALGATA DE REIS 2024” no BOP de Pontevedra, taboleiro de edictos e páxina web do Concello de Vigo.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA PARA OS PROGRAMAS: “NADAL 2023” E “CABALGATA DE REIS 2024” DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO.

PRIMEIRO.- OBXECTO

A estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral organizadas polo Concello de Vigo, conforme as BASES REGULADORAS aprobadas pola Xunta de Goberno local o 27/04/2023 (expediente 9707/335, BOPPO n.º 111 de 09/06/2023) e convocatoria anual.

SEGUNDO.- ACTIVIDADES OBXECTO DE COLABORACIÓN

Poderán ser obxecto de colaboración as actividades municipais relacionados no **Anexo I** das BASES REGULADORAS:

1. CABALGATA DE REIS



## Concello de Vigo

### 2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL

#### TERCEIRO.- ENTIDADES COLABORADORAS

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incorridas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### CUARTO.- MODALIDADES DAS ACHEGAS

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como **en especie** nos supostos legalmente establecidos. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto de colaboración. Sempre que a actividade obxecto de colaboración o permitan, as achegas poderán proceder de varias entidades colaboradoras. En tales casos, cada entidade formalizará o seu respectivo convenio de colaboración segundo o modelo do **Anexo II** desta convocatoria.

#### QUINTO.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A publicación das convocatorias conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada unha das actividades, será no BOPPO e na páxina web municipal con arranxo ao calendario recollido na base SÉTIMA:

- Para o programa “**Actividades de Nadal**” o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- Para sendo para os programas “**Cabalgata de Reis**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de **15 días naturais** contados dende o día seguinte ao de publicación no BOP Pontevedra .

As propostas serán achegadas xunto coa instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto nesta convocatoria (**Anexo III**) e deberán recoller, a seguinte información:

- Razón social, CIF, enderezo, localidade, código postal.
- Nome do representante legal, DNI, teléfono de contacto, correo electrónico.
- Programa co que desexa colaborar.
- Modalidade da achega. En caso de achega monetaria a cuantificación e en caso de achega en especie, valoración económica.
- Memoria da proposta en caso de colaboración en especie.

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://se-de.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

## SEXTO.- LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN AS BASES E FORMULARIOS

As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados na páxina web municipal ([www.hoxevigo.org](http://www.hoxevigo.org)), e servizo de Festas dende o día da publicación no BOPPO.

## SÉTIMO.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS

Recibidas as propostas nos prazos da convocatorias procederase a avaliación das mesmas, así como da documentación presentada polos interesados. En caso de concorrencia de varias entidades, a prioridade determinarase de acordo aos criterios establecidos na base novena e de acordo coa puntuación establecida no punto sétimo da convocatoria anual.

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e pola Concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, que procederá ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidenta a Concelleira da área e como secretaria una técnica do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

### 1.- Avaliación para achegas monetarias: valoraranse con ata 10 puntos

- a) A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: valoraranse con ata 5 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: valoraranse con ata 2 puntos.
- c) Calidade técnica da publicidade: valoraranse con ata 2 puntos.
- d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.

### 2.- Avaliación para achegas en especie: valoraranse con ata 10 puntos

- a) A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: valoraranse con ata 4 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: valoraranse con ata 2 puntos
- c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: valoraranse se con ata 2 puntos
- d) Calidade técnica da publicidade: valoraranse con ata 1 punto
- e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: valoraranse con ata 1 punto



## Concello de Vigo

### **17(866).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS MUNICIPAIS PARA A CABALGATA DE REIS 2024.Expte. 9932/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 18/10/2023 e o informe de fiscalización do 19/10/23, dáse conta do informe-proposta de data 18/10/2023, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 29 de setembro de 2023, a concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do Servizo de deseño e produción de 5 carrozas para a Cabalgata de Reis 2024.

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 25 de maio de 2023.

- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2023".
- Programa Vigo en Festas 2023, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 2 de febreiro de 2023 (expediente 9631-335).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 16 de outubro de 2023.
- Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 16 de outubro de 2023.
- Memoria económica de data 29 de setembro de 2023, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 5 de outubro de 2023 (operación nº 202300182947-RC- e 202300182951RCFUT1).
- Memoria xustificativa, de data 16 de outubro de 2023, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Xustificación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
  - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**



## Concello de Vigo

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola técnica de administración xeral da área de Contratación e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, por motivos que garantan a libre concorrencia.

**Cuarto.-** Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

### PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de deseño e produción de cinco carrozas municipais que tomarán parte na Cabalgata de Reis 2024 coa temática “MAR E FANTASÍA”.*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 16 de outubro de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 17 de outubro de 2023 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 78.071,08, €, sendo o valor estimado do contrato de 64.521,56 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis).*

*O gasto correspondente a este expediente é de 78.071,08 euros, imputarase: ás seguintes aplicacións orzamentarias:*

- 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio por importe de 54.649,75 € (70% do importe do prezo de contrato) con cargo á bolsa de vinculación
- 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2024 por importe de 23.421,33 € (30% do importe do prezo de contrato).

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(867).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE XESTIÓN E DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN DO PARQUE DE MUPIS MUNICIPAIS. Expte. 8449/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o Informe xurídico do 18/10/2023 e o informe de fiscalización de data 17/10/2023, dáse conta do informe-proposta do 17/10/2023, asinado pola técnica en actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

#### **Antecedentes:**

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao





## Concello de Vigo

ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 13/03/23

- Memoria económica de data 14/09/23, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ao estudo realizado pola entidade ATI Galicia
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 18/09/23 (operacións Nº202300169672 e 202300169047).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 19/09/23
- Memoria xustificativa de data 19/09/23 relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
  - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación da fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 22/09/23
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 22/09/23

### **Fundamentos de dereito**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia

esta delegada por Resolucóns da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023.

A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 13/03/23 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

**Segundo.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), modificacións do contrato (artigo 207 da LCSP)

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

**Noveno.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª . 4 LCSP)



## Concello de Vigo

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de *SUBMINISTRACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE XESTIÓN E DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN DO PARQUE DE MUPIS MUNICIPAIS*.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 19/09/23 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 22/09/23 que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación.

**Tercero:** Aprobar o gasto polo importe máximo de licitación de **102.850,00 €** sendo o importe correspondente ao IVE de **17.850,00 €**  
O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.6090020" SINALIZACIÓN DIXITAL EN MUPIS DIXITAIS", da anualidade 2024

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(868).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE (RA 19/10/2023)  
M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego.